

## 4

CALIDADE DE VIDA  
E BENESTAR SOCIAL

---

4.1. Saúde

---

4.2. Pobreza e cohesión social

---

4.3. Cobertura social

---

4.4. Medio ambiente e desenvolvemento sostible

---

4.5. Ocio e cultura



## 4.1. Saúde

**A recente crise da covid-19 puxo á saúde como** principal preocupación da cidadanía e dos gobernos. A pandemia remite gracias as campañas de vacinación masiva, pero deixa ao descuberto deficiencias existentes, tanto de persoal como materiais, no conxunto do sistema sanitario.

O estudo da sanidade, como principal marcador da calidade de vida e do benestar social da poboación, parte, dende un punto de vista cuantitativo e estatístico, cunha breve referencia ao peso da sanidade nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2023. A continuación, a análise realízase tendo en conta en primeiro lugar indicadores de saúde propiamente ditos, presentando posteriormente indicadores de centros sanitarios, as doazóns e transplantes, e, por último analízase a evolución de indicadores de gasto sanitario público.

A análise orzamentaria do gasto sanitario para o ano 2023 está vinculada ao Plan Estratéxico de Galicia 2023-2030 aprobado en setembro de 2022. En concreto dentro do eixe 1 do devandito Plan: “Reto demográfico” se recolle o obxectivo de “Fortalecer unha

asistencia sanitaria accesible e de calidade (IV.1.4.), con máis de 5 mil millóns de euros previstos, sendo o programa de gasto máis importante en termos cuantitativos o 412A- Atención hospitalaria con 3.204,4 millóns de euros (**cadro 4.1.2.**).

As políticas de gasto que garanten a seguridade sanitaria e a asistencia son as que máis recursos concentran debido ao algo custo dos servizos prestados e á súa vocación universal. Estes servizos que se blindaron durante a crise gañando peso na estrutura de gasto mantéñense na actualidade debido a súa importancia para paliar os efectos da mesma nas persoas, nas familias e nos traballadores.

Os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia nas partidas de produción de bens públicos de carácter social, dedica, para o exercicio 2023, á sanidade 4.742,2 millóns de euros, importe un 8,3% superior ao orzamento homoxeneizado do ano anterior. Tendo en conta a clasificación funcional do gasto orzamentario e considerando ademais un horizonte temporal máis amplo, o **cadro 4.1.3.** mostra como o descenso dos recursos orzamentarios dedicados á sanidade (función 41) como

**Orzamento de gastos da Administración Xeral 2022-23.  
Producción de bens públicos de carácter social**

|                                                   | 2023             | 2022             | 23/22       |
|---------------------------------------------------|------------------|------------------|-------------|
|                                                   | (en miles de €)  |                  | (%)         |
| <b>Total</b>                                      | <b>7.927.673</b> | <b>7.425.871</b> | <b>6,8</b>  |
| <b>4.1 Sanidade</b>                               | <b>4.742.190</b> | <b>4.379.618</b> | <b>8,3</b>  |
| <b>4.2 Educación</b>                              | <b>2.783.587</b> | <b>2.684.485</b> | <b>3,7</b>  |
| <b>4.3 Cultura</b>                                | <b>104.459</b>   | <b>96.264</b>    | <b>8,5</b>  |
| <b>4.4 Deportes</b>                               | <b>44.072</b>    | <b>32.489</b>    | <b>35,7</b> |
| <b>4.5 Vivenda</b>                                | <b>125.627</b>   | <b>109.834</b>   | <b>14,4</b> |
| <b>4.6 Outros servizos comunitarios e sociais</b> | <b>127.739</b>   | <b>123.180</b>   | <b>3,7</b>  |

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

#### 4.1.1.

**Orzamento consolidado dentro da función 41.- Sanidade. Distribución por programas (1)**

|                                                | 2008                | 2013             | 2019             | 2020             | 2021             | 2022             | 2023             | 23/22      |
|------------------------------------------------|---------------------|------------------|------------------|------------------|------------------|------------------|------------------|------------|
|                                                | (en miles de euros) |                  |                  |                  |                  |                  |                  |            |
| <b>41.- Sanidade</b>                           | <b>3.638.876</b>    | <b>3.417.776</b> | <b>3.985.498</b> | <b>4.107.324</b> | <b>4.582.606</b> | <b>4.584.079</b> | <b>4.967.186</b> | <b>8,4</b> |
| 411A.- Dirección e servizos xerais de sanidade | 88.835              | 71.964           | 56.757           | 62.306           | 75.240           | 68.202           | 60.556           | - 11,2     |
| 412A.- Atención hospitalaria                   | 2.050.910           | 2.056.220        | 2.551.665        | 2.616.408        | 2.959.909        | 2.973.481        | 3.204.635        | 7,8        |
| 412B.- Atención primaria                       | 1.376.557           | 1.185.567        | 1.248.465        | 1.294.801        | 1.391.315        | 1.389.097        | 1.526.606        | 9,9        |
| 413A.- Protección e promoción da saúde pública | 78.049              | 58.478           | 75.954           | 78.569           | 96.720           | 90.798           | 106.368          | 17,1       |
| 414A.- Formación de graduados e postgraduados  | 44.525              | 45.547           | 52.657           | 55.240           | 59.422           | 62.501           | 69.021           | 10,4       |

(1) Datos extraídos dos orzamentos do ano de referencia

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

**Distribución do orzamento 2023 do PA.1.4. por programas de gasto**

|                                                                             | Importe              |             |
|-----------------------------------------------------------------------------|----------------------|-------------|
|                                                                             | (en euros)           | (% / total) |
| <b>PA.1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade</b> | <b>5.014.606.218</b> | <b>100</b>  |
| 212A - Protección civil e seguridade da comunidade autónoma                 | 30.000               | 0,001       |
| 411A - Dirección e servizos xerais de Sanidade                              | 60.007.363           | 1,20        |
| 412A - Atención hospitalaria                                                | 3.204.376.294        | 63,90       |
| 412B - Atención primaria                                                    | 1.526.606.064        | 30,44       |
| 413A - Protección e promoción da saúde pública                              | 106.367.976          | 2,12        |
| 414A - Formación de graduados e posgraduados                                | 69.021.300           | 1,38        |
| 441A - Promoción da actividade deportiva                                    | 42.456.669           | 0,85        |
| 561C - Investigación sanitaria                                              | 5.740.552            | 0,11        |

Fonte: Xunta de Galicia, *Orzamentos 2023*

#### 4.1.2.

consecuencia do impacto da crise económica (-1,1% de media anual acumulativa entre os anos 2008 e 2014) é superado polo incremento experimentado a partir de 2014, de tal xeito que o orzamento inicial dedicado en 2023 é un 36,5% superior ao dedicado en 2008.

Dentro da clasificación de bens públicos de carácter social (**cadro 4.1.2.**) a importancia relativa da sanidade

aumenta no último exercicio ata o 59,8% dos créditos totais, o que supón oito décimas máis que o previsto para o exercicio anterior. No que atinxe á distribución do gasto nos cinco programas integrados dentro da función 41.- Sanidade, o devandito **cadro 4.1.2.** mostra que o orzamento para os programas de Atención hospitalaria e atención primaria, programas 412A e 412B, ascenden a 3.204,6 e 1.526,6 millóns de euros, respec-

tivamente, o que implica incrementos interanuais do 7,8% e 9,9% respectivamente, representando conxuntamente estes dous programas o 95,2% do orzamento consolidado inicial para sanidade.

Tal e como se sinalou anteriormente, a atención hospitalaria, en base aos créditos recoñecidos no orzamento inicial de gasto, é o programa que dispón dun maior volume de recursos, concentrando o 64,5% dos recursos da sanidade no orzamento inicial, catro décimas menos que no orzamento de 2022, pero oito puntos porcentuais máis que o presupostado en 2008. A diferenza dos gastos para atención hospitalaria, os recursos para a atención primaria teñen un peso relativo en 2023 catro décimas por encima do ano anterior, máis segue lonxe do peso relativo do ano 2008 que era do 37,8% do orzamento consolidado para sanidade.

O programa de gasto de protección e promoción da saúde (413A), destinado a acadar un envellecemento activo e saudable, incrementa a súa partida económica un ano máis, cun 17,1% máis, para situarse nos 106,4 millóns de euros, o importe máis elevado rexistrado por este programa na serie analizada, incluso por riba do orzamentado para o ano 2021 no que se incluía o gasto de vacinación para a covid-19. A importancia relativa deste programa dentro da función 41.- Sanidade mantense nos últimos anos en torno ao 2% do total.

Atendendo á súa evolución dende o ano 2008, o programa que presentou o maior incremento tanto en termos relativos como absolutos é o da atención hospitalaria, cunha medra do 56,3% (1.328,3 millóns de euros), incremento moi inferior é o experimentado polo gasto dirixido á atención primaria, cunha medra do 10,9% entre os dous exercicios considerados (150 millóns de euros entre os orzamentos iniciais de 2008 e 2023).

### Indicadores de saúde

Segundo datos do Eurostar, España, xunto cos Países Baixos e Luxemburgo, é o país europeo onde a porcentaxe de poboación que reporta necesidades médicas

non satisfeitas é menor, non existindo ademais apenas diferenzas en función da renda; isto reflicte a elevada equidade do Sistema Nacional de Saúde. Mais cubrir as necesidades sanitarias obriga a unha cada vez maior dotación de recursos, fundamentalmente nos territorios con elevados niveis de envellecemento da poboación e por tanto cun maior gasto sanitario per cápita.

Por tanto dentro dos indicadores sanitarios, os indicadores demográficos básicos, recollidos no **cadro 4.1.3.**, aportan un punto de partida para a análise. Dunha banda, o 31,3% da poboación galega a 1 de xaneiro de 2022 tiña 65 anos ou máis, sendo esta porcentaxe oito puntos superior á rexistrada no conxunto do Estado (23,4%). O índice de envellecemento, definido como a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos, mostra que en 2022 residen en Galicia en torno a 168 persoas maiores de 64 anos por cada 100 menores de 20, fronte ás 105 de media en España.

Outro indicador relevante é a taxa de dependencia, que expresa a relación existente entre a chamada poboación dependente (menores de 16 e maiores de 64 anos) e a poboación produtiva (de 16 a 64 anos). A devandita taxa permite aproximar as necesidades futuras, para estimar o orzamento que deberá dedicarse a gasto en sanidade, pensións ou atención á dependencia. A medida que a taxa de dependencia se incrementa, aumenta a carga que supón para a parte produtiva da poboación soste-la á parte economicamente dependente. A taxa de dependencia aumenta en Galicia en maior medida que no conxunto do Estado, acadando en España un valor do 51% fronte ao 59,9% en Galicia.

Dada a estrutura da poboación, as zonas pouco poboadas (ZPP) de Galicia presentan unha taxa de dependencia moi superior á media galega e estatal, aumentando no último ano ata case o 72,4%. Por contra, as taxas máis reducidas rexístranse nas denominadas zonas intermedias de poboación, cun 54,2%, situándose esta porcentaxe no 57,5% no caso das zonas densamente poboadas. As taxas de dependencia en Galicia aumentan en todas as zonas poboacionais indistintamente de cal sexa a súa densidade poboacional.

## Indicadores demográficos básicos de Galicia e España 2022

|                     |                 | Galicia          | España            |
|---------------------|-----------------|------------------|-------------------|
| <b>Poboación</b>    |                 | <b>2.690.464</b> | <b>47.475.420</b> |
| menor de 15 anos    | [2]             | 304.746          | 6.564.052         |
| menor de 20 anos    | [3]             | 418.840          | 9.035.651         |
| entre 15 e 64 anos  | [4]             | 1.683.088        | 31.432.358        |
| 65 e máis anos      | [5]             | 702.630          | 9.479.010         |
| 85 e máis anos      | [6]             | 140.747          | 1.607.697         |
| <b>Índices (1)</b>  |                 |                  | (%)               |
| vellez              | [5] / [1]       | 26,1             | 20,0              |
| envellecemento      | [5] / [3]       | 167,8            | 104,9             |
| sobreenvellecemento | [6] / [5]       | 20,0             | 17,0              |
| dependencia xeral   | [(2)+(5)] / [4] | 59,9             | 51,0              |
| dependencia xuvenil | [3] / [4]       | 18,1             | 20,9              |
| dependencia senil   | [5] / [4]       | 41,7             | 30,2              |
| de recambio         | [2] / [5]       | 1,7              | 1,2               |

(1) notas sobre os índices

Vellez: relación entre a poboación maior de 65 anos e a poboación total;

Envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos;

Sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos; maiores de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

Dependencia xuvenil: relación entre a poboación nova (menores de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

Dependencia senil: relación entre a poboación maior (maiores de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

De recambio: relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos; , mide a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que van xubilando

Fonte: INE, *Estadística del padrón continuo*

## 4.1.3.

O saldo vexetativo negativo determina de xeito directo os niveis elevados de envellecemento da pirámide poboacional galega. No ano 2021 (último dato anual dispoñible), rexistráronse en Galicia un total de 14.787 nacementos, 460 menos que no ano anterior, e 32.853 falecementos (datos IGE: Movemento natural da poboación), o que supón 8 máis que no ano anterior. Tras esta evolución, Galicia mantense cun saldo vexetativo negativo de -18.066 fronte aos -17.598 do ano anterior. Galicia rexistra no último ano 450,1 nacementos por cada 1.000 defuncións, situándose como terceira con peor indicador, só tras Castela e León (446,94 nacementos x 1.000 defuncións) e Asturias (357,97).

O número de defuncións por cada 1.000 habitantes, isto é a taxa bruta de mortalidade, situouse en Galicia nas 12,21 defuncións por cada 1.000 habitantes, o que a sitúa nese ano como a terceira Comunidade Autónoma coa taxa máis elevada, tras Asturias (13,25) e Castela e León (12,31), moi lonxe das 9,49 defuncións por cada 1.000 habitantes de media no conxunto do Es-

tado. O elevado envellecemento da poboación en Galicia condiciona a súa elevada taxa bruta de mortalidade.

Segundo datos do INE, entre as causas de morte, destacan as relacionadas co sistema circulatorio, provocando o 29,2% das defuncións, seguidas dos tumores, que causan o 25,8% das mortes. En termos relativos, Galicia presenta unha taxa de mortalidade de 227,95 falecidos a causa de tumores por 100.000 habitantes, o que a sitúa por riba da media nacional (221,68 falecidos x cen mil hb.) e no noveno posto entre as comunidades con menores taxas. No que respecta ás enfermidades do sistema circulatorio, a taxa de mortalidade en Galicia é de 215,23 falecidos por cen mil habitantes, por riba novamente da media estatal (213,8), a oitava taxa máis elevada das dezasete Comunidades Autónomas.

No ano 2021, as enfermidades infecciosas e parasitarias, entre as que se atopa a covid, constitúen a terceira

## Defuncións en Galicia e España 2020-21: distribución segundo causa

|                | Total          | Infecciosas e parasitarias | Covid-19 Virus identificado | Covid-19 Virus sospeitoso (1) | Tumores        | Sistema circulatorio | Sistema Respiratorio | Sistema dixectivo | Outras causas |
|----------------|----------------|----------------------------|-----------------------------|-------------------------------|----------------|----------------------|----------------------|-------------------|---------------|
| <b>2021</b>    |                |                            |                             |                               |                |                      |                      |                   |               |
| <b>Galicia</b> | <b>32.853</b>  | <b>1.954</b>               | <b>1.529</b>                | <b>28</b>                     | <b>8.464</b>   | <b>9.581</b>         | <b>2.885</b>         | <b>1.589</b>      | <b>6.823</b>  |
| A Coruña       | 13.283         | 883                        | 716                         | 17                            | 3.354          | 3.947                | 1.254                | 623               | 2.489         |
| Lugo           | 5.019          | 211                        | 138                         | 1                             | 1.188          | 1.582                | 425                  | 248               | 1.226         |
| Ourense        | 4.695          | 241                        | 186                         | 4                             | 1.171          | 1.428                | 406                  | 253               | 1.006         |
| Pontevedra     | 9.856          | 619                        | 489                         | 6                             | 2.751          | 2.624                | 800                  | 465               | 2.102         |
| <b>España</b>  | <b>450.744</b> | <b>46.001</b>              | <b>39.444</b>               | <b>595</b>                    | <b>113.662</b> | <b>119.196</b>       | <b>35.543</b>        | <b>22.563</b>     | <b>73.740</b> |
| <b>2020</b>    |                |                            |                             |                               |                |                      |                      |                   |               |
| <b>Galicia</b> | <b>32.845</b>  | <b>1.976</b>               | <b>1.512</b>                | <b>91</b>                     | <b>8.485</b>   | <b>9.508</b>         | <b>3.145</b>         | <b>1.546</b>      | <b>6.582</b>  |
| A Coruña       | 12.873         | 811                        | 621                         | 43                            | 3.317          | 3.852                | 1.236                | 592               | 2.401         |
| Lugo           | 5.093          | 235                        | 163                         | 10                            | 1.178          | 1.602                | 492                  | 249               | 1.164         |
| Ourense        | 5.108          | 397                        | 328                         | 18                            | 1.203          | 1.479                | 524                  | 251               | 908           |
| Pontevedra     | 9.771          | 533                        | 400                         | 20                            | 2.787          | 2.575                | 893                  | 454               | 2.109         |
| <b>España</b>  | <b>493.776</b> | <b>80.796</b>              | <b>60.358</b>               | <b>14.481</b>                 | <b>112.741</b> | <b>119.853</b>       | <b>42.423</b>        | <b>21.565</b>     | <b>41.559</b> |

(1) Síntomas compatibles ca enfermidade (COVID19 virus non identificado)

Fonte: INE, Defunciones según la causa de muerte

## 4.1.4.

## Defuncións segundo a causa da morte 2021

|                                                              | Galicia      |            | Galicia/España |  |
|--------------------------------------------------------------|--------------|------------|----------------|--|
|                                                              | (%)          |            | (%)            |  |
| <b>Causas externas de mortalidade</b>                        | <b>1.440</b> | <b>100</b> | <b>8,6</b>     |  |
| Accidentes de tráfico                                        | 123          | 8,5        | 7,7            |  |
| Outros accidentes de transporte                              | 13           | 0,9        | 4,5            |  |
| Caidas accidentais                                           | 347          | 24,1       | 9,5            |  |
| Afogamento, sumersión e sofocación accidentais               | 356          | 24,7       | 10,2           |  |
| Accidentes por lume, fume e sustancias quentes               | 13           | 0,9        | 6,4            |  |
| Envenenamento accidental por psicofármacos e drogas de abuso | 80           | 5,6        | 8,3            |  |
| Outros envenenamentos accidentais                            | 7            | 0,5        | 4,4            |  |
| Outros accidentes                                            | 128          | 8,9        | 6,8            |  |
| Suicidio e lesións autoinflixidas                            | 337          | 23,4       | 8,4            |  |
| Agresións (Homicidio)                                        | 13           | 0,9        | 4,6            |  |
| Eventos de intención non determinada                         | 3            | 0,2        | 4,9            |  |
| Complicacións da atención médica e cirúrxica                 | 8            | 0,6        | 6,0            |  |
| Outras causas externas e os seus efectos tardíos             | 12           | 0,8        | 11,4           |  |

Fonte: INE, Defunciones según la causa de muerte

## 4.1.5.

causa de morte en España, ao representar o 10,2% dos falecementos (8,7% por covid identificado), catro puntos porcentuais máis do que significa en Galicia. En concreto en Galicia, as enfermidades infecciosas e parasitarias son a cuarta causa de falecemento, co 5,9% do total, correspondendo un 4,7% á covid.

Centrándonos nas defuncións causadas polo coronavirus, os datos do INE reflicten que un total de 1.529 per-

soas faleceron en Galicia no ano 2021 por covid-19, identificado e 28 por covid-19 sospeitoso. Unha vez deixado atrás o peor da pandemia, compre falar de taxas de morbilidade da covid, isto é de persoas que enferman por esa causa en un territorio en un momento determinado. Neste senso, Galicia presenta en 2021 un total de 332 persoas diagnosticadas de covid por cada 100.000 habitantes, a segunda taxa máis baixa do conxunto do Estado, moi por debaixo da media es-

## Suicidios segundo sexo e Comunidade Autónoma de residencia 2020-21

|                      | 2021         |              |              | 2020         |              |              |
|----------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
|                      | Homes        | Mulleres     | Total        | Homes        | Mulleres     | Total        |
| Andalucía            | 661          | 188          | 849          | 576          | 217          | 793          |
| Aragón               | 87           | 27           | 114          | 69           | 33           | 102          |
| Asturias             | 90           | 40           | 130          | 89           | 33           | 122          |
| Baleares             | 67           | 22           | 89           | 71           | 16           | 87           |
| Canarias             | 169          | 61           | 230          | 159          | 49           | 208          |
| Cantabria            | 40           | 8            | 48           | 34           | 12           | 46           |
| Castela e León       | 168          | 68           | 236          | 177          | 51           | 228          |
| Castela-A Mancha     | 137          | 32           | 169          | 147          | 33           | 180          |
| Cataluña             | 435          | 141          | 576          | 414          | 142          | 556          |
| C. Valenciana        | 299          | 104          | 403          | 317          | 123          | 440          |
| Extremadura          | 63           | 18           | 81           | 79           | 13           | 92           |
| Galicia              | 228          | 109          | 337          | 219          | 86           | 305          |
| Madrid               | 253          | 95           | 348          | 258          | 115          | 373          |
| Murcia               | 94           | 29           | 123          | 101          | 21           | 122          |
| Navarra              | 38           | 22           | 60           | 32           | 12           | 44           |
| País Vasco           | 106          | 41           | 147          | 135          | 44           | 179          |
| A Ríoxa              | 18           | 6            | 24           | 21           | 8            | 29           |
| Ceuta e Melilla      | 5            | 3            | 8            | 7            | 1            | 8            |
| Estranxeiro          | 24           | 7            | 31           | 25           | 2            | 27           |
| <b>Total</b>         | <b>2.982</b> | <b>1.021</b> | <b>4.003</b> | <b>2.930</b> | <b>1.011</b> | <b>3.941</b> |
| Galicia / España (%) | 7,6          | 10,7         | 8,4          | 7,5          | 8,5          | 7,7          |

Fonte: INE, *Estadísticas de defunciones según la causa de muerte*

## 4.1.6.

tatal que foi de 510 diagnósticos por cada 100.000 habitantes.

O **cadro 4.1.5.** presenta datos das denominadas causas externas de morte, entendidas como aquelas que teñen a súa orixe en accidentes, violencia, acontecementos ambientais ou envelenamento, entre outras. Segundo o número de decesos en Galicia destacan os afogamentos, sumersións e sofocación accidentais, con 356 defuncións en 2021, o 24,7% do total de 1.440 falecidos en Galicia por causas externas (20,8% en España), as caídas accidentais e os suicidios e lesións autoinflixidas, con 347 e 337 defuncións respectivamente, son a segunda e terceira causa externa de morte en Galicia. No ano 2021 rexistráronse en Galicia o 10,2% dos afogamentos, o 9,5% das caídas accidentais e o 8,4% dos suicidios totais do Estado.

Galicia é a quinta Comunidade Autónoma con máis suicidios en 2021, por detrás de Andalucía, Cataluña, C. Valenciana e Madrid, todas comunidades con niveis moito máis elevados de poboación. Dos 337 suicidios contabilizados en Galicia, 228 foron homes e 109 mulleres, o que supón que 3,2 de cada dez persoas que se

suicidan en Galicia son mulleres, fronte ás 2,5 de media no Estado.

Un ano máis en 2021 increméntase o número de suicidios, tanto en Galicia como en España, en Galicia rexístranse 32 suicidios máis que en 2020 (10,5% máis), 9 homes e 23 mulleres máis. En termos relativos o incremento no número de suicidios en Galicia é moi superior ao incremento medio estatal (1,6%).

Case sete de cada dez suicidios que se producen en Galicia en 2021 son de homes, e atendendo á desagregación segundo os distintos grupos de idade, a maior porcentaxe dos 337 suicidios rexistrados en Galicia, corresponde nese ano ás persoas cunha idade comprendida entre 75 e 79 anos, con 36 suicidios (10,8% do total galego), seguido polas persoas entre 50 e 54, con 35 casos (10,5%). No que respecta ao colectivo de persoas maiores de 80 anos, cómpre destacar os 25 suicidios de persoas entre 80 e 84 anos, así como os 21 suicidios rexistrados en persoas entre 85 e 89 anos de idade.

No que respecta á saúde materno-infantil, no ano 2021



## Centros sanitarios 2023: distribución provincial e segundo Estruturas de Xestión Integrada

| Áreas Sanitarias                      | Atención primaria |                  |                     | Atención Especializada    |                                        |
|---------------------------------------|-------------------|------------------|---------------------|---------------------------|----------------------------------------|
|                                       | Zonas básicas     | Centros de saúde | Consultorios locais | Número total de hospitais | Hospitais dependencia funcional Sergas |
| <b>A Coruña</b>                       | <b>93</b>         | <b>133</b>       | <b>29</b>           | <b>12</b>                 | <b>5</b>                               |
| Área Sanitaria Coruña-Cee             | 36                | 59               | 12                  |                           |                                        |
| Área Sanitaria Ferrol                 | 20                | 25               | 5                   |                           |                                        |
| Área Sanitaria Santiago-Barbanza      | 37                | 49               | 12                  |                           |                                        |
| <b>Lugo</b>                           | <b>67</b>         | <b>73</b>        | <b>11</b>           | <b>5</b>                  | <b>3</b>                               |
| Área Sanitaria Lugo-A Mariña-Monforte | 67                | 73               | 11                  |                           |                                        |
| <b>Ourense</b>                        | <b>92</b>         | <b>99</b>        | <b>7</b>            | <b>5</b>                  | <b>3</b>                               |
| Área Ourense-Verín-O Barco            | 92                | 99               | 7                   |                           |                                        |
| <b>Pontevedra</b>                     | <b>62</b>         | <b>95</b>        | <b>19</b>           | <b>11</b>                 | <b>3</b>                               |
| Adscritos Área de Santiago            | 9                 | 12               | 2                   |                           |                                        |
| Área Sanitaria Pontevedra-Salnés      | 27                | 38               | 9                   |                           |                                        |
| Área Sanitaria Vigo                   | 26                | 45               | 8                   |                           |                                        |
| <b>Total</b>                          | <b>314</b>        | <b>400</b>       | <b>66</b>           | <b>33</b>                 | <b>14</b>                              |

[actualización a 31/12/2022]

Fonte: Ministerio de Sanidad

## 4.1.7.

descende a taxa de mortalidade infantil ata as 2,3 defuncións por cada mil nacidos vivos (2,69 no ano anterior), sendo inferior á taxa media estatal que no ano 2021 foi de 2,54 defuncións por cada mil nacidos vivos. En comparación co resto das CC.AA., tras o importante incremento do último ano Galicia sitúase xunto a Asturias e a Comunidade Valenciana coa mesma taxa, no cuarto posto das Comunidades coas taxas de mortalidade infantil máis reducidas.

En relación á taxa de interrupción voluntaria do embarazo (IVE), no ano 2021 (último dato dispoñible) continúa en Galicia a tendencia descendente do número de interrupcións por cada mil mulleres entre 15 e 44 anos. No último ano rexistráronse en Galicia un total de 5,37 interrupcións fronte ás 5,71 interrupcións do ano anterior. Este dato sitúa a Galicia un ano máis como a Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida, moi por baixo da taxa media no conxunto do Estado que aumenta levemente ata as 10,7 interrupcións no último ano (10,33 interrupcións en 2020).

Finalmente, os datos proporcionados polo Rexistro Nacional de Casos de SIDA reflicten que, segundo as notificacións recibidas no ano 2021, diagnosticáronse en


Galicia 129 novos casos de SIDA (105 no ano anterior), o que representa o 4,6% do total estatal, nove décimas menos que en 2020.

## Indicadores de centros sanitarios

Dentro dos indicadores básicos do funcionamento e eficiencia dun sistema sanitario destacan os referidos aos centros sanitarios, tanto desde un punto de vista cuantitativo de recursos materiais e humanos, como cualitativo en canto á evolución das listas de agarda.

O sistema galego de saúde estrutúrase en áreas de xestión integradas, que á súa vez se subdividen en zonas básicas de saúde, que son o marco territorial da atención primaria. Como se reflicte no **cadro 4.1.7.**, Galicia conta con sete áreas sanitarias. No que respecta aos distintos niveis de atención, o nivel asistencial que representa a entrada ao sistema sanitario é a atención primaria, sendo os centros de saúde os dispositivos asistenciais principais. Segundo os datos publicados polo Ministerio de Sanidade, Galicia conta con 400 centros de saúde e 66 consultorios locais. En canto á atención especializada, que se presta en centros de especialidade e en hospitais, Galicia dispón de 33 hos-


Camas nos hospitais galegos 2008-22 <sup>(1)</sup>



(1) os datos de camas corresponden a 31 de decembro do ano anterior  
Fonte: IGE, Sanidade

#### 4.1.8.

Persoal sanitario 2008-21 <sup>(1)</sup>



(1) datos a 31 de decembro de cada ano.

(2) Non existen datos de número de pediatras nin de profesionais de atención primaria para os anos 2009 e 2011. Co obxecto de non distorsionar o gráfico e dada a estabilidade da serie tomamos para os anos 2009 e 2011 os datos rexistrados no ano anterior

Fonte: IGE, Sanidade

#### 4.1.9.

### Persoal sanitario colexiado (non xubilado) nas CC.AA. 2022

|                  | Médicos                             | Enfermeiros  | Enfermeiros-<br>especialidade<br>matrona                   | Dentistas                           | Farmaceuticos |
|------------------|-------------------------------------|--------------|------------------------------------------------------------|-------------------------------------|---------------|
|                  | (colexiados por 100.000 habitantes) |              | (colexiados por 100.000<br>mulleres entre 15 e 49<br>anos) | (colexiados por 100.000 habitantes) |               |
| Andalucía        | 441,9                               | 487,8        | 59,0                                                       | 74,4                                | 148,1         |
| Aragón           | 571,4                               | 721,1        | 102,4                                                      | 71,1                                | 129,0         |
| Asturias         | 548,9                               | 706,6        | 46,8                                                       | 88,4                                | 132,9         |
| Baleares         | 458,2                               | 578,8        | 81,8                                                       | 67,3                                | 104,9         |
| Canarias         | 494,6                               | 696,7        | 60,9                                                       | 64,0                                | 140,9         |
| Cantabria        | 547,6                               | 660,7        | 101,1                                                      | 72,3                                | 131,1         |
| Castela e León   | 522,3                               | 722,4        | 113,1                                                      | 65,6                                | 163,3         |
| Castela-A Mancha | 402,3                               | 620,1        | 74,6                                                       | 46,2                                | 134,9         |
| Cataluña         | 498,6                               | 654,5        | 56,1                                                       | 79,5                                | 136,1         |
| C. Valenciana    | 471,3                               | 554,4        | 70,8                                                       | 84,7                                | 149,0         |
| Extremadura      | 497,6                               | 694,3        | 84,7                                                       | 61,1                                | 148,6         |
| Galicia          | 473,4                               | 509,9        | 92,3                                                       | 85,2                                | 184,3         |
| Madrid           | 623,7                               | 668,6        | 85,4                                                       | 133,7                               | 201,3         |
| Murcia           | 488,9                               | 470,7        | 77,9                                                       | 83,0                                | 122,1         |
| Navarra          | 561,9                               | 889,1        | 120,6                                                      | 58,4                                | 214,5         |
| País Vasco       | 574,4                               | 799,9        | 133,7                                                      | 87,3                                | 154,7         |
| A Rioxa          | 473,7                               | 645,5        | 92,0                                                       | 75,9                                | 136,0         |
| Ceuta            | 387,0                               | 707,4        | 86,7                                                       | 53,2                                | 107,6         |
| Melilla          | 342,7                               | 758,6        | 136,6                                                      | 51,5                                | 110,3         |
| <b>Total</b>     | <b>504,8</b>                        | <b>617,8</b> | <b>76,2</b>                                                | <b>83,6</b>                         | <b>153,8</b>  |

Fonte: INE, *Estadística de Profesionales Sanitarios Colegiados*

#### 4.1.10.

pitais, dos que 14 dependen funcionalmente do Servizo Galego de Saúde.

Tal como se observa no **gráfico 4.1.8.**, en 2022 aumenta lixeiramente o número de camas instaladas nos hospitais galegos, con 9.818 camas instaladas, 51 máis que no ano anterior, o que representa 3,65 camas por cada mil habitantes.

Xunto cos indicadores de número de centros e camas instaladas, dentro dos indicadores que permiten valorar o funcionamento do sistema sanitario, é fundamental ter en conta o concernente aos recursos humanos. Segundo os datos publicados polo IGE, o número de profesionais integrados no modelo de atención primaria do Sergas a 31 de decembro de 2021 ascendía a 7.594 persoas, das que 2.665 son médicos e 2.316 ATS-DUE. En termos relativos, tal como se mostra no **gráfico 4.1.9.**, Galicia conta con 2,8 profesionais de atención primaria por casa 1.000 habitantes, e un pediatra por cada 1.000 nenos menores de 14 anos.

No ano 2022 exerceron en Galicia 473,4 médicos e 509,9 profesionais de enfermería por cada 100.000 habitantes, **cadro 4.1.10.**, por debaixo en ambos casos da media estatal, que se sitúa en 504,8 médicos e 617,8 enfermeiros/as por cada 100.000 habitantes.

Os datos presentados nos **cadros 4.1.11. e 4.1.12.** rexistran o número de profesionais en atención primaria e especializada en termos de medias diarias, o que permite evitar o sesgo provocado pola estacionalidade das contratacións en períodos onde se incrementan as patoloxías ou en períodos vacacionais. En Galicia exercen de media diariamente 2.512 médicos de familia e 2.860 enfermeiros/as no ano 2022, en ámbolos dous casos datos lixeiramente superiores aos do ano 2021. No que respecta á atención especializada, continúa o incremento do persoal facultativo, exercendo diariamente unha media de 5.298 persoas e outros 1.751 facultativos en formación.

Dentro dos indicadores de eficiencia do sistema sani-

**Recursos humanos en atención primaria 2021-22:  
distribución por categoría profesional <sup>(1)</sup>**

|                               | 2022         | 2021         |
|-------------------------------|--------------|--------------|
| Enfermeiro/a                  | 2.860        | 2.855        |
| Medico de familia             | 2.512        | 2.509        |
| Persoal servizos xerais       | 1.502        | 1.454        |
| Grupo auxiliar funcion admva. | 333          | 357          |
| Tec. coidados aux. enfermaria | 320          | 311          |
| Celador/a                     | 312          | 328          |
| Pediatra a.p.                 | 295          | 287          |
| Fisioterapeuta                | 215          | 192          |
| Matron/a                      | 182          | 177          |
| Odontologo/a a.p.             | 122          | 119          |
| Tecnico superior especialista | 113          | 119          |
| Traballador/a social          | 106          | 99           |
| Farmacéutico/a a.p.           | 101          | 78           |
| Dietista-nutricionista        | 95           | -            |
| <b>Total</b>                  | <b>9.218</b> | <b>9.027</b> |

(1) medias diarias  
Fonte: SERGAS

## 4.1.11.

**Atención especializada 2014-22 <sup>(1)</sup>: evolución do persoal facultativo e do persoal en formación**

|                                    | 2014  | 2015  | 2016  | 2017  | 2018  | 2019  | 2020  | 2021  | 2022  |
|------------------------------------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| <b>Persoal facultativo</b>         | 4.617 | 4.653 | 4.757 | 4.835 | 4.901 | 5.002 | 5.149 | 5.245 | 5.298 |
| <b>Persoal en formación (2)(3)</b> | 1.064 | 1.048 | 1.029 | 1.371 | 1.399 | 1.430 | 1.357 | 1.552 | 1.751 |

(1) Medias diarias

(2) Inclúe a licenciados e diplomados sanitarios en AE e AP

(3) A baixada en 2020 débese á toma de posesión extemporánea por causa da COVID.

Fonte: SERGAS

## 4.1.12.


tario destaca a evolución das listas de agarda e do tempo medio que teñen que agardar os pacientes para seren operados. A expansión da covid-19 provocou que no conxunto do ano 2020 se rachase a tendencia decrecente do tempo medio de agarda para unha operación cirúrxica iniciada en 2013, presentando nese ano unha medra interanual de 18 días. Este incremento continuou no ano 2021, retomando a tendencia descendente no ano 2022, de xeito que a 31 de decembro dese ano o tempo medio de agarda para o conxunto dos centros sanitarios ascende a 75,4 días, case dous

días menos que no ano anterior. No H. Povisa, o tempo de espera aumenta levemente ata os 64,7 días (64,4 días na mesma data de 2021).

A redución do tempo de agarda non se acompaña cunha redución paralela do número de persoas afectadas, así o número de persoas en lista de espera cirúrxica estrutural no Servizo Galego de Saúde (incluído H. Povisa) ascende no último ano ata as 46.161 persoas, **cadro 4.1.14.**, o que supón unha medra de case tres mil persoas respecto ao ano anterior (6,9%); en concreto,

Lista de espera estrutural cirúrxica 2022 <sup>(1)</sup>

|                                 | Total         | 0-3 meses     | 3-6 meses    | 6-12 meses   | máis 12 meses | Tempo medio de espera<br>(en días) |
|---------------------------------|---------------|---------------|--------------|--------------|---------------|------------------------------------|
| <b>Total centros Sergas</b>     | <b>43.544</b> | <b>30.659</b> | <b>9.867</b> | <b>2.857</b> | <b>161</b>    | <b>75,4</b>                        |
| A.S. A Coruña - Cee             | 9.394         | 5.930         | 2.812        | 557          | 95            | 83,9                               |
| A.S. Santiago - Barbanza        | 9.120         | 5.755         | 2.208        | 1.157        | -             | 88,6                               |
| A.S. Ferrol                     | 2.651         | 2.139         | 354          | 129          | 29            | 65,3                               |
| A.s. Lugo - A Mariña - Monforte | 4.472         | 3.636         | 714          | 122          | -             | 58,1                               |
| A.S. Ourense - Verín - O Barco  | 4.933         | 3.851         | 688          | 360          | 34            | 69,6                               |
| A.S. Pontevedra - Salnés        | 4.284         | 3.460         | 543          | 278          | 3             | 61,6                               |
| A. S. Vigo                      | 8.690         | 5.888         | 2.548        | 254          | -             | 74,2                               |
| <b>Hospital Povisa</b>          | <b>2.617</b>  | <b>1.787</b>  | <b>765</b>   | <b>65</b>    | <b>-</b>      | <b>64,7</b>                        |

Tempo medio de espera 2008-22 <sup>(2)</sup>

(1) a lista de espera estrutural cirúrxica inclúe a todos os pacientes que nun momento dado están en espera da realización dunha intervención cirúrxica en quirófano, tanto con ingreso como ambulatoria, e así a espera é atribuíble á organización dos recursos dispoñíbles.

(2) calculado como o cociente do total de días en espera estrutural entre a data de inclusión e a data de análise e o total de pacientes pendentes en espera estrutural na data de análise.

Fonte: SERGAS, Listas de espera

## 4.1.13.

## Lista de espera cirúrxica a 31 de decembro de 2022: distribución por servizos

|                                | SERGAS                                  |                       |             | POVISA                                  |                       |             |
|--------------------------------|-----------------------------------------|-----------------------|-------------|-----------------------------------------|-----------------------|-------------|
|                                | pacientes en lista de espera estrutural | tempo medio de espera |             | pacientes en lista de espera estrutural | tempo medio de espera |             |
|                                | total                                   | 0-3 meses             | (en días)   | total                                   | 0-3 meses             | (en días)   |
| <b>Total especialidades</b>    | <b>43.544</b>                           | <b>30.659</b>         | <b>75,4</b> | <b>2.617</b>                            | <b>1.787</b>          | <b>64,7</b> |
| Anxioloxía / Cir. Vascular     | 1.596                                   | 1.504                 | 42,3        | 153                                     | 114                   | 50,9        |
| Cirurxía cardíaca              | 273                                     | 187                   | 69,0        | -                                       | -                     | -           |
| Cirurxía cardíaca infantil     | 7                                       | 5                     | 67,1        | -                                       | -                     | -           |
| Cirurxía maxilofacial          | 389                                     | 238                   | 80,6        | 225                                     | 193                   | 53,4        |
| Cirurxía pediátrica            | 938                                     | 554                   | 100,7       | -                                       | -                     | -           |
| Cirurxía plástica e reparadora | 1.486                                   | 792                   | 98,2        | 133                                     | 94                    | 71,7        |
| Cirurxía torácica              | 152                                     | 122                   | 66,4        | -                                       | -                     | -           |
| Cirurxía xeral e dixestiva     | 7.494                                   | 5.750                 | 65,8        | 401                                     | 307                   | 54,5        |
| Dermatoloxía                   | 938                                     | 724                   | 57,6        | -                                       | -                     | -           |
| Neurocirurxía                  | 767                                     | 391                   | 111,2       | 36                                      | 35                    | 34,5        |
| Oftalmoloxía                   | 10.252                                  | 7.466                 | 66,6        | 612                                     | 397                   | 63,3        |
| Otorrinolaringoloxía           | 2.762                                   | 1.824                 | 77,9        | 79                                      | 57                    | 54,2        |
| Traumatoloxía                  | 11.018                                  | 7.149                 | 90,4        | 826                                     | 442                   | 84,5        |
| Uroloxía                       | 3.586                                   | 2.480                 | 76,7        | 90                                      | 87                    | 25,7        |
| Xinecoloxía                    | 1.886                                   | 1.473                 | 59,0        | 62                                      | 61                    | 26,3        |

Fonte: SERGAS, Listas de espera

## 4.1.14.

## Lista de espera de consultas externas nos hospitais do Sergas 2022

|                                | 0 - 3 m        | 3 - 6 m       | 6 - 12 m      | TOTAL          | Tempo medio de espera |
|--------------------------------|----------------|---------------|---------------|----------------|-----------------------|
| Alergoloxía                    | 4.867          | 45            | -             | 4.912          | 38,6                  |
| Anestesioloxía E Reanimación   | 650            | 238           | 166           | 1.054          | 83,0                  |
| Anxioloxía E Cirurxía Vascular | 2.060          | 829           | 115           | 3.004          | 69,8                  |
| Cardioloxía                    | 3.474          | 395           | 289           | 4.314          | 71,4                  |
| Cirurxía Cardíaca              | 20             | -             | -             | 20             | 11,7                  |
| Cirurxía Maxilofacial          | 407            | -             | -             | 407            | 17,0                  |
| Cirurxía Pediátrica            | 814            | -             | -             | 814            | 33,3                  |
| Cirurxía Plástica E Reparadora | 820            | -             | -             | 820            | 37,8                  |
| Cirurxía Torácica              | 66             | -             | -             | 66             | 7,8                   |
| Cirurxía Xeral E Dixestiva     | 8.707          | 789           | -             | 9.496          | 41,4                  |
| Dermatoloxía                   | 10.843         | 3.416         | 207           | 14.468         | 61,9                  |
| Dixestivo                      | 5.386          | 941           | -             | 6.327          | 51,6                  |
| Endocrinoloxía                 | 3.217          | 664           | 96            | 3.977          | 54,5                  |
| Hematoloxía Clínica            | 305            | -             | -             | 305            | 21,8                  |
| Medicina Interna               | 1.796          | 350           | 245           | 2.391          | 66,5                  |
| Medicina nuclear               | 12             | -             | -             | 12             | 29,6                  |
| Nefroloxía                     | 681            | 31            | -             | 712            | 35,6                  |
| Neumoloxía                     | 3.042          | 644           | 438           | 4.124          | 69,3                  |
| Neurocirurxía                  | 1.550          | 175           | -             | 1.725          | 43,6                  |
| Neuroloxía                     | 7.809          | 1.909         | 121           | 9.839          | 59,1                  |
| Obstetricia                    | 375            | -             | -             | 375            | 9,2                   |
| Oftalmoloxía                   | 27.318         | 8.363         | 2.193         | 37.875         | 70,6                  |
| Oncoloxía médica               | 111            | -             | -             | 111            | 6,1                   |
| Otorrinolaringoloxía           | 13.306         | 1.824         | 225           | 15.355         | 47,6                  |
| Pediatría                      | 4.657          | 665           | 23            | 5.345          | 48,2                  |
| Psiquiatría                    | 7.588          | 1.073         | 179           | 8.840          | 50,4                  |
| Radioterapia                   | 98             | -             | -             | 98             | 9,2                   |
| Rehabilitación                 | 10.602         | 3.233         | 4.870         | 20.432         | 138,7                 |
| Reumatoloxía                   | 2.684          | 1.104         | 360           | 4.148          | 77,3                  |
| Traumatoloxía                  | 24.839         | 4.871         | 2.406         | 32.184         | 68,4                  |
| Uroloxía                       | 9.011          | 1.321         | 51            | 10.383         | 46,7                  |
| Xeriatria                      | 284            | -             | -             | 284            | 30,0                  |
| Xinecoloxía                    | 11.026         | 377           | -             | 11.403         | 38,9                  |
| <b>Total</b>                   | <b>168.425</b> | <b>33.257</b> | <b>11.984</b> | <b>215.620</b> | <b>66,0</b>           |

Fonte: SERGAS, Listas de espera

## 4.1.15.

## Lista de espera de probas diagnósticas nos hospitais do Sergas 2022

|                   | 0 - 3 m | 3 - 6 m | 6 - 12 m | más 12 m | TOTAL  | Tempo medio de espera |
|-------------------|---------|---------|----------|----------|--------|-----------------------|
| Radioloxía        | 58.901  | 18.475  | 12.046   | 1.842    | 91.264 | 91,3                  |
| Medicina nuclear  | 270     | 7       | -        | -        | 277    | 21,3                  |
| Endoscopías       | 4.975   | 1.896   | 1.317    | 1.076    | 9.264  | 146,6                 |
| Electrofisioloxía | 5.495   | 2.151   | 901      | 1        | 8.548  | 80,2                  |
| Estudos           | 5.111   | 1.514   | 1.241    | 370      | 8.236  | 105,1                 |

Fonte: SERGAS, Listas de espera

## 4.1.16.

2.967 persoas máis. Sete de cada dez persoas en lista de espera estrutural cirúrxica teñen que agardar menos de tres meses para operarse (70,3%), fronte ao 23% correspondente a un tempo de tres a seis meses, porcentaxes que non se alteran significativamente en relación ás rexistradas no ano anterior.

Por tipo de especialidade médica, o 25,3% do total de doentes inscritos na lista estrutural cirúrxica dos hospitais propios do Sergas son da especialidade de traumatoloxía, diminuíndo en oito días a súa espera media en relación ao ano anterior, ata os 90,4 días. A seguinte especialidade en número de pacientes en lista de agarda é a oftalmoloxía (23,5% dos pacientes), cuxa espera media aumenta ata os 66,6 días (63 días en 2021), e a cirurxía xeral e dixestiva (17,2% das persoas en lista de agarda), que presenta unha espera media de 65,8 días (74,6 días no ano anterior).

No caso das patoloxías máis graves (prioridade 1), no ano 2022 en Galicia rexistráronse 1.690 persoas dentro desta categoría e o tempo medio de espera nos hospitais do Sergas, a 31 de decembro de 2022, aumenta ata os 21,4 días fronte aos 19,4 días do ano anterior, a pesar do que se sigue a cumprir o obxectivo inicial que estaba fixado en 30 días. Pola contra, por terceiro ano consecutivo incúmprese o obxectivo de 60 días de tempo de espera medio no caso das patoloxías de prioridade 2, a pesar de que diminúe o tempo de agarda ata os 76,3 días cando no ano anterior o tempo medio de agarda era de 78,2 días (54,9 días no ano 2019).


No que respecta ás listas de agarda de consultas externas nos hospitais do Sergas, **cadro 4.1.15.**, no ano 2022 prodúcese, de xeito semellante ao acontecido en 2021, unha medra importante das persoas en lista de espera, así como do tempo medio de agarda. A 31 de decembro de 2022 había un total de 215.620 persoas en lista de espera, o que supón un incremento do 11,4% respecto á mesma data do ano anterior (21.998 persoas máis). Así mesmo, o tempo medio de espera aumenta no último ano ata os 66 días, case dez días superior ao do ano anterior (56,4 días). As especialidades con maior número de persoas en lista de espera seguen a

ser as de oftalmoloxía e traumatoloxía, con 37.872 e 32.184 persoas cada unha, aumentando considerablemente a espera media ata os 70,6 días para unha consulta oftalmolóxica e diminuíndo ata os 68,4 días para traumatoloxía, 63,7 días e 75,3 días de agarda respectivamente no ano anterior. As especialidades con maior tempo medio de espera para unha consulta externa son as de rehabilitación, con 138,7 días, anestesioloxía con 83 días e reumatoloxía con 77,3 días.

Respecto ás listas de agarda de probas diagnósticas (**cadro 4.1.16.**), a radioloxía é a que presenta o maior número de persoas en lista de agarda, con 91.264 persoas, o que supón unha medra do 6,5% respecto ao ano anterior (5.573 máis que en 2021); a continuación sitúanse as endoscopias, cuxa lista de espera redúcese levemente ata as 9.264 persoas, 128 menos que no ano precedente. O tempo medio de agarda baixa en case 51 días no caso das probas radiolóxicas, pasando de 142,2 días de espera en 2021 a 91,3 días en 2022; no caso contrario sitúanse as endoscopias que aumentan en máis de 62 días a súa espera media, pasando de 84,8 días en 2021 a 146,6 días en 2022, case cinco meses de espera de media.


Afortunadamente, no que respecta ás doazóns e transplantes, tras o forte impacto negativo da crise sanitaria, que provocou un descenso do 22,8% das doazóns en España e dun 19,1% en Galicia, no ano 2021 retómase a tendencia crecente rexistrada con anterioridade e no ano 2022 consolídase esa tendendia cun maior aumento das doazóns. No último ano o número de doantes en Galicia ascende a 128, 16 máis que no ano anterior, o que representa o 5,8% do total estatal (2.196 doantes; un 15,4% superior). Galicia en 2022 acada os 47,6 doantes por millóns de habitantes (41,6 doantes pmp no ano anterior), e se mantén por cuarto ano consecutivo por riba do valor deste índice en España (46,3 doantes pmp). O éxito desta actividade queda reflectido no feito de que este índice sitúase significativamente por riba dos principais países desenvolvidos, acadando os 19,5 doantes pmp no conxunto dos países da UE, ou os 11,1 pmp en Alemaña, os 19,3 doantes pmp en Canadá e os 41,6 doantes nos Estados Unidos.

## Doantes por cada millón de habitantes en Galicia e España 2008-2022



Fonte: Organización Nacional de Trasplantes

## 4.1.17.

Gasto sanitario en euros por habitante en Galicia e España 2008-22 <sup>(1)</sup>

(1) Ano 2022 datos provisionais

Fonte: Ministerio de Sanidad, Recursos económicos del Sistema Nacional de Salud

## 4.1.18.



## Prestación farmacéutica a través de receita nas CC.AA. 2022

|                                   | Galicia               |       |              | España                |       |              |
|-----------------------------------|-----------------------|-------|--------------|-----------------------|-------|--------------|
|                                   | 2022                  | 22/21 | 22/11<br>(1) | 2022                  | 22/21 | 22/11<br>(1) |
|                                   | (en millóns de euros) | (%)   | (%)          | (en millóns de euros) | (%)   | (%)          |
| Gasto farmacéutico                | 812.308.826           | 4,0   | -2,0         | 12.326,0              | 4,9   | 10,7         |
| Receitas facturadas               | 70.468.698            | 4,8   | 5,7          | 1.086.082.224         | 6,2   | 11,6         |
| (en euros)                        |                       |       |              |                       |       |              |
| Gasto medio por receita facturada | 11,53                 | - 0,8 |              | 11,35                 | - 1,2 |              |

(1) variación antes/despois da reforma do modelo de prestación farmacéutica

Fonte: Ministerio de Sanidad, *Facturación de recetas médicas*

## 4.1.19.

## Indicadores de gasto sanitario público

Tendo en conta o orzamento inicial de gasto, para 2023 Galicia presenta por oitavo ano consecutivo un incremento do seu gasto sanitario, que se sitúa en 4.973 millóns de euros, o quinto máis elevado de todo o Estado. Este importe representa o 6,3% do total estatal, o que supón non só o peso relativo máis elevado dende o ano 2008, senón tamén unha porcentaxe moi superior ao peso relativo da poboación galega (5,7%). En relación ao ano anterior, este incremento foi do 8,4%, sete décimas por riba da media española (7,7%).

O aumento do gasto sanitario unido ao estancamento da poboación, produce unha nova medra do gasto sanitario medio por habitante. O gasto per cápita total ascendeu en Galicia a 1.705,09 euros, importe superior ao gasto medio a nivel estatal que se sitúa en 1.558,64 euros. Como se aprecia no **cadro 4.1.18.**, o gasto sanitario per cápita en Galicia sitúase por riba da media española ao longo do período 2008-22, acadando no último ano o seu diferencial os 146,4 euros, o que supón case 60 euros menos que o diferencial do ano anterior, pero que segue sendo o segundo valor máis elevado de toda a serie considerada.

Dentro do gasto sanitario cabe resaltar o gasto público en farmacia a través de receitas oficiais facturadas.

Neste senso, no ano 2022 aumenta o gasto farmacéutico en Galicia un 4% ata situarse en 812,3 millóns de euros, asociado a un incremento do 4,8% no número de receitas respecto ao ano precedente. Tras esta evolución o importe medio por receita descende lixeiramente a 11,53 euros, un 0,8% menos que no ano anterior (-1,2% en España) (**cadro 4.1.19.**). □



## 4.2. Pobreza e cohesión social

**A eliminación da pobreza e a redución das desigualdades** son retos de primeiro orde en todas as economías avanzadas, resultando evidente a necesidade de que os gobernos implanten medidas dirixidas a estes obxectivos unha vez que se demostrou que altos niveis de crecemento non levan aparelados, por si mesmos, reducións dos niveis de desigualdade social.

A análise da evolución da pobreza e a cohesión social en Galicia, parte, en primeiro lugar do estudo da estrutura dos fogares atendendo fundamentalmente ao número de perceptores, así como dos gastos vinculados á vivenda. Dunha banda, a reactivación económica traducíuse nun descenso do número de fogares sen perceptores de ingresos, sendo este nivel inferior ao rexistrado antes da crise da covid. Doutra banda, a pesar das dificultades polo aumento do gasto dos fogares en vivenda, redúcese o número de vivendas con execucións hipotecarias iniciadas en 2022 así como tamén se reduce levemente os lanzamentos practicados como consecuencia de procedementos derivados da Lei de Arrendamentos Urbanos.

Os datos da taxa de pobreza e desigualdade social

están referidos ao ano 2021 é mostran unha melloría, con taxas de pobreza máis reducidas e menores índices de desigualdade.

O terceiro apartado está dedicado á análise da dependencia, rexistrándose no último ano un incremento dos beneficiarios con prestacións así como un descenso do número daquelas persoas beneficiarias con dereito pero sen estaren atendidas. Asemade faise mención a dous recursos fundamentais para o coidado de maiores como son as residencias e os centros de día.

Finalmente complétase a análise cos principais datos correspondentes á familia e a infancia; á violencia de xénero e violencia doméstica; e, en último lugar, faise referencia á atención a menores.

### Estrutura dos fogares

Na análise da pobreza e o benestar social, os niveis de pobreza, desigualdade ou benestar veñen determinados tanto por factores económicos como sociais ou demográficos, e dentro destes últimos destacan os indicadores asociados á estrutura dos fogares, en base ao número

## Indicadores de pobreza en Galicia 2019-21

|                                                                           |         | 2019     | 2020     | 2021     |
|---------------------------------------------------------------------------|---------|----------|----------|----------|
| Taxa de risco de pobreza (1)                                              | (%)     | 15,23    | 16,11    | 15,12    |
| Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) (2) | (%)     | 18,83    | 19,51    | 18,47    |
| Limiar monetario de pobreza segundo a composición do fogar (3)            |         |          |          |          |
| Fogar composto por unha persoa                                            | (euros) | 747,87   | 743,91   | 796,97   |
| Fogar composto por dous adultos                                           | (euros) | 1.121,81 | 1.115,87 | 1.195,45 |
| Fogar composto por dous adultos e dous menores de 14 anos                 | (euros) | 1.570,53 | 1.562,21 | 1.673,63 |
| Distribución entorno da renda baixa mediana (4)                           |         |          |          |          |
| Taxa de risco de pobreza (40% da mediana)                                 | (%)     | 5,24     | 6,24     | 5,30     |
| Taxa de risco de pobreza (50% da mediana)                                 | (%)     | 9,65     | 10,79    | 9,11     |
| Taxa de risco de pobreza (70% da mediana)                                 | (%)     | 22,84    | 23,50    | 23,04    |

(1) A taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes

(2) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalguna das seguintes situacións:

- En risco de pobreza (o 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo)
- En carencia material severa
- Persoas de 0 a 59 anos en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo.

(3) o limiar monetario de risco de pobreza é o produto do limiar de risco de pobreza de Galicia polas unidades de consumo de cada fogar.

As unidades de consumo de cada fogar constrúense asignando 1 ao primeiro adulto (persoa de 14 ou máis anos), 0,5 ao resto de adultos dese fogar e 0,3 a cada neno (persoa de menos de 14 anos).

(4) a distribución entorno ao limiar da renda baixa é a porcentaxe de persoas que teñen uns ingresos equivalentes inferiores ao 40%, 50% e 70% da mediana de ingresos equivalentes

Data de consulta: 2/03/2023

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE. *Enquisa estrutural a fogares*.

## 4.2.1.

de persoas que perciben ingresos dentro da vivenda familiar, así como ao tipo de ingreso, ao número de membros, ou á intensidade de traballo, entre outros.

No ano 2022 a recuperación da actividade económica tras a crise da covid-19 favorece descenso no número de fogares sen ingresos. En Galicia rexístranse 27.200 fogares nos que non existen ningunha persoa perceptora dun ingreso salarial ou dalgún tipo de pensión ou prestación por desemprego, 3.600 fogares menos que no ano 2021. A porcentaxe de fogares sen ingresos en Galicia é do 2,4% do total, a máis reducida dende o ano 2011, aínda que as comparacións cos anos anteriores a 2021 non son homoxéneas xa que a partir de 2021, para que as persoas que residan nunha vivenda formen parte do mesmo fogar deben compartir gastos e orzamento, por tanto nunha mesma vivenda poden residir máis dun fogar.

Asemade, o número de fogares cunha soa persoa perceptora dalgún ingreso económico aumenta no último ano ata os 475.000, un 2,5% máis que no ano anterior (11.600 fogares máis), o que representa o 42,4% dos fogares galegos. Comparando coa situación existente

antes da pandemia, no **cadro 4.2.2.** observamos como a redución no número de fogares sen ingresos no ano 2022 sitúa o seu número nos niveis do ano 2019, aínda que o seu peso sobre o total de fogares redúcese nunha décima entre os dous anos sinalados; no que respecta ao peso relativo dos fogares cunha soa persoa perceptora de ingresos, este increméntase nun punto porcentual entre os anos 2019 e 2022.

A desagregación a nivel provincial mostra como o sinalado descenso interanual no número de fogares sen perceptores de ingresos rexístrase en todas as provincias agás en Lugo. A provincia da Coruña rexistra en 2022 o descenso máis acusado en termos absolutos, con 2.500 fogares menos que no ano anterior (19% de descenso), por diante de Ourense e Pontevedra, con 700 fogares menos en ambos casos (–20% e –6% respectivamente). Na provincia de Lugo aumenta o número de fogares sen ingresos nun 14%, o que representa 300 fogares máis que en 2021 nesta situación. Tras esta evolución, Pontevedra pasa a ser a provincia con maior número de fogares nesta situación, con 11.200 fogares, por diante da Coruña, con 10.700 fogares. A pesar da importante caída rexistrada na pro-

Vivendas familiares 2010-22 <sup>(1)</sup>

|                                             | 2010           | 2013           | 2019           | 2020           | 2021           | 2022           |
|---------------------------------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| (miles de vivendas)                         |                |                |                |                |                |                |
| <b>Total fogares</b>                        |                |                |                |                |                |                |
| <b>Galicia</b>                              | <b>1.038,3</b> | <b>1.070,5</b> | <b>1.094,8</b> | <b>1.103,0</b> | <b>1.110,4</b> | <b>1.120,9</b> |
| A Coruña                                    | 433,3          | 449,3          | 453,9          | 459,2          | 462,4          | 465,9          |
| Lugo                                        | 132,0          | 133,1          | 136,8          | 135,6          | 134,6          | 132,5          |
| Ourense                                     | 131,6          | 133,3          | 136,0          | 135,1          | 137,0          | 139,0          |
| Pontevedra                                  | 341,4          | 354,8          | 368,0          | 373,1          | 376,4          | 383,5          |
| <b>Fogares sen perceptores de ingresos</b>  |                |                |                |                |                |                |
| <b>Galicia</b>                              | <b>19,6</b>    | <b>33,9</b>    | <b>27,5</b>    | <b>34,1</b>    | <b>30,8</b>    | <b>27,2</b>    |
| A Coruña                                    | 9,9            | 14,7           | 9,8            | 15,0           | 13,2           | 10,7           |
| Lugo                                        | 1,9            | 3,4            | 2,1            | 2,6            | 2,2            | 2,5            |
| Ourense                                     | 2,3            | 3,8            | 4,2            | 3,7            | 3,5            | 2,8            |
| Pontevedra                                  | 5,5            | 12,0           | 11,4           | 12,8           | 11,9           | 11,2           |
| <b>Fogares cun só perceptor de ingresos</b> |                |                |                |                |                |                |
| <b>Galicia</b>                              | <b>394,6</b>   | <b>440,3</b>   | <b>452,3</b>   | <b>460,6</b>   | <b>463,4</b>   | <b>475,0</b>   |
| A Coruña                                    | 168,4          | 187,8          | 187,3          | 191,9          | 194,4          | 200,0          |
| Lugo                                        | 47,4           | 51,7           | 55,4           | 52,8           | 52,5           | 52,4           |
| Ourense                                     | 48,9           | 55,7           | 58,3           | 58,0           | 59,0           | 61,1           |
| Pontevedra                                  | 129,9          | 145,1          | 151,3          | 158,0          | 157,5          | 161,4          |

(1) A partir de 2021, para que as persoas que residen nunha vivenda formen parte do mesmo fogar deben compartir gastos e orzamento. É dicir, a partir do primeiro trimestre de 2021 nunha mesma vivenda poden residir máis dun fogar  
 Fonte: IGE, EPA

## 4.2.2.

vincia da Coruña, esta provincia xunto con Ourense seguen rexistrando un número de fogares sen perceptores de ingresos superior ao que tiñan no ano 2019, o que contrasta coa redución nas provincias de Ourense, con 1.400 fogares menos nesta situación e Pontevedra con 200 menos que no ano 2019.


Os fogares sen perceptores de ingresos están concentrados nas provincias da Coruña e Pontevedra, porén mentres que Pontevedra concentra o 34,2% dos fogares galegos, esta provincia ten o 41,2% do total de fogares sen preceptores de ingresos; por contra, A Coruña conta co 41,6% dos fogares galegos e o 39,3% do total de fogares sen ningunha persoa perceptora de ingresos.

No que respecta aos fogares cun só perceptor, igual que acontecía no caso dos fogares sen perceptores, a provincia de Lugo é a excepción ao incremento xeneralizado no número de fogares nesta situación. No ano 2022 o dito incremento rexístrase na Coruña (2,9%), Ourense (3,6%) e Pontevedra (2,5%), descendendo dúas décimas porcentuais en termos interanuais na provincia de Lugo. Tras esta evolución, o 39,5% dos fo-

gares de Lugo (52.400 fogares) teñen un só perceptor, fronte ao 44% de Ourense (61.100 fogares). Este peso relativo ascende ata o 42,4% na Coruña e 42,1% en Pontevedra (200.000 e 161.400 respectivamente). No conxunto da Comunidade Autónoma case corenta e tres de cada cen fogares está composto por unha única persoa perceptora de ingresos.

En 2022 hai en Galicia un total de 359.000 vivendas nas que ningún dos seus membros ten a condición de activo, o que representa o 32% do total das vivendas familiares en Galicia, porcentaxe tres décimas inferior á do ano anterior. Atendendo á evolución ao longo dos últimos anos, por segundo ano consecutivo, dende o ano 2010 (primeiro ano completo da serie publicada) redúcese o número de fogares nos que non hai ningún activo, cunha caída interanual de 100 fogares (-0,03%).

O número de vivendas con polo menos un activo, no último ano sitúase en 761.800 fogares (10.500 máis que no ano anterior; 1,4%); rexistrándose un incremento importante no caso dos fogares onde todos os membros activos están ocupados, que en 2022 se sitúa

Prezos da electricidade e gas natural para consumidores domésticos en España e UE-27 2009-22 <sup>(1)</sup>

(1) prezo base 2009=100

Fonte: EUROSTAT

## 4.2.3.

en 637.100 fogares, 14.700 máis que no ano precedente (2,4%). Finalmente destacar que no último ano se reducen o número de fogares onde todos os seus membros activos son parados ata os 51.600 fogares, 900 menos que no ano anterior.

Xunto coa capacidade de ingreso, os gastos, e en concreto o gasto en insumos básicos, inflúe tamén na existencia de situacións de carencia material. Neste senso, no ano 2022 a crise de prezos enerxéticos derivada da guerra de Ucraína provoca un incremento acusado no prezo da enerxía eléctrica para os consumidores domésticos en España (**cadro 4.2.3.**), sendo esta medra superior ao que se produce na UE.

A Enquisa de Presupostos Familiares publicada polo INE, con datos correspondentes ao ano 2021 (último dato dispoñible no momento de elaboración desta Memoria), está deseñada para recoller o gasto dos dife-

rentes bens e servizos de consumo, a súa magnitude e frecuencia, sen embargo os datos proporcionados pola citada enquisa teñen que ser valorados tendo en conta que as modificacións das pautas de consumo derivadas da crise da covid-19 aínda están presentes no ano 2021 así como o feito de que non se ten en conta a evolución dos prezos da enerxía do ano 2022.

Tendo en conta o sinalado anteriormente, en termos absolutos, o gasto medio en consumo final por fogar no concepto de electricidade, gas e outros combustibles foi de 1.217,98 euros (1.191,83 euros en España), o que supuxo un aumento do 10,1% respecto ao ano anterior, moi superior ao incremento rexistrado de media no conxunto do Estado que foi do 3,3%.

Dentro da distribución do gasto dos fogares, a maior parte concéntrase fundamentalmente no grupo de venda, auga, electricidade, gas e outros combustibles.

## Gastos medios por fogar e distribución porcentual en Galicia e España 2020-21

|                                                                | Galicia          |            |                  |            | España           |            |                  |            |
|----------------------------------------------------------------|------------------|------------|------------------|------------|------------------|------------|------------------|------------|
|                                                                | 2021             |            | 2020             |            | 2021             |            | 2020             |            |
|                                                                | (€)              | (%)        | (€)              | (%)        | (€)              | (%)        | (€)              | (%)        |
| Alugueres imputados de vivenda                                 | 5.587,75         | 19,7       | 5.355,61         | 21,4       | 6.516,39         | 22,3       | 6.322,49         | 23,4       |
| Alimentos                                                      | 4.933,47         | 17,4       | 4.344,97         | 17,4       | 4.475,99         | 15,3       | 4.268,25         | 15,8       |
| Restauración e comedores                                       | 1.680,02         | 5,9        | 1.276,65         | 5,1        | 1.995,50         | 6,8        | 1.558,26         | 5,8        |
| Utilización de vehículos pessoais                              | 2.411,88         | 8,5        | 1.762,18         | 7,1        | 1.928,13         | 6,6        | 1.560,22         | 5,8        |
| Electricidade, gas e outros combustibles                       | 1.217,98         | 4,3        | 1.106,36         | 4,4        | 1.191,83         | 4,1        | 1.151,94         | 4,3        |
| Seguros                                                        | 1.042,29         | 3,7        | 989,36           | 4,0        | 1.099,01         | 3,8        | 1.061,93         | 3,9        |
| Adquisición de vehículos                                       | 1.033,65         | 3,6        | 748,31           | 3,0        | 1.070,61         | 3,7        | 975,88           | 3,6        |
| Alugueres reais de vivenda                                     | 619,96           | 2,2        | 648,17           | 2,6        | 1.063,04         | 3,6        | 1.121,54         | 4,2        |
| Vestido                                                        | 978,67           | 3,4        | 780,54           | 3,1        | 864,82           | 3,0        | 763,95           | 2,8        |
| Subministro de auga e outros servizos relacionados coa vivenda | 678,68           | 2,4        | 637,08           | 2,6        | 851,25           | 2,9        | 821,44           | 3,0        |
| Servizos postais, de telefonía e fax                           | 822,47           | 2,9        | 809,49           | 3,2        | 848,64           | 2,9        | 850,04           | 3,1        |
| Produtos, aparellos e equipos médicos                          | 731,01           | 2,6        | 749,97           | 3,0        | 745,92           | 2,6        | 686,99           | 2,5        |
| Coidado persoal                                                | 754,74           | 2,7        | 652,31           | 2,6        | 731,25           | 2,5        | 693,25           | 2,6        |
| Bens e servizos para o mantemento corrente do fogar            | 490,26           | 1,7        | 447,98           | 1,8        | 535,72           | 1,8        | 513,08           | 1,9        |
| Servizos médicos, ambulatorios e hospitalarios                 | 481,75           | 1,7        | 352,40           | 1,4        | 457,79           | 1,6        | 313,97           | 1,2        |
| <b>Total</b>                                                   | <b>28.429,63</b> | <b>100</b> | <b>24.975,71</b> | <b>100</b> | <b>29.243,61</b> | <b>100</b> | <b>26.995,76</b> | <b>100</b> |

Fonte: INE, Encuesta de presupuestos familiares.

## 4.2.4.

O gasto medio en consumo final dos fogares neste grupo ascende no último ano en Galicia a 8.472,11 euros, o que representa o 29,8% do gasto medio por fogar (33,8% no conxunto de España). O gasto en aluguer real da vivenda redúcese en Galicia no ano 2021 un 4,3% respecto ao ano anterior para situarse nos 620 euros, o que representa o 2,2% do gasto medio, mentres que en España esta caída foi do 5,2% acadando os 1.063 euros, o 3,6% do gasto medio por fogar.

Asociado ás dificultades derivadas dos gastos medios inherentes á vivenda, os datos do INE sobre vivendas con execucións hipotecarias que se inician e inscriben nos rexistros da propiedade, mostran unha caída significativa, aumentando levemente no caso das vivendas novas, e caendo de xeito moi notable no caso das vivendas de segunda man. Ao longo do ano 2022 iniciáronse en Galicia un total de 459 execucións hipotecarias (un 31% menos que no ano anterior), das que 46 corresponden a execucións sobre vivendas novas (12% máis) e 413 a vivendas de segunda man (33,6% menos). Neste último ano, o peso relativo das execucións hipotecarias iniciadas na Comunidade Autónoma no total estatal descende ata o 3%, medio punto porcentual por baixo do rexistrado no ano anterior, situándose esta porcentaxe no 2,3% no caso das vivendas novas (1,7% no ano

anterior) e no 2,8% no das execucións en vivendas de segunda man (3,4% en 2021).

A estatística sobre execucións hipotecarias, **cadro 4.2.5.**, reflicte que en sete de cada dez vivendas con execución hipotecaria en Galicia no ano 2022 o seu titular é unha persoa física, sendo esta relación de 8,4 de cada dez de media no Estado. Os casos nos que o titular da vivenda é unha persoa xurídica son o 29% en Galicia e o 16% no Estado.

Comparado co ano anterior, aumenta un 1,6% o número de execucións hipotecarias de persoas físicas en Galicia (5 máis), fronte á caída do 6,5% no conxunto do Estado. Por contra, as execucións de persoas xurídicas redúcense un 61% en Galicia e un 51% en España.

Segundo os datos do Consejo General del Poder Judicial (CGPJ), **cadro 4.2.6.**, o número de desafuizamentos practicados polo non pagamento de aluguer redúcese un 3,7% en 2022 para situarse nos 1.246 desafuizamentos, 48 menos que no ano anterior (1800 desafuizamentos no ano 2019). Tras a caída do 5% no conxunto do Estado, Galicia concentra o 4,5% dos desafuizamentos practicados en España, mesma porcentaxe que no ano anterior.


## Vivendas con execucións hipotecarias iniciadas 2021-22

|                     | 2022    |        | 2021    |        |
|---------------------|---------|--------|---------|--------|
|                     | Galicia | España | Galicia | España |
| Nº total de fincas  | 774     | 25.551 | 1.136   | 32.881 |
| Vivendas            | 459     | 16.851 | 663     | 20.694 |
| Vivenda nova        | 46      | 1.964  | 41      | 2.475  |
| Vivenda segunda man | 413     | 14.887 | 622     | 18.219 |
| Persoas físicas     | 327     | 14.148 | 322     | 15.138 |
| Persoas xurídicas   | 132     | 2.703  | 341     | 5.556  |

Fonte: INE, Estadísticas sobre ejecuciones hipotecarias

## 4.2.5.

## Lanzamentos practicados como consecuencia de procedimientos derivados da Lei de Arrendamentos Urbanos 2013-2022



Fonte: Consejo General del Poder Judicial

## 4.2.6.

## Niveis de pobreza e desigualdade de renda

O indicador de pobreza utilizado é o definido na Estratexia Europa 2020, que abarca máis variables ademais da desigualdade monetaria e incorpora aspectos como a situación laboral ou a escaseza de recursos materiais. Este índice, denominado AROPE (*At Risk Of Poverty and/or Exclusion*), inclúe tanto as persoas que

se atopan en risco de pobreza monetaria como os fogares con moi baixa intensidade de traballo –están nesta situación as persoas con menos de 59 anos que viven en fogares cuxos membros adultos traballaron menos do 20% do seu potencial laboral total durante o ano anterior– e a privación material severa –porcentaxe de persoas que viven con escaseza de recursos ao non ter acceso, ao menos, a 4 dos seguintes 9



# Risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2013-21 <sup>(1)</sup>

|                                                     | 2013         | 2019         | 2020         | 2021         |
|-----------------------------------------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
|                                                     | (%)          |              |              |              |
| <b>Total</b>                                        | <b>22,83</b> | <b>18,83</b> | <b>19,51</b> | <b>18,47</b> |
| A Coruña                                            | 22,27        | 18,22        | 18,85        | 17,67        |
| Lugo                                                | 18,03        | 18,24        | 15,80        | 17,24        |
| Ourense                                             | 23,08        | 21,51        | 22,08        | 19,93        |
| Pontevedra                                          | 25,14        | 18,91        | 20,74        | 19,38        |
| <b>Nacionalidade</b>                                |              |              |              |              |
| Española                                            | 22,12        | 17,68        | 18,08        | 17,17        |
| Estranxeira                                         | 61,58        | 54,94        | 59,52        | 54,47        |
| <b>Fogares con ou sen nenos e mozos a cargo</b>     |              |              |              |              |
| <b>Fogares con nenos e mozos a cargo</b>            | <b>25,00</b> | <b>20,61</b> | <b>22,60</b> | <b>21,21</b> |
| Un adulto con nenos e mozos a cargo                 | 57,54        | 46,41        | 54,41        | 50,66        |
| Dous adultos con nenos e mozos a cargo              | 23,41        | 19,48        | 21,68        | 19,49        |
| Dous adultos cun neno e mozo a cargo                | 19,21        | 14,88        | 18,84        | 14,71        |
| Dous adultos con dous ou máis nenos e mozos a cargo | 26,97        | 23,11        | 23,90        | 22,91        |
| Tres ou máis adultos con nenos e mozos a cargo      | 23,06        | 17,61        | 17,53        | 18,49        |
| <b>Fogares sen nenos e mozos a cargo</b>            | <b>20,86</b> | <b>17,41</b> | <b>17,03</b> | <b>16,36</b> |
| Un adulto sen nenos e mozos a cargo                 | 26,02        | 28,22        | 25,37        | 28,34        |
| Dous adultos sen nenos e mozos a cargo              | 21,09        | 15,81        | 17,74        | 15,49        |
| Tres ou máis adultos sen nenos e mozos a cargo      | 18,50        | 14,80        | 12,53        | 12,28        |
| <b>Fogares segundo tipoloxías</b>                   |              |              |              |              |
| Unipersoal                                          | 26,02        | 28,22        | 25,37        | 28,34        |
| Sen núcleo                                          | 24,16        | 20,01        | 29,81        | 22,52        |
| Parella con fillos                                  | 21,45        | 17,40        | 18,39        | 16,81        |
| Parella sen fillos                                  | 17,98        | 13,03        | 14,91        | 13,72        |
| Monoparental                                        | 40,33        | 30,52        | 35,02        | 30,25        |
| Un núcleo e outros                                  | 21,66        | 17,81        | 14,91        | 17,75        |
| Varios núcleos                                      | 21,70        | 15,69        | 14,17        | 13,11        |

(1) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situación: 1) risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana; 2) en carencia material severa; 3) Persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo, é dicir, onde o número de días que os adultos de 18 a 59 anos dese fogar tiveron ingresos por traballo supón ata o 20% do número total de días que poderían telos durante o ano natural anterior á realización da enquisa

Fonte: IGE, Enquisa estrutural a fogares

## 4.2.7.

ítems: gastos imprevistos; unha semana de vacacións fóra da casa; pago da hipoteca ou das facturas de luz, auga, gas...; una comida de carne, polo, peixe ou proteína equivalente ao menos cada dous días; manter a vivenda a unha temperatura axeitada os meses de inverno; lavadora; televisión en cor; teléfono; e coche.

A Enquisa Estrutural a Fogares elaborada polo IGE correspondente ao ano 2021 (último dato dispoñible) ten por obxecto obter información sobre as características socioeconómicas dos fogares galegos, e dado que os últimos datos dispoñibles correspóndense co ano 2021, estes estarán afectados polos efectos da crise socioeconómica orixinada pola covid.

Na taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) (**cadro 4.2.7.**) entendemos que a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situacións:

- En risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo.
- En carencia material severa.
- Persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares con baixa intensidade laboral, é dicir, onde o número de días que os adultos de 18 a 59 anos dese fogar tiveron ingresos por traballo, prestacións por ERTE ou prestacións por cese de actividade debidas á pandemia supón ata o 20% do número total

**Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2013-21: distribución segundo sexo e grupos de idade<sup>(1)</sup>**

|                    | 2013         |              |              | 2019         |              |              | 2020         |              |              | 2021         |              |              |
|--------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
|                    | Total        | Homes        | Mulleres     | Total        | Homes        | Mulleres     | Total        | Homes        | Mulleres     | Total        | Homes        | Mulleres     |
| <b>Total</b>       | <b>22,83</b> | <b>22,98</b> | <b>22,69</b> | <b>18,83</b> | <b>18,84</b> | <b>18,83</b> | <b>19,51</b> | <b>18,92</b> | <b>20,05</b> | <b>18,47</b> | <b>18,04</b> | <b>18,88</b> |
| Menos de 16 anos   | 25,00        | 26,56        | 23,34        | 21,52        | 22,22        | 20,77        | 24,40        | 23,74        | 25,09        | 22,74        | 22,89        | 22,59        |
| De 16 a 24 anos    | 32,06        | 34,60        | 29,40        | 25,46        | 25,44        | 25,47        | 27,07        | 25,33        | 28,95        | 25,60        | 24,88        | 26,35        |
| De 25 a 49 anos    | 24,29        | 23,66        | 24,92        | 18,51        | 17,85        | 19,18        | 21,48        | 20,15        | 22,79        | 18,64        | 18,34        | 18,93        |
| De 50 a 64 anos    | 26,63        | 25,82        | 27,40        | 21,64        | 22,19        | 21,13        | 20,44        | 20,95        | 19,95        | 20,30        | 19,72        | 20,85        |
| De 65 ou máis anos | 13,02        | 11,90        | 13,85        | 13,46        | 12,68        | 14,05        | 11,55        | 10,03        | 12,71        | 12,52        | 10,78        | 13,84        |

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: IGE, Enquisa estrutural a fogares

#### 4.2.8.

de días que poderían telos durante o ano natural anterior á realización da enquisa.

Tendo a citada definición en conta, no **cadro 4.2.7.** observamos como a taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) descende en Galicia en 2021, para situarse no 18,47%, por debaixo da taxa rexistrada no ano 2019. A distribución provincial da pobreza non é homoxénea, presentando novamente as provincias do norte de Galicia as taxas de risco de pobreza ou exclusión social máis reducidas, con taxas inferiores á media galega. Lugo presenta, a pesar do aumento no último ano, a taxa de pobreza ou exclusión social máis reducida, con 17,24%, situándose esta porcentaxe en 17,67% na Coruña; no extremo oposto Ourense rexistra a taxa de pobreza ou exclusión social máis elevada, con 19,93%, sendo do 19,38% en Pontevedra.

Todas as provincias agás Lugo presentan unha redución en relación ao ano anterior, reducíndose a taxa de risco de pobreza e exclusión social nas catro provincias galegas se a comparación se realiza entre os anos 2013 e 2021, sendo Pontevedra a provincia que rexistra o maior descenso con 5,76 puntos menos; por contra Pontevedra pasa a ser a única provincia galega que aumenta a súa taxa de pobreza se comparamos os anos 2019 e 2021.

A análise da taxa de risco de pobreza a nivel de áreas xeográficas reflicte por primeira vez á área de Pontevedra sur (que comprende as comarcas da Paradanta, O

Baixo Miño e O Condado), como a que presenta a taxa de pobreza máis elevada co 28,9%, seguida de Ourense sur (Limia, Baixa Limia, Terra de Celanova, Verín e Viana), que supera o 24%.

Como se desprende do **cadro 4.2.8.**, a franxa de idade tamén determina a existencia de diferenzas no risco de pobreza. En Galicia a poboación entre 16 e 24 anos é a que rexistra unha maior incidencia, de xeito que o 25,6% destas persoas estarían en risco de pobreza ou exclusión social situándose no 20,3% para as persoas de entre 50 e 64 anos e no 22,7% para os menores de 16 anos.

Entre o 31 de decembro de 2019 e 2021 a taxa de risco de pobreza e exclusión social redúcese entre os homes e mulleres de 50-64 anos e maiores de 65 anos, sendo esta redución máis importante entre os homes en ambos os dous casos. Por contra, aumenta no caso dos menores de 16 anos e entre os homes de 16 e 24 anos e entre as mulleres de 25-49 anos.

As persoas con nacionalidade estranxeira presentan un risco de pobreza e exclusión moi superior ao rexistrado para as persoas con nacionalidade española. Tras o notable descenso rexistrado no último ano a taxa de pobreza para as persoas de nacionalidade estranxeira sitúase no 54,47%, o que supón 5 puntos menos que no ano anterior, a taxa de risco entre as persoas con nacionalidade española pasa do 18,08% ata o 17,17% a 31 de decembro de 2021.

### Desigualdade en Galicia e España 2008-21: Índice de Gini e distribución da renda S80/S20 <sup>(1)</sup>

|                              | Índice de Gini <sup>(2)</sup> |              |              |              |              |
|------------------------------|-------------------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
|                              | 2008                          | 2013         | 2019         | 2020         | 2021         |
| <b>Galicia</b>               | <b>0,272</b>                  | <b>0,286</b> | <b>0,261</b> | <b>0,266</b> | <b>0,257</b> |
| A Coruña                     | 0,272                         | 0,291        | 0,268        | 0,272        | 0,261        |
| Lugo                         | 0,284                         | 0,264        | 0,241        | 0,249        | 0,251        |
| Ourense                      | 0,279                         | 0,274        | 0,256        | 0,262        | 0,251        |
| Pontevedra                   | 0,261                         | 0,288        | 0,257        | 0,264        | 0,252        |
| <b>España <sup>(4)</sup></b> | <b>0,329</b>                  | <b>0,347</b> | <b>0,321</b> | <b>0,330</b> |              |

|                              | Distribución da renda S80/S20 <sup>(3)</sup> |             |             |             |             |
|------------------------------|----------------------------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
|                              | 2008                                         | 2013        | 2019        | 2020        | 2021        |
| <b>Galicia</b>               | <b>4,02</b>                                  | <b>4,51</b> | <b>3,95</b> | <b>4,15</b> | <b>3,86</b> |
| A Coruña                     | 4,02                                         | 4,64        | 4,08        | 4,35        | 3,96        |
| Lugo                         | 4,17                                         | 3,95        | 3,63        | 3,80        | 3,85        |
| Ourense                      | 4,18                                         | 4,22        | 4,03        | 4,11        | 3,70        |
| Pontevedra                   | 3,79                                         | 4,58        | 3,83        | 4,04        | 3,77        |
| <b>España <sup>(4)</sup></b> | <b>5,9</b>                                   | <b>6,8</b>  | <b>5,8</b>  | <b>6,2</b>  |             |

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

(2) o índice de Gini mide a concentración dunha distribución de rendas entre os membros dun colectivo a partir do ingreso equivalente por persoa sendo éste o ingreso equivalente do fogar ao que pertence.

(3) distribución da renda S80/S20: cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre.

(4) datos extraídos da Encuesta de condiciones de vida do INE. Os datos do INE fan referencia á renda do ano anterior á entrevista. Na taboa están integrados no ano que corresponden.

Fonte: IGE e INE

#### 4.2.9.

As cargas familiares ou a tipoloxía dos fogares son tamén condicionantes dun maior ou menor risco de pobreza e exclusión social, así, un ano máis, o maior risco de pobreza con gran diferenza segue a rexistrarse nos fogares compostos por un adulto con nenos e mozos a cargo, acadando o 50,66%, en torno a catro puntos menos que no ano anterior. Por tipoloxías, os fogares monoparentais son os que rexistran unha maior taxa, co 30,25% dos mesmos en situación de risco de pobreza ou exclusión (35,02% no ano anterior), por diante dos fogares unipersoais e sen núcleo, cunha taxa do 28,34% e 22,52%, respectivamente.

Finalmente, no concernente ao tamaño dos municipios, as porcentaxes máis reducidas da taxa de pobreza ou exclusión social en 2021 corresponden aos concellos de menos de dez mil habitantes, cunha taxa do 17,39%, que xunto cos concellos de máis de 50.000 habitantes (17,72%) son os únicos que se sitúan por debaixo da media galega. A taxa máis elevada rexístrase nos con-

cellos cunha poboación entre 20.000 e 50.000 habitantes, co 20,62%, situándose no 19,91% a taxa nos concellos entre 20.000 a 50.000 habitantes.

#### • Desigualdade

A redución das desigualdades sociais é un dos retos máis importantes que se presentan na actualidade, unha vez que o crecemento económico non conduce por si só a acadar sociedades máis cohesivas e igualitarias.

Neste senso, a adaptación da Axenda 2030 á realidade galega, o ODS 10, dedicado á redución das desigualdades, recolle unha serie de metas que afectan a retos presentes na sociedade da nosa Comunidade. Entre estas cabe referirse ás de promover o crecemento dos ingresos do 40% máis pobre da poboación a unha taxa maior que a do conxunto da sociedade galega; promover a inclusión social, económica e política, ou a igual-

dade de oportunidades e a desigualdade de resultado que, no caso galego, ademais, vincúlase estreitamente co reto da cohesión territorial; ou a dedicada a adoptar políticas fiscais, salariais e de protección social orientadas a unha maior igualdade.

O coeficiente de Gini e a distribución da renda (rateo S80/S20) son algúns dos indicadores máis utilizados na medición da desigualdade de ingresos, e permiten unha aproximación á situación e evolución recente da desigualdade. Como reflicte o **cadro 4.2.9.**, no ano 2021 os indicadores parecen mostrar unha volta a senda de redución lenta das desigualdades, despois dos incrementos rexistrados no ano anterior, mantendo así mesmo, valores inferiores á media estatal.

Dunha banda, o coeficiente de Gini é un número entre 0 e 1, onde 0 correspóndese coa perfecta igualdade (todos teñen os mesmos ingresos) e o valor 1 coa perfecta desigualdade (unha persoa ten todos os ingresos e os demais ningún). Ao longo de toda a serie analizada, o valor do índice de Gini nas catro provincias galegas é inferior ao rexistrado no conxunto do Estado, acadando en Galicia no ano 2021, último dato dispoñible, un valor de 0,257. Ao igual que o acontecido no ano anterior, a provincia da Coruña é a única que en 2021 presenta un valor superior á media galega, co 0,261. Os datos do ano 2020 reflicten un índice de Gini do 0,330 de media no Estado (0,266 na Comunidade Autónoma).

Así mesmo, o índice de Gini en España en 2021 era 2,9 puntos superior á media europea, situándose como o sexto país coa cifra máis elevada, só superado por Bulgaria, Letonia, Lituania, Romanía e Portugal.

Doutra banda, o indicador da distribución da renda S80/S20 calcúlase como o cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre. Este indicador mostra que no ano 2021 os ingresos medios do quintil máis rico da poboación superan en preto de catro veces aos ingresos medios do quintil de poboación máis pobre, en concreto en 3,86 veces. No conxunto do Estado o quintil máis rico da poboación ten, de media, un ingreso medio 6,2 veces superiores ao

quintil de poboación máis pobre (datos correspondentes ao ano 2020, os últimos dispoñibles).

Ao igual que indicaba o índice de Gini, a provincia da Coruña presenta os valores máis elevados. O indicador S80/S20 ascende a 3,96 na Coruña en tanto que os ingresos do quintil máis rico da poboación de Lugo supera en 3,85 veces aos ingresos medios do quintil máis pobre. Este indicador é do 3,77 na provincia de Pontevedra e do 3,70 en Ourense

### Dependencia e discapacidade

A dependencia e a discapacidade afectan ao benestar das persoas dende un punto de vista económico, xa que dificultan o acceso a un nivel de ingresos suficiente para cubrir as súas necesidades, ao mesmo tempo que estas persoas incorren en maiores gastos derivados das súas maiores necesidades. Estas limitacións inciden no ámbito do fogar, e condicionan tanto ás persoas con discapacidade como ás que conviven con elas; de xeito que as persoas que viven en fogares con algún membro con discapacidade ou dependencia presentan menores niveis de renda e unha maior incidencia da pobreza que o resto da poboación.

Por todo isto as prestacións tanto monetarias como de servizos, permiten a estes fogares aliviar a súa situación de vulnerabilidade económica e de risco de pobreza.

Os datos do Imsero facilitados polo Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) (**cadro 4.2.10.**) reflicten que en 2022 formalizáronse en Galicia un total de 79.633 solicitudes para acceder ás prestacións do SAAD, o que representa o 4% do total estatal. Comparado co ano anterior, o número de solicitudes medra en Galicia un 2,4% (1.829 solicitudes máis), incremento moi inferior ao rexistrado no conxunto do Estado (4,7%).

En relación á poboación empadroadada en Galicia, as solicitudes rexistradas representan o 2,95% da poboación da Comunidade Autónoma, fronte ao 4,2% de media no conxunto de España. Esta porcentaxe coloca a Gali-

Dependencia en Galicia e España 2021-22: principais indicadores <sup>(1)</sup>

|                                                      | 2022    |           |         | 2021    |           |         |
|------------------------------------------------------|---------|-----------|---------|---------|-----------|---------|
|                                                      | Galicia | España    | G/E (%) | Galicia | España    | G/E (%) |
| <b>Solicitudes</b>                                   | 79.633  | 1.982.018 | 4,0     | 77.804  | 1.892.604 | 4,1     |
| <b>Resolucións</b>                                   | 79.015  | 1.850.208 | 4,3     | 77.553  | 1.768.008 | 4,4     |
| <b>Beneficiarios con dereito a prestación</b>        | 71.374  | 1.490.860 | 4,8     | 69.079  | 1.415.578 | 4,9     |
| <b>Grado III</b>                                     | 23.912  | 414.651   | 5,8     | 23.819  | 398.397   | 6,0     |
| <b>Grado II</b>                                      | 24.528  | 560.619   | 4,4     | 23.801  | 529.632   | 4,5     |
| <b>Grado I</b>                                       | 22.934  | 515.590   | 4,4     | 21.459  | 487.549   | 4,4     |
| <b>Beneficiarios con prestación</b>                  | 68.103  | 1.313.437 | 5,2     | 65.061  | 1.222.142 | 5,3     |
| <b>Prestacións</b>                                   | 82.694  | 1.727.429 | 4,8     | 77.158  | 1.569.205 | 4,9     |
| <b>Prevención dependencia e Promoción A. Persoal</b> | 5.520   | 65.642    | 8,4     | 5.251   | 62.214    | 8,4     |
| <b>Teleasistencia</b>                                | 8.897   | 351.993   | 2,5     | 6.628   | 292.469   | 2,3     |
| <b>Axuda a domicilio</b>                             | 26.693  | 322.595   | 8,3     | 24.636  | 291.129   | 8,5     |
| <b>Centros de día/noite</b>                          | 8.312   | 97.929    | 8,5     | 8.167   | 91.795    | 8,9     |
| <b>Atención residencial</b>                          | 6.711   | 175.956   | 3,8     | 6.974   | 169.990   | 4,1     |
| <b>P. Económica vinculada servizo</b>                | 10.604  | 187.214   | 5,7     | 10.129  | 170.517   | 5,9     |
| <b>P. Económica coidados familiares</b>              | 15.849  | 517.053   | 3,1     | 15.263  | 482.545   | 3,2     |
| <b>P. Económica Asist. persoal</b>                   | 108     | 9.047     | 1,2     | 110     | 8.546     | 1,3     |
| <b>Rateo prestacións por persoa beneficiaria</b>     | 1,21    | 1,32      |         | 1,19    | 1,28      |         |

Grao III.- Gran dependencia: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisa o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal.

Grao II.- Dependencia grave: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, dúas ou tres veces ao día, pero non quere o apoio permanente dun coidador ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal.

Grao I.- Dependencia moderada: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, polo menos unha vez ao día, ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: IMSERSO, Sistema para la autonomía y atención a la dependencia

## 4.2.10.

cia como a segunda Comunidade Autónoma con menor peso relativo tras Canarias.

O maior incremento do número de solicitudes que do número de resolucións do último ano (1,9%) redunda nun aumento do número de solicitudes pendentes de valoración, que pasa das 251 solicitudes en 2021 ás 618 solicitudes en lista de agarda de valoración no ano 2022.

O **cadro 4.2.10.** mostra como o 10,4% das resolucións emitidas foron negativas, resultando o 89,6% dos ditames positivos e por tanto cun recoñecemento de grao de dependencia (71.374 ditames). Comparado co resto das CC.AA., Galicia é a Comunidade Autónoma coa maior porcentaxe de solicitudes favorables sobre ditaminadas, moi por encima da media do Estado que se sitúa nun 75,2%. Asemade, cómpre mencionar que

tanto na Comunidade Autónoma de Galicia como no conxunto do Estado diminúe o tempo medio transcorrido dende a solicitude da dependencia ata a resolución da prestación, ascendendo o tempo medio no ano 2022 a 364 días en Galicia fronte aos 395 días do ano anterior (344 días de media en España). Galicia é a quinta Comunidade Autónoma con maior tempo medio de espera.

No ano 2022 aumenta lixeiramente en Galicia, ao contrario que no conxunto do Estado, o número de persoas recoñecidas como grandes dependentes (grado III), que se sitúa nas 23.912 persoas, 93 máis que no ano 2021 (0,4%). Incrementábase tamén en 2022 o número de beneficiarios con prestacións de grao II ou dependencia grave, acadando as 24.528 persoas (727 máis que en 2021). A diferenza tamén do que acontece a nivel do Estado, rexístrase un aumento no caso dos beneficia-

rios de grao I, afectación moderada, cun aumento do 6,9% (1.475 beneficiarios máis), para situarse en 22.934 beneficiarios rexistrados no último ano.

A asignación da prestación realízase mediante resolución administrativa, do Programa Individual de Atención (PIA), onde se determina a prestación ou servizo que lle corresponde a cada persoa dependente en función, entre outros aspectos, do seu grao de discapacidade e da súa capacidade económica. O número de persoas atendidas polo sistema de dependencia ascende no último ano ata as 68.103 beneficiarios, un 4,7% máis que no ano anterior, o que representa o 5,2% do total estatal, unha décima menos que no ano anterior. Atendendo ao peso relativo na poboación total de Galicia, os beneficiarios con prestacións representan o 2,5%, (2,8% en España).

Xunto ao devandito incremento dos beneficiarios con prestacións, cómpre mencionar o descenso do número de persoas beneficiarias con dereito pero sen estaren atendidas. En 2022 o sistema continúa sen atender en Galicia a 3.271 persoas cunha valoración positiva para acceder ás prestacións e que non están a ser atendidas, o que supón 747 persoas beneficiarias con dereito pero sen prestación menos que no ano anterior. Por tanto o 4,6% das persoas dependentes con dereito a prestación non están sendo atendidas (5,8% no ano anterior), sendo esta porcentaxe máis de sete puntos inferior á do conxunto do Estado (11,9%).

De xeito paulatino, a medida que o sistema de protección avanza, prodúcese un descenso do número de persoas desatendidas por cada mil persoas con dereito a prestación, situándose esta relación en 2022 en 45,8 persoas desatendidas (58,2 no ano anterior), máis de 73 persoas por baixo da media estatal (119 persoas).

Analizando o tipo de prestación proporcionada, estas poderán ser, ou ben prestacións económicas para cuidados familiares e vinculadas a servizos concretos, ou ben ter a natureza de servizos. O artigo 15 da Lei de dependencia determina o catálogo de servizos sociais, que comprenden os servizos de prevención da situación de dependencia e promoción da autonomía per-

soal, teleasistencia, o servizo de axuda a domicilio, os centros de día e de noite, e os servizos de atención residencial.

O recoñecemento da situación de dependencia e, no seu caso, o dereito ao acceso aos servizos ou prestacións económicas corresponde á Administración autonómica; mestres que as Administracións locais participan na xestión dos servizos de atención. O número de prestacións concedidas ás persoas beneficiarias increméntase novamente no ano 2022, acadando as 82.694 prestacións, un 7,2% máis que no ano anterior. Como consecuencia do maior incremento rexistrado no conxunto do Estado (10,1%), o seu peso relativo redúcese unha décima en relación ao ano anterior ata o 4,8% das prestacións en España. O número total de prestacións por persoa beneficiaria sitúase en 1,21 en Galicia, mentres que a media estatal é de 1,32 prestacións por beneficiario.

Desagregando as prestacións en función do seu carácter, o 32,1% das prestacións en Galicia son de tipo económico, un punto porcentual menos que no ano anterior, fronte ao 67,9% das prestacións por servizos. No conxunto de España as prestacións económicas representan o 41,3% das prestacións fronte ao 58,7% das prestacións por servizos. Entre as prestacións económicas o 19,2% das prestacións totais galegas son prestacións para cuidados no entorno familiar (29,9% no Estado).

Dentro das prestacións por servizos salienta o elevado peso relativo das prestacións de axuda a domicilio, que representa o 32,3% do total en Galicia fronte a só o 18,7% de media no Estado; pola contra, servizos como a teleasistencia só representan o 10,8% das prestacións en Galicia fronte a máis do 20% de media no Estado.

A pesar do reducido peso relativo do servizo de teleasistencia, este xunto co servizo de axuda a domicilio, son os que máis se incrementan en termos absolutos en relación ao ano anterior, con 2.269 e 2.057 prestacións máis respectivamente. No extremo contrario sitúanse as prestacións para atención residencial, con 263 prestacións menos, o que supón unha redución do

## Residencias e Centros de Día destinados a persoas maiores en Galicia 2022 <sup>(1)</sup>

| Residencias    |            |               |                    |              |                   |              |
|----------------|------------|---------------|--------------------|--------------|-------------------|--------------|
|                | Privadas   |               | Iniciativa pública |              | Iniciativa social |              |
|                | nº         | prazas        | nº                 | prazas       | nº                | prazas       |
| <b>Galicia</b> | <b>213</b> | <b>10.488</b> | <b>90</b>          | <b>5.180</b> | <b>106</b>        | <b>7.527</b> |
| A Coruña       | 63         | 3.778         | 21                 | 1.749        | 22                | 1.834        |
| Lugo           | 27         | 1.715         | 31                 | 1.235        | 23                | 1.416        |
| Ourense        | 74         | 1.795         | 26                 | 1.132        | 44                | 3.111        |
| Pontevedra     | 49         | 3.200         | 12                 | 1.064        | 17                | 1.166        |
| <b>Total</b>   | <b>409</b> | <b>23.195</b> |                    |              |                   |              |

| Centros de día |            |              |                    |              |                   |            |
|----------------|------------|--------------|--------------------|--------------|-------------------|------------|
|                | Privadas   |              | Iniciativa pública |              | Iniciativa social |            |
|                | nº         | prazas       | nº                 | prazas       | nº                | prazas     |
| <b>Galicia</b> | <b>122</b> | <b>4.973</b> | <b>106</b>         | <b>3.823</b> | <b>19</b>         | <b>739</b> |
| A Coruña       | 39         | 1.687        | 33                 | 1.418        | 11                | 424        |
| Lugo           | 12         | 588          | 32                 | 958          | 3                 | 99         |
| Ourense        | 9          | 292          | 19                 | 612          | 3                 | 150        |
| Pontevedra     | 62         | 2.406        | 22                 | 835          | 2                 | 66         |
| <b>Total</b>   | <b>247</b> | <b>9.535</b> |                    |              |                   |            |

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: Consellería de Política Social

### 4.2.11.

3,8%, o que contrasta coa medra do 3,5% desta prestación en España no último ano.

Segundo os datos do Observatorio da Dependencia, da asociación de directoras e xerentes de servizos sociais, este sector xera en Galicia 52,7 empregos directos por cada millón de euros de gasto público, fronte aos 40,9 empregos en España, situándose Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma cunha maior xeración de emprego tras Castela e León (65,6 empregos), Extremadura (56,1) e Asturias (54,4).

O gasto público medio anual por persoa potencialmente dependente ascende no ano 2022 en Galicia a 762 euros, un 36% inferior á media estatal (1.193 euros/ano), considerando persoas potencialmente dependentes só as que teñen máis de 80 anos e aplicando coeficientes redutores para o conxunto de persoas entre 65 e 80 anos. Comparado co resto das CC.AA., Galicia sitúase como a terceira comunidade co importe máis reducido, só por diante de Canarias (722 euros) e Asturias (690 euros).

O Sistema de atención á dependencia, ademais de repercutir na creación de emprego tamén xera retornos económicos medidos a través da taxa de recuperación

do gasto público, que permite medir o retorno estimado do investimento en dependencia, esta taxa no último ano en España presenta un valor do 41,4% fronte aos 46,6% acadado en Galicia. O Sistema xera en Galicia 172,5 Millóns de euros derivados das cotizacións á Seguridade Social, IRPF das persoas traballadoras ou recadación de IVE polos servizos prestados.

Un servizo fundamental na atención ás persoas maiores en situación de dependencia e discapacidade son os centros de día e á atención residencial (**cadro 4.2.11.**). Neste ámbito, Galicia presenta no último ano un crecemento de intensidade similar, tanto no número de residencias como de prazas. En 2022 Galicia conta cun total de 409 residencias, un 3% máis que no ano anterior (12 residencias máis), das que máis da metade son residencias privadas (213 residencias; 52%) e 106 son de iniciativa social (25,9%), sendo o 22% restante, residencias públicas (90 centros). No que ao número de prazas se refire, as 409 residencias existentes ofertan un total de 23.195 prazas, o que supón un incremento do 2,8% respecto ao ano anterior (643 prazas máis).

Atendendo á desagregación segundo titularidade da residencia, o 45% das prazas ofertadas corresponden a residencias privadas (10.448 prazas), o 26% a residen-

Centros prestadores de servizos sociais 2022 <sup>(1)</sup>

|                                              | A Coruña   | Lugo       | Ourense    | Outra (2) | Pontevedra | TOTAL        |
|----------------------------------------------|------------|------------|------------|-----------|------------|--------------|
| <b>Iniciativa privada con ánimo de lucro</b> | 178        | 62         | 106        | -         | 183        | 529          |
| Discapacidade                                |            | 1          |            |           | 3          | 4            |
| Infancia                                     | 76         | 22         | 23         |           | 68         | 189          |
| Maiores                                      | 102        | 39         | 83         |           | 111        | 335          |
| Menores                                      |            |            |            |           | 1          | 1            |
| <b>Iniciativa pública</b>                    | 233        | 140        | 111        | 5         | 168        | 657          |
| Comunidade                                   | 21         | 14         | 14         |           | 22         | 71           |
| Discapacidade                                | 13         | 5          |            |           | 5          | 23           |
| Igualdade                                    |            |            |            | 5         |            | 5            |
| Inclusión                                    | 2          | 1          | 1          |           | 4          | 8            |
| Infancia                                     | 133        | 55         | 46         |           | 93         | 327          |
| Maiores                                      | 59         | 64         | 45         |           | 36         | 204          |
| Menores                                      | 5          | 1          | 5          |           | 8          | 19           |
| <b>Iniciativa social</b>                     | 224        | 88         | 110        | 1         | 182        | 605          |
| Comunidade                                   | 1          |            |            |           | 2          | 3            |
| Discapacidade                                | 98         | 30         | 32         |           | 72         | 232          |
| Igualdade                                    |            | 2          | 1          | 1         |            | 4            |
| Inclusión                                    | 42         | 8          | 14         |           | 29         | 93           |
| Infancia                                     | 25         | 2          | 3          |           | 32         | 62           |
| Maiores                                      | 39         | 29         | 49         |           | 20         | 137          |
| Menores                                      | 19         | 17         | 11         |           | 27         | 74           |
| <b>Total</b>                                 | <b>635</b> | <b>290</b> | <b>327</b> | <b>6</b>  | <b>533</b> | <b>1.791</b> |

(1) datos a 31 decembro

(2) fai referencia a entidades que teñen o seu domicilio social fora de Galicia

Fonte: Consellería de Política Social

## 4.2.12.

cias de iniciativa social (7.527), ofertando os centros públicos o 22%, o que supón 5.180 prazas.

Máis da metade das prazas residenciais ofertadas nas provincias de A Coruña e Pontevedra están en centros privados, o que contrasta coa provincia de Ourense onde o 51,5% das prazas corresponden a centros de iniciativa social como fundacións, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro, presentando o peso relativo máis baixo das catro provincias tanto no concernente ás prazas públicas, co 18,7%, como ás privadas (29,7%). A provincia de Lugo rexistra o maior peso relativo das prazas en residencias públicas co 28,3% do total, seguida da provincia de A Coruña, cun 23,8% das súas prazas residenciais, de Pontevedra co 19,9% e finalmente o xa citado 18,7% do total na provincia de Ourense.

Outro recurso básico no coidado de maiores son os centros de día. Tras un aumento en torno ao 1% tanto no número de centros como de prazas, Galicia conta

en 2022 con 247 centros de día que ofertan un total de 9.535 prazas. Ao igual que acontece no caso das residencias, predominan os centros privados, que representan en torno á metade dos centros e prazas (122 centros e 4.973 prazas ofertadas).

Finalmente, no que respecta aos servizos de atención á dependencia, é acaído ter en conta aos coidadores non profesionais. Os coidadores non profesionais das persoas en situación de dependencia que sexan perceptores da prestación económica correspondente (RD 615/2007) poden subscribir o convenio especial de coidadores non profesionais da SS cando non se atopen en situación de alta en calquera outro réxime da SS a tempo completo, desemprego ou sexa perceptor de determinada prestacións. A modificación do devandito RD a partir do 1 de abril de 2019, que establece que as cotas correspondentes aos convenios especiais da SS dos coidadores non profesionais das persoas en situación de dependencia, serán aboadas pola Administra-



## Coidadores non profesionais: afiliados en alta na Seguridade Social 2008-22 (1)

|      | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | España | Galicia /<br>España<br>(%) |
|------|---------|----------|------|---------|------------|--------|----------------------------|
| 2008 | 2.484   | 818      | 384  | 567     | 715        | 42.910 | 5,8                        |
| 2013 | 1.737   | 567      | 304  | 358     | 508        | 16.736 | 10,4                       |
| 2019 | 2.976   | 1.237    | 363  | 294     | 1.082      | 55.051 | 5,4                        |
| 2020 | 3.576   | 1.464    | 435  | 315     | 1.362      | 60.293 | 5,9                        |
| 2021 | 4.296   | 1.810    | 492  | 327     | 1.667      | 67.225 | 6,4                        |
| 2022 | 4.687   | 1.915    | 518  | 365     | 1.889      | 69.605 | 6,7                        |

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

A Disposición Transitoria decimoterceira do Real Decreto-Lei 20/2012 establece que os convenios especiais no Sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais extingúranse o día 31 de agosto de 2012, agás que o subscritor solicite expresamente o mantemento do mesmo; neste caso, dende o día 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2012 a cotización terá unha redución do 10%, estando o 5% restante da cota a cargo da Administración e o 85% a cargo do coidador. A partir do día 1 de xaneiro de 2013, o convenio especial será a cargo exclusivamente do coidador profesional.

Fonte: Seguridad Social, *Series de Cuidadores No Profesionales*

## 4.2.13.

ción Xeral do Estado, explica o notable incremento no número de afiliados ao convenio de coidadores non profesionais en Galicia dende ese momento. Como se aprecia no **cadro 4.2.13.**, no último ano Galicia conta con 4.687 persoas coidadoras nesta situación, 391 persoas máis que no ano anterior, concentrándose en Galicia o 6,7% de coidadores non profesionais do Estado, tres décimas porcentuais máis que no ano anterior.

- **Discapacidade**

Tal como se sinalou na introdución deste apartado dedicado á dependencia e á discapacidade, as persoas con discapacidade afrontan unha situación de vulnerabilidade económica e de risco de pobreza que as prestacións monetarias e de servizos permiten paliar en parte. Neste senso os centros de atención ás persoas discapacitadas son un recurso fundamental.

No ano 2022, (**cadro 4.2.12.**) o número de centros de atención a persoas discapacitadas en Galicia é de 259, catro máis que no ano precedente, dos que tan só 23 son de titularidade pública e 4 corresponden a centros de iniciativa privada con ánimo de lucro, a gran maioría de centros (232) son centros de iniciativa social.

Unha das causas que determina de xeito directo a vulnerabilidade económica das persoas con discapacidade

son as dificultades existentes para a súa incorporación ao mercado laboral.

Os efectos sobre os contratos derivados das modificacións normativas introducidas polo Real Decreto-Lei, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, que xa analizamos no Capítulo 2: *Mercado de traballo e relacións laborais*, son evidentes nos contratos de traballo iniciais asinados con persoas discapacitadas.

Neste senso, tal como acontece a nivel xeral, prodúcese no ano 2022 un importante incremento no número de contratos indefinidos asinados por persoas con discapacidade que pasan, tal como se observa no **cadro 4.2.14.**, de 598 en 2021 a 1.310 en 2022. Nesta liña, tamén se incrementa o número de contratos convertidos en indefinidos e os contratos indefinidos bonificados. Fronte a estes incrementos, redúcese o número de contratos temporais (-6,4%) e as prórrogas dos contratos temporais (-9%).

Tras esta evolución, o **cadro 4.2.14.** reflicte que no último ano asináronse en Galicia un total 1.310 contratos indefinidos para persoas con discapacidade, máis do dobre que no ano anterior, dos que 141 son a fixos discontinuos, case cinco veces máis que os asinados no

Contratos de traballo iniciais para persoas discapacitadas en Galicia e España 2022 <sup>(1)</sup>

|                                                                   | Galicia |          |      |         |            | España | G / E |
|-------------------------------------------------------------------|---------|----------|------|---------|------------|--------|-------|
|                                                                   | Total   | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |        |       |
|                                                                   |         |          |      |         |            |        | (%)   |
| <b>C. indefinidos persoas con discapacidade</b>                   | 1.310   | 514      | 171  | 133     | 492        | 18.284 | 7,2   |
| Homes                                                             | 809     | 308      | 112  | 85      | 304        | 10.821 | 7,5   |
| Mulleres                                                          | 501     | 206      | 59   | 48      | 188        | 7.463  | 6,7   |
| Xornada completa                                                  | 756     | 294      | 88   | 84      | 290        | 9.902  | 7,6   |
| Xornada parcial                                                   | 413     | 158      | 69   | 40      | 146        | 6.136  | 6,7   |
| Fixos discontinuos                                                | 141     | 62       | 14   | 9       | 56         | 2.246  | 6,3   |
| <b>C. temporais persoas con discapacidade</b>                     | 1.498   | 657      | 146  | 118     | 577        | 25.425 | 5,9   |
| Homes                                                             | 943     | 425      | 97   | 77      | 344        | 15.279 | 6,2   |
| Mulleres                                                          | 555     | 232      | 49   | 41      | 233        | 10.146 | 5,5   |
| Xornada completa                                                  | 971     | 419      | 74   | 74      | 404        | 16.441 | 5,9   |
| Xornada parcial                                                   | 527     | 238      | 72   | 44      | 173        | 8.984  | 5,9   |
| 12 meses                                                          | 1.465   | 638      | 146  | 114     | 567        | 24.852 | 5,9   |
| > 12 a 18 meses                                                   | 31      | 19       | -    | 4       | 8          | 512    | 6,1   |
| > 18 a 24 meses                                                   | 2       | -        | -    | -       | 2          | 36     | 5,6   |
| máis de 24 meses                                                  | -       | -        | -    | -       | -          | 25     | 0,0   |
| <b>Prórroga contratos temporais a discapacitados</b>              | 730     | 237      | 54   | 61      | 378        | 10.339 | 7,1   |
| <b>C. convertidos en indefinidos de persoas con discapacidade</b> |         |          |      |         |            |        |       |
| C. Temporais a persoas discapacidade                              | 622     | 267      | 52   | 45      | 258        | 7.959  | 7,8   |
| <b>C. Indefinidos bonificados a persoas con discapacidade</b>     | 2.671   | 1.248    | 264  | 199     | 960        | 44.833 | 6,0   |

(1) datos acumulados a 31/12

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

## 4.2.14.

ano anterior. Os contratos temporais a persoas con discapacidade ascenderon a 1.465, dos que 971 son a xornada completa.

O incremento interanual no número de contratos indefinidos asinados por persoas con discapacidade é moi inferior ao rexistrado na contratación xeral, polo que, de cada mil contratos indefinidos asinados en Galicia no último ano só 6,5 corresponden a persoas con discapacidade (13,2 no ano anterior) sendo de 3,2 no conxunto do Estado.

No caso dos contratos temporais a caída nos contratos con persoas discapacitadas (-6,4%) é moito máis moderada que a que se produce na contratación temporal xeral (-30,6% en relación ao ano anterior). Así de cada mil contratos temporais 2,6 son de persoas con discapacidade (1,9 no ano 2021) sendo do 2,2 en España (1,2 no ano precedente).

## Familia e infancia

A Enquisa Estrutural de Fogares publicada polo IGE con datos para 2021 reflicte que a tipoloxía de fogar máis recorrente en Galicia corresponde aos compostos por unha parella con fillos, cun 30,4% do total, por diante dos fogares compostos por parellas sen fillos, co 24%, e dos fogares unipersoais, co 23,1%, sendo estes últimos os que máis medran en relación ao ano anterior. Como reflicte o **cadro 4.2.15.**, se se toma como referencia o ano 2008 cómpre resaltar o cada vez maior peso relativo dos fogares unipersoais e os compostos por unha parella sen fillos (3,4 e 2,5 puntos máis entre os anos 2008 e 2021), así como a significativa caída dos fogares formados por unha parella con fillos (4,8 puntos porcentuais menos que no ano 2008).

A tipoloxía dos fogares ven determinada de xeito directo polo crecemento vexetativo así como polo pro-

Fogares 2008-21: tipoloxías segundo o tamaño do concello <sup>(1)</sup>

|                    | < 10.000 hb. | Entre 10.000 e<br>20.000 hb | Entre 20.000 e<br>50.000 hb. | >50.000 hb | Total |
|--------------------|--------------|-----------------------------|------------------------------|------------|-------|
|                    | (%)          |                             |                              |            |       |
| Unipersoal         |              |                             |                              |            |       |
| 2008               | 23,2         | 17,5                        | 16,8                         | 18,9       | 19,6  |
| 2013               | 24,2         | 18,5                        | 18,4                         | 22,8       | 21,8  |
| 2018               | 23,8         | 20,1                        | 19,9                         | 24,4       | 22,8  |
| 2019               | 23,9         | 20,7                        | 20,7                         | 22,5       | 22,3  |
| 2020               | 23,2         | 19,5                        | 20,2                         | 24,0       | 22,4  |
| 2021               | 22,9         | 21,3                        | 21,6                         | 24,6       | 23,1  |
| Sen núcleo         |              |                             |                              |            |       |
| 2008               | 3,2          | 1,7                         | 1,5                          | 2,9        | 2,6   |
| 2013               | 2,3          | 1,8                         | 1,9                          | 2,2        | 2,1   |
| 2018               | 2,4          | 1,0                         | 1,0                          | 2,1        | 1,8   |
| 2019               | 2,6          | 1,4                         | 1,9                          | 2,2        | 2,1   |
| 2020               | 2,2          | 1,7                         | 2,8                          | 2,5        | 2,3   |
| 2021               | 2,5          | 1,9                         | 1,6                          | 2,5        | 2,2   |
| Parella con fillos |              |                             |                              |            |       |
| 2008               | 27,9         | 38,5                        | 39,6                         | 38,0       | 35,2  |
| 2013               | 26,8         | 37,8                        | 38,9                         | 34,1       | 33,2  |
| 2018               | 24,9         | 34,5                        | 37,0                         | 32,7       | 31,3  |
| 2019               | 25,8         | 33,9                        | 34,6                         | 31,6       | 30,8  |
| 2020               | 25,6         | 33,4                        | 35,2                         | 30,5       | 30,3  |
| 2021               | 25,5         | 33,6                        | 34,7                         | 31,0       | 30,4  |
| Parella sen fillos |              |                             |                              |            |       |
| 2008               | 21,3         | 21,6                        | 23,0                         | 20,7       | 21,4  |
| 2013               | 22,8         | 21,7                        | 23,2                         | 22,9       | 22,7  |
| 2018               | 24,6         | 22,9                        | 22,9                         | 23,1       | 23,5  |
| 2019               | 23,3         | 21,6                        | 23,4                         | 23,6       | 23,1  |
| 2020               | 25,3         | 25,6                        | 21,3                         | 24,4       | 24,4  |
| 2021               | 25,0         | 24,4                        | 23,6                         | 23,1       | 24,0  |
| Monoparental       |              |                             |                              |            |       |
| 2008               | 7,2          | 7,7                         | 7,9                          | 10,6       | 8,6   |
| 2013               | 7,5          | 8,9                         | 7,8                          | 11,0       | 9,1   |
| 2018               | 9,1          | 9,9                         | 9,5                          | 10,9       | 9,9   |
| 2019               | 9,7          | 10,4                        | 10,7                         | 12,5       | 11,1  |
| 2020               | 8,8          | 9,1                         | 10,8                         | 12,2       | 10,4  |
| 2021               | 8,4          | 9,3                         | 9,2                          | 11,9       | 10,0  |
| Un núcleo e outros |              |                             |                              |            |       |
| 2008               | 11,6         | 8,6                         | 7,4                          | 6,2        | 8,5   |
| 2013               | 10,9         | 7,1                         | 6,6                          | 4,9        | 7,4   |
| 2018               | 10,1         | 6,6                         | 5,8                          | 5,0        | 6,9   |
| 2019               | 9,7          | 7,8                         | 5,8                          | 5,5        | 7,1   |
| 2020               | 9,8          | 5,8                         | 6,6                          | 4,9        | 6,8   |
| 2021               | 10,5         | 6,1                         | 6,8                          | 4,7        | 7,0   |
| Varios núcleos     |              |                             |                              |            |       |
| 2008               | 5,7          | 4,4                         | 3,9                          | 2,6        | 4,0   |
| 2013               | 5,4          | 4,3                         | 3,4                          | 2,0        | 3,6   |
| 2018               | 5,1          | 5,1                         | 3,9                          | 2,0        | 3,7   |
| 2019               | 5,0          | 4,3                         | 2,9                          | 2,2        | 3,5   |
| 2020               | 5,0          | 4,9                         | 3,2                          | 1,6        | 3,4   |
| 2021               | 5,3          | 3,5                         | 2,5                          | 2,2        | 3,4   |
| Total              | 100          | 100                         | 100                          | 100        | 100   |

(1) Datos a 31 de decembro de cada ano

Fonte: IGE, Enquisa estrutural a fogares

## Escolas infantís 2022: distribución segundo tipo de iniciativa e provincia

|                                              | Centros    | Prazas             |                    |                      |
|----------------------------------------------|------------|--------------------|--------------------|----------------------|
|                                              |            | poboación 0-3 anos | prazas / poboación | (prazas / 100 habs.) |
| <b>Iniciativa pública</b>                    | 258        | 16.893             | 63.377             | 26,7                 |
| A Coruña                                     | 116        | 8.011              | 27.005             | 29,7                 |
| Lugo                                         | 34         | 1.955              | 7.002              | 27,9                 |
| Ourense                                      | 21         | 1.374              | 5.980              | 23,0                 |
| Pontevedra                                   | 87         | 5.553              | 23.390             | 23,7                 |
| <b>Iniciativa privada con ánimo de lucro</b> | 178        | 9.715              | 63.377             | 15,3                 |
| A Coruña                                     | 71         | 4.048              | 27.005             | 15,0                 |
| Lugo                                         | 21         | 957                | 7.002              | 13,7                 |
| Ourense                                      | 23         | 1.080              | 5.980              | 18,1                 |
| Pontevedra                                   | 63         | 3.630              | 23.390             | 15,5                 |
| <b>Iniciativa social</b>                     | 60         | 3.632              | 63.377             | 5,7                  |
| A Coruña                                     | 25         | 1.454              | 27.005             | 5,4                  |
| Lugo                                         | 2          | 60                 | 7.002              | 0,9                  |
| Ourense                                      | 3          | 84                 | 5.980              | 1,4                  |
| Pontevedra                                   | 30         | 2.034              | 23.390             | 8,7                  |
| <b>Total</b>                                 | <b>496</b> | <b>30.240</b>      | <b>63.377</b>      | <b>47,7</b>          |
| A Coruña                                     | 212        | 13.513             | 27.005             | 50,0                 |
| Lugo                                         | 57         | 2.972              | 7.002              | 42,4                 |
| Ourense                                      | 47         | 2.538              | 5.980              | 42,4                 |
| Pontevedra                                   | 180        | 11.217             | 23.390             | 48,0                 |

Fonte: Consellería de Política Social

## 4.2.16.

gresivo envellecemento da poboación en Galicia. Neste senso resulta destacable a caída no número de fogares que rexistran altas, pasando de 27.272 fogares en 2020 a 23.604 no ano posterior, sendo consecuencia de nacementos, adopcións ou acollementos só a metade das altas rexistradas.

No que respecta á composición dos fogares en función da idade dos membros do mesmo, en 78 de cada cen fogares galegos non reside ningún menor de 16 anos, superando esta porcentaxe o 80% nas provincias de Ourense e Lugo.

A cada vez menor taxa de natalidade é un problema xeneralizado en todos os países desenvolvidos. Unha das medidas máis acaídas á hora de tratar de favorecer a conciliación familiar é a creación de prazas en escolas infantís. En Galicia en 2022 (**cadro 4.2.16.**), o número de escolas infantís descendeu ata as 496, dúas menos que no ano anterior, situándose o número de prazas

ofertadas nas 30.240, 76 máis que en 2021. Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos continúa coa súa tendencia descendente, acadando as 63.377 persoas (-5,8%), a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 47,8, case tres puntos por riba do rexistrado no ano anterior. A Coruña sitúase como a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 212 centros existentes ofrecen unha rateo de 50 prazas, tres prazas máis que no ano anterior. Séguelle Pontevedra, con 48 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos, e Ourense e Lugo, con 42,4 prazas por cada 100 nenos menores de 3 anos.

Atendendo á distribución segundo a titularidade dos centros, no ano 2022 a metade dos centros infantís galegos son de iniciativa pública (258; 52%) e concentran o 55,9% das prazas (16.893 prazas), de xeito que o número de prazas públicas por cada cen nenos de 0-3 anos é de 26,7 prazas. A nivel provincial o 59,6% das escolas infantís de Lugo son de iniciativa pública, por-

## Denuncias por violencia de xénero 2021-22

|                                                         | 2022         | 2021         | 2022/21      |               |
|---------------------------------------------------------|--------------|--------------|--------------|---------------|
|                                                         |              |              | (%)          |               |
| Presentada directamente pola vítima                     | 131          | 155          | - 24         | - 15,5        |
| Presentada directamente por familiares                  | 2            | 1            | 1            | 100,0         |
| Atestados policiais - con denuncia vítima               | 4.051        | 5.107        | - 1.056      | - 20,7        |
| Atestados policiais - con denuncia familiar             | 55           | 116          | - 61         | - 52,6        |
| Atestados policiais - por intervención directa policial | 887          | 514          | 373          | 72,6          |
| Parte de lesións                                        | 155          | 280          | - 125        | - 44,6        |
| Servicios asistencia-Terceiros en xeral                 | 81           | 86           | - 5          | - 5,8         |
| <b>TOTAL</b>                                            | <b>5.362</b> | <b>6.259</b> | <b>- 897</b> | <b>- 14,3</b> |

Fonte: Ministerio de Igualdad, Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género

## 4.2.17.

centaxe que se sitúa no 65,8% no caso das prazas ofertadas, sendo a porcentaxe máis reducida a que corresponde á provincia de Ourense co 44,7% das escolas infantís de iniciativa pública e o 54,1% das prazas. En termos relativos, en Ourense e Pontevedra o número de prazas públicas por cada cen nenos de 0-3 anos é de 23 e 23,7 prazas, presentando A Coruña a taxa máis elevada, con 29,7 prazas seguida de Lugo con 27,9.

## Violencia de xénero e violencia doméstica

Na lei estatal 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, defínese a violencia de xénero como a manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, que se exerce sobre estas por parte de quen sexan ou teñan sido os seus cónxuxes, ou de quen están ou teñan estado ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia, e comprende todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade.

Para tratar de medir a incidencia da violencia de xénero nunha sociedade pode utilizarse a evolución das chamadas ao teléfono de atención 016, o número de denuncias e, por suposto, o número de asasinadas vítimas de violencia de xénero.

No que respecta ao número de chamadas pertinentes

ao Servizo telefónico de información, de asesoramento xurídico e de atención psicosocial inmediata por persoal especializado a todas as formas de violencia contra as mulleres (016), en Galicia en 2022 rexistráronse un total de 4.492 chamadas, 929 máis que no ano precedente, das que 3.262 foron realizadas pola propia “usuaria” (72,6%) e 1.021 por familiares ou persoas achegadas (22,7% do total). O número de chamadas a este servizo incrementouse no último ano un 26% en Galicia fronte ao 17,3% de incremento medio no Estado.

Un segundo medidor da violencia de xénero sería o número de denuncias presentadas. Por terceiro ano consecutivo descende o número de denuncias por violencia de xénero en Galicia, rexistrándose un total de 5.362 denuncias (**cadro 4.2.17.**), o que supón unha caída interanual do 14,3% (897 denuncias menos).

Os datos da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero reflicten que, a pesar da caída interanual de máis do 20% no ano 2022, 75 de cada cen denuncias teñen a súa orixe en atestados policiais con denuncias da vítima (75,5%) e un 16,5% en atestados policiais cunha denuncia por intervención directa policial. Como se amosa no **cadro 4.2.17.**, en termos absolutos o maior descenso rexístrase no caso das denuncias da vítima tras atestado policial, con 1.056 denuncias menos, incrementándose en 373 as denuncias no caso dos atentados policiais por intervención directa policial.

Finalmente, segundo os datos da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero no ano 2022 no se rexistrou ningún falecemento en Galicia por mor de violencia de xénero (un no ano anterior).

Por último, en 2022 incoáronse un total de 1.430 ordes de protección, 354 menos que no ano anterior, descendendo o número de ordes resoltas favorablemente ata as 970 (206 ordes menos); tamén descende o número de ordes denegadas, que se sitúa en 453 (145 menos que en 2021). Nove de cada dez ordes de protección incoadas en Galicia no ano 2022 son a instancia da vítima.

Atendendo á distribución segundo grupos de idade, os datos presentados polo INE na súa Estatística de violencia doméstica e violencia de xénero reflicten que o 1,3% das vítimas de violencia de xénero con ordes de protección ou medidas cautelares en Galicia en 2022 son persoas menores de 18 anos (17 persoas) e un 12,6% persoas con idades comprendidas entre 18 e 24 anos (167 persoas). En conxunto, os menores de 25 anos concentran o 13,9% das vítimas de violencia de xénero en Galicia, fronte ao 15,3% do conxunto do Estado. O colectivo que concentra o maior número de vítimas é o de persoas entre 25 e 44 anos, co 55,7% en Galicia e un 61,1% en España; en tanto que entre as persoas de 45 a 64 anos o peso relativo é do 26,5% e 21,3%, respectivamente.

Finalmente salientar que no ano 2022 en relación ao ano anterior, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, increméntanse o número de vítimas en todos os rangos de idade, agás no de persoas menores de 18 anos.

#### • Violencia doméstica

Por violencia doméstica enténdese todo acto de violencia física ou psicolóxica exercida tanto por homes como por mulleres, sobre calquera persoa enumerada no artigo 173.2 do Código Penal agás os casos específicos de violencia de xénero.

Continuando coa tendencia iniciada no ano anterior, en 2022 novamente descende lixeiramente o número de

vítimas en asuntos de violencia doméstica tanto en Galicia como en España. En 2022 rexistráronse en Galicia un total de 332 vítimas en asuntos de violencia doméstica, 64 menos que no ano anterior (-16,2%), o que representa o 4,1% do total estatal. Este descenso prodúcese tanto no caso de vítimas masculinas (27 menos) como femininas (37 menos), situándose o número de mulleres vítimas de violencia doméstica en 217 (o 65,4% do total) e en 115 no caso dos homes (o 34,6% restante).


Atendendo ao tipo de infraccións penais imputadas á persoa denunciada, tanto en Galicia como en España as máis elevadas son as de lesións, seguidas das de torturas e integridade moral e en terceiro lugar, as de ameazas. En Galicia, das 309 infraccións penais imputadas un total de 151 corresponden a lesións (o 48,9%), fronte ás 67 infraccións consideradas como torturas e integridade moral (21,7%), e ás 45 infraccións por ameazas (o 14,6%).

No ano 2022 rexistrouse un descenso do 7,4% no número de persoas condenadas con sentenza firme por delitos de violencia doméstica, respecto ao ano anterior (24 sentencias firmes menos), acadando as 303 sentencias, o 4,3% do total estatal.

Analizando as persoas condenadas por grupos de idades, no grupo de idade de menores de 18 anos, en 2022 rexístranse, 19 sentencias firmes, unha menos que no ano anterior. De 18 a 24 anos, hai 37 persoas condenadas no ano 2022, cinco menos que no ano anterior. O grupo de idade onde se concentra o 48,2% do total de persoas condenadas é o comprendido entre 25 e 44 anos, con 146 sentencias firmes, 32 menos que en 2021. Por contra, nos grupos de 45 a 64 anos, e maiores de 65 anos, en 2022 increméntanse o número de persoas condenadas, con 91 e 10 respectivamente (82 e 7 no ano 2021).

A diferenza do acontecido no ano anterior, en 2022 diminúen as sentenzas firmes entre homes e mantense o mesmo número entre as mulleres. No último ano rexistráronse 171 sentencias firmes entre os homes, 24 menos que no ano anterior (-12,3%), e 132 no caso das mulleres, a mesma cifra que en 2021.

Delitos incoados en Galicia en procedimientos de menores 2008-2021



Fonte: Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia, Memoria 2022 (ejercicio 2021)

#### 4.2.18.

No que ao maltrato infantil se refire, no ano 2021 rexístrase unha caída do número de vítimas de violencia doméstica. Das devanditas 332 vítimas en asuntos de violencia doméstica, 56 persoas son menores de 18 anos (55 menos que no ano anterior; o que supón unha caída do 49,5%). As vítimas menores de idade representan o 16,9% do total de vítimas en Galicia, porcentaxe que se sitúa no 22,1% no conxunto de España. No ano anterior os menores de 18 anos vítimas de violencia doméstica representaban o 28% do total de vítimas en Galicia fronte ao 31,6% en España.

Atendendo á desagregación segundo xénero, cómpre mencionar que case sete de cada dez vítimas de violencia doméstica en Galicia son mulleres (en concreto, o 65,4%). Dentro do colectivo feminino vítima de violencia doméstica, o grupo de idade onde se rexistran un maior número de vítimas é de 65 e máis anos con 76 mulleres; no caso dos homes vítimas de violencia doméstica o colectivo cun maior número de vítimas é o comprendido entre 45 a 64 anos, con 35 homes con orde de protección ou medidas cautelares.

#### Atención a menores

Os datos da memoria de 2022 da Fiscalía da Comunidade Autónoma, correspondentes ao exercicio 2021

(último dato dispoñible), recollen un notable incremento nos delitos incoados a menores con 3.305 delitos, despois do notable descenso rexistrado en 2020 motivado polas circunstancias especiais derivadas do confinamento. Atendendo ao tipo de procedemento, no ano 2021 houbo 2.221 dilixencias preliminares, o que supón un aumento do 21,8% respecto ao ano precedente (397 máis), rexistrándose tamén un aumento no caso dos expedientes de reforma, que acadan os 806 expediente (174 máis).

Segundo a estatística xudicial, o número de menores enxuízados (intervidos) aumenta no último ano analizado a 622, trinta máis que no ano anterior, o que supón un 5,1% máis.

No concernente á distribución segundo franxas de idade dos menores enxuízados, 137 menores tiñan 14 ou 15 anos, un 6,2% maior ao rexistrado no ano anterior (8 menores máis), e os 485 restantes entre 16 e 17 anos (22 menores máis; 4,7%). Asemade, cómpre mencionar que o 83% dos menores son de nacionalidade española (517 persoas) e o 17% restante de nacionalidade estranxeira (105 persoas).

Segundo a estatística fiscal, os delitos e faltas máis importantes cuantitativamente son os delitos contra o pa-

## Protección de menores en Galicia 2016-2021

|                                                                                 | 2016  | 2017  | 2018  | 2019  | 2020  | 2021  |
|---------------------------------------------------------------------------------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| Expedientes de tutela automática incoados tras comunicación da entidade pública | 314   | 363   | 1.478 | 945   | 539   | 324   |
| Expediente de garda incoados tras comunicación da entidade pública              | 201   | 263   | 650   | 1.098 | 228   | 317   |
| Expedientes de protección abertos a menores en situación de risco               | 1.321 | 1.475 | 2.571 | 1.640 | 1.547 | 1.558 |
| Procedementos de impugnación de medidas acordadas polas entidades públicas      | 60    | 76    | 159   | 76    | 76    | 63    |
| A instancia del fiscal                                                          | -     | 1     | -     | 1     | 1     | 1     |
| A instancia de particulares                                                     | 60    | 75    | 159   | 75    | 75    | 62    |
| Intervención em procesos xudiciais relativos a acollementos                     | 46    | 57    | 249   | 466   | 41    | 482   |
| Intervención en adopcións                                                       | 79    | 109   | 81    | 122   | 84    | 121   |
| Intervención en procesos de defensa dos dereitos fundamentais                   | 25    | 8     | 79    | 52    | 1     | 42    |
| Visitas de inspección a centros de protección de menores                        | 74    | 63    | 107   | 143   | 79    | 93    |
| Procesos sobre sustracción internacional de menores                             | 1     | 2     | 3     | 6     | 3     | 2     |
| Expedientes sobre ensaios clínicos                                              | 3     | -     | -     | -     | -     | -     |

Fonte: Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia, *Memoria 2022 (ejercicio 2021)*

## 4.2.19.

rimonio, con 1.111 delitos incoados, incluídos 561 delitos patrimoniais leves, seguido dos delitos de lesións (338), e violencia familiar, tanto doméstica como de xénero (253).

Finalmente, no que respecta ás medidas de protección do menor, o **cadro 4.2.19.** resume os principais datos dos expedientes de protección de menores nos últimos anos. Salientan, polo seu número, os expedientes de protección abertos a menores en situación de risco, con 1.558 expedientes en 2021; os de tutela automática incoados tras comunicación da entidade pública, con 324 expedientes, e os 324 expedientes de garda incoados tras comunicación das entidades públicas.

Comparado coa situación antes da pandemia, cómpre resaltar o forte descenso dos expedientes de tutela automática e de garda incoados tras comunicación da entidade pública. De forma xeral en relación ao ano 2019 diminúen todas as medidas de protección agás as intervencións en procesos xudiciais relativos a acollementos.

Finalmente, en Galicia lévanse a cabo programas e actuacións dirixidas á atención de menores en situación de desprotección social e de prevención da violencia ou maltrato infantil. Segundo a Memoria da Conselleira de Política Social correspondente ao ano 2021, última memoria publicada, estes programas son os seguintes:

### 1.- Atención a menores en situación de desprotección social:

1.1.- Atención a menores en centros de protección: A súa finalidade é prestar atención nunha institución a aqueles menores que, por distintas circunstancias sociofamiliares, necesitan ser separados temporalmente do seu núcleo familiar e para os que non é viable a utilización doutro recurso. A 31 de decembro de 2021 Galicia dispoñía de 9 centros de titularidade propia, dos cales 4 son de xestión directa e 5 de xestión concertada, e 67 centros concertados dependentes de entidades colaboradoras de iniciativa social.

Nos centros propios atendéronse en 2020 un total de 238 menores (195 en réxime de internado), ascendendo a 1.537 os menores atendidos en centros colaboradores (1.036 menores en réxime de internado).

Para a atención de menores con características que requiran unha atención en centros especializados, existen colaboracións con outras institucións mediante a realización de contratos individualizados. No ano 2021, último dato dispoñible, o número de menores atendidos foi de 90.

1.2.- Acollemento familiar: O acollemento familiar pode definirse como aquel recurso de protección temporal e revogable, orientado ao coidado de menores que se atopan privados, aínda que sexa circunstancialmente, dunha



axeitada atención e que consiste en confiar o coidado dun menor a unha persoa ou familia que reúna as condicións persoais, educativas e materiais necesarias para proporcionarlle unha vida familiar. O acollemento pode facerse na familia extensa do menor ou ben en familias alleas. Ademais o acollemento pode ser remunerado ou non, en función das circunstancias socioeconómicas e persoais do menor e acolledores e o tipo de acollemento. No ano 2021 beneficiáronse deste programa un total de 1.210 menores, dos que 962 foron acollidos pola súa familia extensa e 248 por familias alleas.

1.3.- Adopción de menores: A finalidade deste programa é proporcionarlles aos menores en situación legal de seren adoptados, unha familia que satisfaga as súas necesidades afectivas, socioeducativas e de desenvolvemento persoas, facendo prevalecer o interese do menos sobre calquera outros. A adopción constitúe un acto xurídico mediante o que se establece unha relación de filiación entre os adoptantes e o/a menor, extinguíndose así os vínculos deste cos súa familias de orixe, e integrándose plenamente no seu novo núcleo familiar cunha equiparación plena de dereitos coa familia biolóxica. En Galicia no ano 2021 aumenta o número de solicitudes de adopción nacional, que se sitúa en 95 (25 máis que no ano precedente), producíndose 30 autos de adopción nacional (dez menos que no ano anterior). No que respecta ás solicitudes de adopcións internacionais, ao longo do ano 2021 presentáronse 65 solicitudes de adopción e producíronse 18 preasignacións de menores en adopción internacional.

1.4.- Programa Mentor: Recurso mediante o que se proporciona información, formación e acompañamento á inserción dos menores tutelados, ou en garda pola Administración autonómica, co fin de que poidan conseguir unha inserción laboral e social plenamente independente. A poboación sobre a que incidíu o programa estivo formada por 631 persoas cos que se desenvolveron accións encamiñadas a súa inserción laboral (348 mozos e 283 mozas).

1.5.- Programa de Integración Familiar (PIF): Programa de intervención con menores e as súas familias, co obxecto de acadar unha convivencia normalizada no ám-

bito familiar mediante unha intervención educativa, terapéutica e asistencial. No ano 2021 foron atendidos 172 nenos e 129 nenas e 187 familias.

1.6.- Programa de atención socioeducativa "Na rúa": Este programa está destinado a nenos e nenas, preferentemente adolescentes de 15 a 18 anos, e as súas familias. Ten como obxectivo xeral favorecer procesos de inserción social de menores e familias, a través dunha intervención socioeducativa e preventiva. Abarca diferentes contextos: persoal e grupal, familiar, escolar, prelaboral e sociocomunitario. Desenvólvese nas cidades de Ourense, Vigo, A Coruña e Lugo, sendo atendidos un total de 153 menores.

1.7.- Programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco e desamparo: Este programa de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Universidade da Coruña inclúe o deseño e aplicación do tratamento terapéutico aos menores derivados polos equipos técnicos de menores. Beneficiáronse deste programa 290 menores no ano 2021 (146 homes e 144 mulleres).

1.8.- Programa de intervención ambulatoria con adolescentes que teñan aberto expediente de protección e en conflito social: Este programa ten por obxecto a asistencia individualizada e especializada nos eidos psicolóxico e socio educativo dos menores que presentan perfís caracterizados por condutas disociais, comisión de delitos, consumo de drogas, fracaso, expulsión e/ou violencia escolar, pertenza a pandillas disociais, trastornos psicopatolóxicos, etc.. No ano 2021 asistiron 100 adolescentes ao dito programa (59 mulleres).

1.9.- Teléfono da infancia (116111): Liña gratuíta de atención, apoio e escoita a menores, así como de denuncia de situacións de malos tratos á infancia. No ano 2021 atendéronse en Galicia 1.575 chamadas, das que aproximadamente a metade estaban dirixidas a obter información ou asesoramento (355 e 343 chamadas, respectivamente).

1.10.- Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI): O RUMI é un instrumento informático de rexistro e notifi-

cación de maltrato infantil destinado aos profesionais que simplifica e axiliza a actuación ante unha situación de risco para un/unha menor. O rexistro está actualmente a disposición de dous colectivos fundamentais, os profesionais do ámbito educativo e os das forzas de orde pública. No ano 2021 rexistráronse 28 notificacións.

## **2.- Programas de execución de medidas xudiciais:**

As medidas xudiciais que estiveron en execución durante o ano 2021 son un total de 980 que afectaron a un total de 732 persoas menores, maiores de catorce anos, das que 563 son homes e 171 mulleres.

Os tres delitos máis frecuentes cometidos polos menores que executaron medidas xudiciais foron os de lesións (arts. 147-151, do Código Penal), ameazas (arts. 169-171 do CP.) e roubo con violencia e intimidacións nas persoas (arts. 237-242, do C.P.). 

### 4.3. Cobertura social

**A recente crise sanitaria e a súa derivada económica** e social e os efectos que esta tivo sobre o incremento das desigualdades, pon de manifesto a importancia de afianzar o compoñente redistributivo do sistema público de pensións baseado nun mecanismo de equidade interxeneracional, un modelo que se basea en distintos instrumentos de garantía de rendas, dentro dos que as prestacións do sistema da Seguridade Social teñen un papel fundamental. A protección social que brinda o sistema é especialmente importante en territorios como Galicia, cunha estrutura económica e demográfica onde as prestacións e subsidios sociais son a única ou a principal fonte de rendas de moitos fogares.

No ano 2021, segundo os datos proporcionados pola Enquisa estrutural a fogares publicada polo IGE, o 36% dos ingresos dos fogares galegos proceden de prestacións, porcentaxe que acada o 42% na provincia de Ourense. Así mesmo, no 29,3% dos fogares galegos o 100% dos seus ingresos provén das prestacións, acadando esta porcentaxe na provincia de Ourense case o 36%. Ademais para o 42% dos fogares galegos as prestacións representan máis da metade dos seus ingresos.

A cobertura social en Galicia analízase en primeiro lugar dende o punto de vista das prestacións económicas dos beneficiarios de pensións contributivas. No ano 2022 o número de pensións contributivas aumenta lixeiramente, e mantén o peso sobre o total estatal en torno ao 8%, acadando o seu importe medio só o 85,3% da media estatal.

Xunto a estas pensións contributivas analízanse as prestacións por desemprego. Tras o forte incremento experimentado no ano 2020 por mor das medidas adoptadas para facer fronte aos efectos da covid, en 2021 redúcese significativamente o número de persoas beneficiarias, tendencia que se consolida no ano 2022 con caídas en torno ao 13% no número de beneficiarios.

No ámbito das prestacións non contributivas destacan as pensións non contributivas, que continúan co descenso do número de beneficiarios, pola caída do número de beneficiarios de prestacións por invalidez xa que os beneficiarios de prestacións por xubilación manteñen estable o seu número. En último termo analízanse as prestacións sociais e económicas derivadas da

## Prestacións 2021-22: distribución segundo tipo de cobertura

|                                                                            | Número                    |       | Importe medio |          |
|----------------------------------------------------------------------------|---------------------------|-------|---------------|----------|
|                                                                            | 2022                      | 2021  | 2022          | 2021     |
|                                                                            | (medias anuais, en miles) |       | (en € / mes)  |          |
| <b>Pensións contributivas</b>                                              | 768,3                     | 766,7 | 930,12        | 880,63   |
| Incapacidade permanente                                                    | 71,1                      | 70,1  | 939,79        | 901,79   |
| Xubilación                                                                 | 482,3                     | 481,0 | 1062,23       | 1004,05  |
| Viuvez                                                                     | 184,7                     | 185,5 | 657,76        | 624,45   |
| Orfandade e favor familiar                                                 | 30,1                      | 30,2  | 462,35        | 438,60   |
| <b>Pensións non contributivas</b>                                          | 37,1                      | 37,5  |               |          |
| Invalidez                                                                  | 13,1                      | 13,6  | 486,22        | 431,54   |
| Xubilación                                                                 | 24,0                      | 24,0  | 441,95        | 391,94   |
| <b>Prestacións sociais e económicas para persoas con discapacidade (1)</b> | 0,2                       | 0,2   |               |          |
|                                                                            | (datos a 31-12, en miles) |       | (en € / mes)  |          |
| <b>Prestacións por desemprego *</b>                                        | 84,2                      | 96,6  |               |          |
| Contributivas                                                              | 38,4                      | 45,4  | 887,40        | 861,20   |
| Subsidios                                                                  | 40,7                      | 44,3  | 463,21        | 451,92   |
| Renta activa de inserción                                                  | 4,9                       | 6,8   | 463,21        | 451,92   |
| Programa de activación para o emprego                                      | 0,0                       | 0,0   | 463,21        | 451,92   |
|                                                                            | (beneficiarios anuais)    |       |               |          |
| RISGA                                                                      | 6.247                     | 7.211 | 456,37        | 456,29   |
| AIS                                                                        | 3.283                     | 3.032 | 1.136,75      | 1.219,23 |

(\*) A contía media das prestacións asistenciais (subsídios, renda agraria, RAI e PAE), é do 80% do IPREM=451,92 euros (15,03 € x 30 días)

(1) RDL 1/2013 de 29 de novembro que deroga a Lei 13/1982 de 7 de abril de Integración Social de Minusválidos (LISMI) pasando a denominarse: Prestacións económicas para persoas con discapacidade

RISGA: Renda de integración social de Galicia

AIS: Axudas de inclusión social. Pago único.

Fonte: Ministerio de Traballo y Economía Social e Consellería de Política Social.

## 4.3.1.

Lei de Integración Social dos Minusválidos, as prestacións familiares e o Ingreso Mínimo Vital.

## Pensións contributivas

Estas pensións son a principal partida de gasto do sistema da Seguridade Social, e son un conxunto de prestacións económicas, xeralmente de duración indefinida, cuxa concesión está supeditada normalmente a unha previa relación xurídica coa Seguridade Social, e cuxa contía ven determinada polas aportacións efectuadas por persoas traballadoras e empresarios, se se trata de persoas traballadoras por conta allea, durante o período considerado aos efectos da base reguladora da pensión de que se trate.

A evolución demográfica determina o aumento paulatino no número de pensións contributivas da Seguri-

dade Social acadando en Galicia no último ano as 768.300 pensións, un 0,2% máis que en 2021, un incremento sete décimas inferior ao rexistrado no conxunto do Estado (0,9%). Xunto ao incremento no número de perceptores, no ano 2022 increméntase tamén nun 5,6% o importe medio das citadas prestación, situándose en 930,12 euros de media ao mes, unha contía que segue sendo un 14,6% inferior á media estatal, polo tanto, o importe medio das pensións contributivas en Galicia é tan só un 85,3% do importe medio estatal, porcentaxe case idéntica á do ano anterior, a pesar do incremento de máis do 5% deste importe no último ano.

Un ano máis, Galicia é a segunda Comunidade Autónoma co importe medio das pensións contributivas máis baixo, só por diante de Estremadura (908,7 euros/mes).

### Pensións contributivas en Galicia e España 2021-22: distribución segundo clase

|                                       | Galicia  |          |       | España   |          |       | G / E |      |
|---------------------------------------|----------|----------|-------|----------|----------|-------|-------|------|
|                                       | 2022     | 2021     | 22/21 | 2022     | 2021     | 22/21 | 2022  | 2021 |
| <b>Totais</b>                         |          |          |       |          |          |       |       |      |
| número                                | 768,30   | 766,70   | 0,2   | 9.943,00 | 9.854,16 | 0,9   | 7,7   | 7,8  |
| importe medio                         | 930,12   | 880,63   | 5,6   | 1.089,80 | 1.034,02 | 5,4   | 85,3  | 85,2 |
| <b>Incapacidade permanente</b>        |          |          |       |          |          |       |       |      |
| número                                | 71,10    | 70,10    | 1,4   | 951,07   | 949,77   | 0,1   | 7,5   | 7,4  |
| importe medio                         | 939,79   | 901,79   | 4,2   | 1.034,86 | 993,96   | 4,1   | 90,8  | 90,7 |
| <b>Xubilación</b>                     |          |          |       |          |          |       |       |      |
| número                                | 482,30   | 481,00   | 0,3   | 6.253,80 | 6.165,35 | 1,4   | 7,7   | 7,8  |
| importe medio                         | 1.062,23 | 1.004,05 | 5,8   | 1.254,14 | 1.189,65 | 5,4   | 84,7  | 84,4 |
| <b>Viuvez</b>                         |          |          |       |          |          |       |       |      |
| número                                | 184,70   | 185,50   | -0,4  | 2.351,70 | 2.353,99 | -0,1  | 7,9   | 7,9  |
| importe medio                         | 657,76   | 624,45   | 5,3   | 778,48   | 740,04   | 5,2   | 84,5  | 84,4 |
| <b>Orfandade e favor familiar (2)</b> |          |          |       |          |          |       |       |      |
| número                                | 30,10    | 30,20    | -0,3  | 386,40   | 385,00   | 0,4   | 7,8   | 7,8  |
| importe medio                         | 462,35   | 438,60   | 5,4   | -        | -        | -     | -     | -    |

(1) o número de pensións está en miles; os importes medios, en euros/mes

(2) a estadística non agrega estas pensións para España

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Pensiones contributivas a la Seguridad Social*.

#### 4.3.2.

A demografía dos fogares galegos, cun alto número de fogares con ingresos exclusivamente procedentes de prestacións, xunto co elevado peso destas prestacións –que acadan o 7,7% do total estatal–, fan que as consecuencias do baixo importe das pensións sexan en Galicia máis intensas e negativas.

Dentro da acción protectora do Réxime Xeral e dos Réximes Especiais da Seguridade Social, nas pensións contributivas inclúense as pensións por xubilación, por incapacidade permanente, as pensións de viuvez, e orfandade e favor de familiar.


O 62,8% do total de pensións contributivas en Galicia son pensións de xubilación, sendo o importe medio de 1.062,23 euros ao mes, o máis elevado de todas as pensións contributivas en Galicia. O número de pensións contributivas por xubilación en Galicia (**cadro 4.3.2.**) foi en 2022 de 482.300, 1.300 máis que no ano anterior, o que supón o 7,7% do total estatal.

O importe medio das pensións por xubilación presenta unha medra interanual do 5,8%, catro décimas por riba do rexistrado no conxunto de España, pero isto non impide que no ano 2022 se incremente de novo o dife-

rencial coa media estatal ata situarse en 191,9 euros, e que Galicia se manteña, xunto con Extremadura (1.043,7 euros), como as Comunidades co importe medio máis reducido das pensións contributivas por xubilación de todo o Estado.

As pensións de incapacidade permanente son prestacións que tratan de cubrir a perda de ingresos que sofre unha persoa traballadora cando por enfermidade ou accidente se reduce ou anula a súa capacidade laboral; esta incapacidade permanente pode ser parcial, total, absoluta ou grande invalidez. No ano 2022 rexístranse en Galicia 71.100 pensións contributivas por incapacidade permanente, ascendendo o seu importe medio mensual a 939,79 euros, o que supón 95,07 euros menos que o importe medio en España. Un ano máis, Galicia é a terceira Comunidade Autónoma cun menor importe medio, só por diante de Extremadura (878,7 euros) e Murcia (935,5 euros).

As prestacións por morte e supervivencia son as pensións que se conceden en caso de morte do traballador, calquera que fose a súa causa, distinguindo as pensións por viuvez, orfandade e pensión vitalicia ou subsidio temporal en favor de familiares.

Pensións contributivas 2008-22<sup>(1)</sup>: distribución segundo clase de pensión

(1) medias anuais, en miles

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Pensiones contributivas a la Seguridad Social*

## 4.3.3.

O número de pensións contributivas de viuvez en Galicia redúcese levemente no ano 2022 acadando as 184.700 (o 7,9% do total estatal), aumentando o seu importe medio mensual ata os 657,76 euros, un 5,3% máis que no ano anterior, o que non evita que siga sendo o máis reducido do conxunto do Estado, con 120,7 euros menos ao mes que a media estatal. As pensións de orfandade e favor familiar, que presentan datos conxuntamente, rexistran 30.100 pensións en Galicia (o 7,8% do total de España) ascendendo o seu importe medio a 462,35 euros mensuais, un 5,4% máis que no ano anterior.


Por réximes de cotización, aumentan as pensións procedentes do Réxime Xeral un 1,7% ata as 441.074, diminuíndo novamente as do Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA), que se sitúan en 242.121 pensións. O 57,4% do total de pensións en 2022 pertencen ao Réxime Xeral, un 1% máis que no ano anterior, fronte ao descenso do 1,8% no número de pensións do RETA que representa o 31,5% do total de pensións. No conxunto do Estado, o Réxime Xeral

acolle ao 73,4% do total de pensións contributivas e o RETA só ao 19,9%.

A sinalada medra interanual do 7,7% no total de pensións contributivas en Galicia en 2022 ven motivada fundamentalmente polo incremento do 1,7% no número de pensións no réxime xeral (7.288 máis), que compensa a redución experimentada no Réxime Especial de autónomos, con 4.416 pensións menos, sendo este descenso de 772 pensións no caso do SOVI e de 665 no Réxime do mar.

No que respecta á análise do importe medio das pensións contributivas segundo o réxime de cotización, compre destacar en primeiro lugar, tal como se sinalou anteriormente, que o importe medio das pensións contributivas no conxunto do Sistema no último ano ascende en Galicia a 930,12 euros mensuais, o que supón un aumento do 5,6%, dúas décimas superior á media española, un diferencial de crecemento que non permite pechar a fenda existente co importe medio Estatal, que no último ano segue medrando. Así mesmo, o re-

### Importe medio das pensións contributivas 2008-22: distribución segundo clase de pensión



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones, *Pensiones contributivas a la Seguridad Social*

#### 4.3.4.

ducido importe medio das pensións contributivas en Galicia afecta en maior medida ao colectivo de mulleres que representan o 54% do total de pensións contributivas rexistradas en Galicia no último ano cun importe medio de 757 euros, 391 euros mensuais menos que a pensión media para os homes, o 34% menos.

O importe medio das pensións contributivas no réxime xeral ascendeu a 1.071,51€/mes ( 1.194,4 €/mes no conxunto do Estado) e a 653,9 euros mensuais no caso do R.E. de Autónomos (750,5 €/mes en España). O importe medio das pensións do RETA en Galicia é un 13% inferior á media do Estado. isto é un problema maior ao ter en conta o elevado peso das afiliacións a este réxime en Galicia ( 31,5% en Galicia fronte ao 19,9% do total no Estado).

O peso relativo das pensións dentro do Réxime especial de traballadores do mar en Galicia é case seis veces superior que no conxunto do Estado; así en Galicia este réxime acolle ao 7% do total das pensións fronte ao 1,2% de media no Estado; o 44% do total de pensións

contributivas neste réxime no Estado, localízanse en Galicia. No ano 2022, o número de pensións descendeu levemente ata as 52.962 (1,2% menos que no ano anterior) e o seu importe medio, tras unha medra do 5,1%, acada os 1.031 euros mensuais, un 7,7% por baixo da media estatal.

No que á distribución segundo sexo e réxime se refire, **cadro 4.3.5.**, como acontece no conxunto do Estado, o importe medio das pensións é maior nas pensións contributivas dos homes que nas das mulleres en todos os réximes de afiliación. Tendo en conta o volume de afiliación, son especialmente significativos os casos do réxime xeral e o R.E. de traballadores autónomos. No primeiro caso, a pesar de que o número de pensións cuías beneficiarias son mulleres son 8.265 máis que homes que reciben estas pensións contributivas, o seu importe medio ascende a 872,3 euros fronte aos 1.278,3 euros das homes, é dicir, 406 euros menos ao mes, ampliándose a brecha respecto do ano anterior. No concernente aos traballadores autónomos, o número de pensións das mulleres é superior ao dos homes (1,6 veces máis, en torno a 58.600 pensión cuia

Pensións contributivas en Galicia e España 2021-22: distribución segundo réxime e sexo <sup>(1)</sup>

|                                  | Número de pensións<br>2022 |           |           |             |             |             | 22/21   |        |
|----------------------------------|----------------------------|-----------|-----------|-------------|-------------|-------------|---------|--------|
|                                  | Galicia                    |           |           | España      |             |             | Galicia | España |
|                                  | Total                      | Homes     | Mulleres  | Total       | Homes       | Mulleres    |         |        |
| Réxime xeral                     | 441.074,5                  | 216.404,9 | 224.669,6 | 7.305.013,3 | 3.530.912,1 | 3.774.081,8 | 1,7     | 1,5    |
| R. E. de traballadores autónomos | 242.123,8                  | 91.761,2  | 150.360,7 | 1.977.634,3 | 937.253,0   | 1.040.359,8 | -1,8    | 0,2    |
| R. E. de traballadores do mar    | 52.962,0                   | 29.960,6  | 23.001,4  | 119.845,4   | 68.450,8    | 51.393,6    | -1,2    | -1,6   |
| R.E. da minería do carbón        | 1.415,4                    | 777,9     | 637,5     | 60.716,8    | 38.346,9    | 22.368,8    | -3,6    | -2,1   |
| Accidentes de traballo           | 18.325,6                   | 10.892,4  | 7.432,2   | 202.844,7   | 124.771,1   | 78.071,6    | 0,6     | -0,3   |
| Enfermidades profesionais        | 3.315,6                    | 2.053,0   | 1.262,6   | 33.376,1    | 17.636,8    | 15.739,3    | 1,9     | -2,1   |
| SOVI (2)                         | 9.088,2                    | 1.900,8   | 7.187,4   | 243.607,3   | 20.109,4    | 223.496,8   | -7,8    | -6,7   |

|                                  | Importe medio<br>2022 |         |          |         |         |          | 22/21   |        |
|----------------------------------|-----------------------|---------|----------|---------|---------|----------|---------|--------|
|                                  | Galicia               |         |          | España  |         |          | Galicia | España |
|                                  | Total                 | Homes   | Mulleres | Total   | Homes   | Mulleres |         |        |
| Réxime xeral                     | 1.071,5               | 1.278,3 | 872,3    | 1.194,4 | 1.431,4 | 972,7    | 5,2     | 5,2    |
| R. E. de traballadores autónomos | 653,9                 | 772,5   | 581,5    | 750,5   | 874,4   | 638,9    | 5,5     | 5,3    |
| R. E. de traballadores do mar    | 1.031,0               | 1.289,3 | 694,5    | 1.116,5 | 1.380,8 | 764,5    | 5,1     | 5,2    |
| R.E. da minería do carbón        | 1.554,1               | 2.044,5 | 955,6    | 1.910,0 | 2.355,4 | 1.146,5  | 5,6     | 5,5    |
| Accidentes de traballo           | 1.023,7               | 1.125,7 | 874,3    | 1.128,6 | 1.235,8 | 957,4    | 5,0     | 4,8    |
| Enfermidades profesionais        | 1.264,8               | 1.410,1 | 1.028,5  | 1.360,8 | 1.538,6 | 1.161,5  | 4,7     | 4,2    |
| SOVI (2)                         | 431,9                 | 438,7   | 430,1    | 421,6   | 439,6   | 420,0    | 4,3     | 4,1    |

(1) datos anuais; os datos do importe medio están en euros/mes

(2) Seguro obligatorio de velez e invalidez

Fonte: Seguridad Social, *Estadística de pensiones*

## 4.3.5.

beneficiaria é unha muller que homes no RETA) o importe medio das pensións das mulleres é de 581,5 euros cando entre os homes ascende a 772,5 euros (191 euros de diferenza, medrando este diferencial en 11,6 € respecto do ano anterior).

### Outras prestacións do sistema

Ademais das prestacións xa analizadas, o sistema de protección pública da Seguridade Social integra outras prestacións tanto de carácter contributivo como non contributivo.

Dentro das prestacións contributivas destacan as de incapacidade temporal e as asociadas ao nacemento e coidado de menores: maternidade, paternidade, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural, e coidado de menores afectados por cancro ou enfermidade grave. No que respecta ás prestacións económicas de carácter non contributivo, analízanse as pensións non contributivas de xubilación e viuvez, as

prestacións sociais e económicas derivadas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) e as prestacións familiares.

O subsidio por incapacidade temporal cubre a situación na que se atopa o traballador cando está imposibilitado temporalmente para traballar e precisa asistencia sanitaria da Seguridade Social, sendo beneficiarios os traballadores afiliados e en alta, que teñan cuberto un período mínimo de cotización de 180 días dentro dos 5 anos anteriores á data da baixa, cando esta se deba a enfermidade común. En caso de accidente ou enfermidade profesional, non se esixe período previo de cotización.

No conxunto do ano 2022 o número de procesos por incapacidade temporal en vigor por continxencias comúns aumenta un 7,9% respecto ao ano anterior, ascendendo a 50.210 procesos, 3.689 máis que en 2021. Como amosa o **cadro 4.3.7.**, este incremento é máis intenso no conxunto do Estado (9,5%) polo que o seu



### Incapacidade temporal: continxencias comúns 2021-22

| 2022                                                           |          |       |         |            |         |         |
|----------------------------------------------------------------|----------|-------|---------|------------|---------|---------|
|                                                                | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra | Galicia | España  |
| Continxencias comúns (1)                                       |          |       |         |            |         |         |
| Nº de procesos en vigor ao final do período considerado        | 22.038   | 5.753 | 4.442   | 17.977     | 50.210  | 768.094 |
| Duración media dos procesos finalizados no período             | 66,6     | 77,0  | 58,1    | 64,9       | 66,1    | 37,7    |
| Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos | 24,8     | 21,4  | 25,1    | 25,4       | 24,7    | 32,6    |
| Prevalencia por cada mil traballadores protexidos              | 57,5     | 59,9  | 52,1    | 57,6       | 57,3    | 43,3    |
| 2021                                                           |          |       |         |            |         |         |
|                                                                | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra | Galicia | España  |
| Continxencias comúns (1)                                       |          |       |         |            |         |         |
| Nº de procesos en vigor ao final do período considerado        | 20.644   | 5.147 | 4.218   | 16.512     | 46.521  | 701.428 |
| Duración media dos procesos finalizados no período             | 82,8     | 88,3  | 73,0    | 81,0       | 81,7    | 47,9    |
| Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos | 19,0     | 17,0  | 19,9    | 19,3       | 19,0    | 24,9    |
| Prevalencia por cada mil traballadores protexidos              | 55,3     | 54,0  | 49,8    | 53,8       | 54,1    | 40,7    |
| 22/21                                                          |          |       |         |            |         |         |
|                                                                |          |       |         | (%)        |         |         |
| Continxencias comúns (1)                                       | 6,8      | 11,8  | 5,3     | 8,9        | 7,9     | 9,5     |

(1) Agás autónomos

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

#### 4.3.6.

peso relativo descende ata o 6,5%, unha décima menos que no ano anterior.

Tanto en Galicia como na media do Estado, no ano 2022 se reduce de xeito notable a duración media dos procesos para as continxencias comúns que en Galicia acada os os 66,1 días, 15,6 días menos que no ano anterior, tempo moi superior ao rexistrado no conxunto de España, con 37,7 días (47,9 días no ano precedente).

Do total de traballadores e traballadoras en alta protexidos por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns en Galicia, **cadro 4.3.7.**, un 63,7% está cuberto por mutuas, un 34,3% polo INSS e un 2% polo ISM. A nivel estatal o peso relativo das mutuas é superior ao galego, situándose no 66,7% fronte ao 33,1% no caso do INSS e o 0,2% do ISM.

No que respecta ás prestacións e axudas no ámbito da

familia e a infancia (**cadro 4.3.8.**), destacan as seguintes:

- Prestacións de nacemento e coidado do menor: Prestacións económicas que tratan de cubrir a perda de rendas do traballo ou de ingresos que sofren as persoas traballadoras, por conta allea ou por conta propia, cando se lles suspende o seu contrato ou se lles interrompe a súa actividade para gozar dos períodos de descanso e permisos que se desfruten por nacemento dun fillo ou filla, adopción e acollemento legalmente establecidos. Ao efectos desta estatística considérase primeiro proxenitor, nos supostos de maternidade biolóxica, á nai se esta ten dereito ao desfrute do permiso, e nos supostos de adopción, garda ou acollemento, segundo a opción dos interesados.

En 2022 en Galicia, o número total de prestacións de nacemento e coidado do menor, ascendeu a 21.518, o

### Traballadores protexidos por incapacidade temporal 2021-22 <sup>(1)</sup>

|                      | 2022                 |            |                            |            |
|----------------------|----------------------|------------|----------------------------|------------|
|                      | Continxencias comúns |            | Continxencias profesionais |            |
|                      | Galicia              | España     | Galicia                    | España     |
| <b>Total Sistema</b> | 876.507              | 17.755.924 | 1.033.757                  | 19.673.840 |
| INSS                 | 300.651              | 5.877.830  | 65.669                     | 760.486    |
| ISM                  | 17.698               | 39.691     | 10.094                     | 13.392     |
| Mutuas Colaboradoras | 558.158              | 11.838.403 | 957.994                    | 18.899.962 |

|                      | 2021                 |            |                            |            |
|----------------------|----------------------|------------|----------------------------|------------|
|                      | Continxencias comúns |            | Continxencias profesionais |            |
|                      | Galicia              | España     | Galicia                    | España     |
| <b>Total Sistema</b> | 860.826              | 17.320.947 | 1.021.542                  | 19.372.161 |
| INSS                 | 289.861              | 5.713.167  | 66.728                     | 786.397    |
| ISM                  | 17.998               | 40.248     | 10.668                     | 14.201     |
| Mutuas Colaboradoras | 552.967              | 11.567.532 | 944.146                    | 18.571.563 |

(1) Finais do período considerado

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

#### 4.3.7.

### Prestacións relacionadas co nacemento e os cuidados da primeira infancia 2021-22 <sup>(1)</sup>

|                                                                      | 2022    |         |         | 2021    |         |         |
|----------------------------------------------------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
|                                                                      | Galicia | España  | G/E (%) | Galicia | España  | G/E (%) |
| <b>Prestación de nacemento e coidado do menor</b>                    |         |         |         |         |         |         |
| Total da prestación                                                  | 21.518  | 473.720 | 4,5     | 21.963  | 472.015 | 4,7     |
| Primeiro proxenitor                                                  | 10.634  | 224.359 | 4,7     | 10.844  | 224.713 | 4,8     |
| Segundo proxenitor                                                   | 10.884  | 249.361 | 4,4     | 11.119  | 247.302 | 4,5     |
| <b>Risco durante o embarazo</b>                                      |         |         |         |         |         |         |
| Nº de procesos iniciados no período                                  | 3.649   | 66.054  | 5,5     | 3.551   | 65.123  | 5,5     |
| Número de procesos en vigor ao final do período                      | 856     | 15.039  | 5,7     | 811     | 14.614  | 5,5     |
| <b>Risco durante a lactancia natural</b>                             |         |         |         |         |         |         |
| Nº de procesos iniciados no período                                  | 39      | 842     | 4,6     | 52      | 849     | 6,1     |
| Número de procesos en vigor ao final do período                      | 28      | 396     | 7,1     | 23      | 358     | 6,4     |
| <b>Coidado de menores afectados polo cancro ou enfermidade grave</b> |         |         |         |         |         |         |
| Nº de procesos iniciados no período                                  | 179     | 4.754   | 3,8     | 150     | 3.774   | 4,0     |
| Número de procesos en vigor ao final do período                      | 456     | 10.027  | 4,5     | 402     | 8.240   | 4,9     |

(1) acumulado a decembro

Fonte: Seguridad Social

#### 4.3.8.

**Beneficiarios de prestacións non contributivas nas CC.AA. 2008-22 <sup>(1)</sup>**

|                   | 2008    | 2013    | 2019    | 2020    | 2021    | 2022    |
|-------------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| <b>Total</b>      |         |         |         |         |         |         |
| Galicia           | 51.657  | 43.925  | 38.660  | 38.230  | 37.525  | 37.103  |
| España            | 464.724 | 446.292 | 452.692 | 449.995 | 446.556 | 445.798 |
| <b>Invalidez</b>  |         |         |         |         |         |         |
| Galicia           | 19.810  | 16.510  | 14.404  | 14.055  | 13.574  | 13.132  |
| España            | 199.410 | 195.478 | 193.122 | 188.670 | 184.378 | 179.967 |
| <b>Xubilación</b> |         |         |         |         |         |         |
| Galicia           | 31.847  | 27.415  | 24.257  | 24.175  | 23.951  | 23.971  |
| España            | 265.314 | 250.815 | 259.570 | 261.325 | 262.177 | 265.831 |

(1) medias anuais

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Prestaciones no contributivas***4.3.9.**

que representa o 4,5% do total estatal, das que 10.634 corresponden ao primeiro proxenitor (4,7% do conxunto de España) e as restantes 10.884 prestacións ao segundo proxenitor (4,4% do total estatal). No concenrente á duración media dos procesos para o primeiro proxenitor nos supostos de maternidade biolóxica, esta ascende a 108,33 días no caso de non compartiren o período de descanso (109,27 de media en España).

- Prestacións por risco durante o embarazo: O seu obxectivo é cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante o embarazo, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible co seu estado, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificadas. No ano 2022 aumenta o número de procesos en vigor, rexistrándose 856 procesos ao final do período, o 5,7% do total estatal, sendo a duración media dos procesos finalizados de 88,3 días, fronte a 88,6 días de media no Estado.


- Prestacións por risco durante a lactación natural: Esta prestación económica trata de cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante a lactación natural dun menor de 9 meses, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible coa súa situación, este cambio non resulte técnica

ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificadas. O número de procesos en vigor foi en Galicia de 28 (cinco máis que no ano anterior), cunha duración dos procesos finalizados de 147,35 días fronte aos 146,75 días de media no conxunto do Estado.

- Prestacións por coidado de menores afectados polo cancro ou enfermidade grave: A efectos da prestación por coidado de menores afectados por cancro u outra enfermidade grave, considérase situación protexida a redución da xornada de traballo que leven a cabo as persoas proxenitoras, adoptantes e acolledoras de carácter familiar preadoptivo ou permanente, cando ambas traballen, para o coidado do menor o seu cargo afectado por cancro u outra enfermidade grave. O número de procesos en vigor a finais de 2022 en Galicia ascende a 456, o que representa o 4,5% do total estatal, situándose a duración media dos procesos finalizados en 553,52 días, sendo de 527,57 días a duración media en España.

**Pensións non contributivas**

As pensións non contributivas aseguran aos cidadáns unha prestación económica, asistencia médico-farmacéutica gratuíta e servizos sociais complementarios. As pensións non contributivas son prestacións periódicas vitalicias ou de duración determinada en favor de aquelas persoas que non cotizaron nunca ou de xeito insuficiente para ter dereito a unha pensión contributiva

Promedio mensual das pensións non contributivas 2008-22: distribución segundo clase de pensión <sup>(1)</sup>

(1) medias anuais, en euros

Fonte: IMSERSO, Pensiones no contributivas de jubilación e invalidez

## 4.3.10.

pola realización de actividades profesionais. As clases de pensións son Invalidez e Xubilación.


No último ano continúa a redución no número de persoas beneficiarias de prestacións non contributivas en Galicia. Tras unha caída do 1,1% respecto ao ano anterior (-0,2% no conxunto do Estado), o número total de beneficiarias e beneficiarios destas prestacións foi de 37.103 persoas (o 8,3% do total en España), o que mantén a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma con máis pensións, por detrás de Andalucía, Cataluña, a C. Valenciana, Canarias e Madrid.

O descenso no número de persoas beneficiarias prodúcese nas pensións de invalidez (3,3% menos respecto ao ano anterior) mentres que as de xubilación aumentan levemente (0,1%). En relación ao conxunto das pensións non contributivas, en Galicia o 64,6% das persoas teñen unha pensión de xubilación, cinco puntos porcentuais máis que o que representa no conxunto de España (59,6%) e o restante 35,4%, de invalidez. O importe medio mensual das pensións non contributivas de xubilación medra un 12,8% respecto ao ano anterior ascendendo a 441,95 euros, incremento semellante ao rexistrado polas pensións por invalidez que cun 12,7%

máis, acadaron os 486,22 euros (**cadro 4.3.10.**).

No que respecta á distribución do número de pensións non contributivas en función do xénero e da densidade de poboación das zonas, o **cadro 4.3.11.** reflicte un significativo aumento da rateo pensións non contributivas por cada mil habitantes, situándose en 2021, último dato dispoñible, en 17,6 pensións, 3,6 puntos máis que no ano precedente (14). Este rateo é de 22,1 pensións non contributivas para mulleres por cada mil habitantes, fronte ás 12,8 para os homes. As taxas máis elevadas rexístranse no caso das mulleres nas zonas pouco poboadas (24 pensións por cada mil habitantes), mentres que entre os homes é nas zonas densamente poboadas onde se rexistran os valores máis elevados (15,1). Nas zonas intermedias, a rateo de mulleres case duplica o valor dos homes, sendo 1,8 veces máis elevado nas zonas pouco poboadas, e 1,4 no caso das zonas densamente poboadas.

Tanto para homes como para mulleres e en todas as zonas independentemente da súa densidade de poboación, no ano 2021, último dispoñible, diminúe a rateo de pensións non contributivas por cada cen mil habitantes en relación á rexistrada no ano 2020.

Pensións non contributivas por 1.000 habitantes 2008-21 <sup>(1)</sup>

|                 | 2008 | 2013 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 |
|-----------------|------|------|------|------|------|------|
| <b>Total</b>    | 20,2 | 20,2 | 19,2 | 18,9 | 14,0 | 17,6 |
| <b>ZDP</b>      | 17,5 | 19,7 | 20,5 | 20,2 | 12,7 | 18,7 |
| <b>ZIP</b>      | 18,3 | 18,2 | 17,3 | 17,0 | 13,0 | 16,0 |
| <b>ZPP</b>      | 25,8 | 23,4 | 20,2 | 19,7 | 17,2 | 18,6 |
| <b>Homes</b>    | 12,8 | 14,1 | 13,6 | 13,4 | 13,4 | 12,8 |
| <b>ZDP</b>      | 12,3 | 15,5 | 16,2 | 15,8 | 15,8 | 15,1 |
| <b>ZIP</b>      | 10,4 | 11,6 | 11,1 | 11,0 | 11,1 | 10,7 |
| <b>ZPP</b>      | 16,4 | 15,6 | 13,8 | 13,6 | 13,7 | 13,0 |
| <b>Mulleres</b> | 27,1 | 25,9 | 24,4 | 24,1 | 23,0 | 22,1 |
| <b>ZDP</b>      | 22,2 | 23,4 | 24,2 | 24,1 | 22,9 | 21,8 |
| <b>ZIP</b>      | 25,9 | 24,5 | 23,2 | 22,7 | 21,8 | 21,0 |
| <b>ZPP</b>      | 34,9 | 31,0 | 26,5 | 25,8 | 24,8 | 24,1 |

(1) Zonas densamente poboadas (ZDP), Zonas intermedias (ZIP), Zonas pouco poboadas (ZPP).

Fonte: IGE, *Panorama rural-urbano*

## 4.3.11.

Dentro das pensións non contributivas, as pensións asistenciais son axudas económicas individualizadas de carácter periódico que poden darse ben por enfermidade ou ben por vellez. En decembro de 2022 había só dúas persoas beneficiarias en Galicia, igual que no ano anterior, todas elas por enfermidade, o que representa o 0,1% do total estatal.

No que respecta ás prestacións sociais e económicas para aquelas persoas con discapacidade que, por non desenvolver unha actividade laboral, non están incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social, o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, contempla os subsidios de garantía de ingresos mínimos (SGIM), subsidios por axuda de terceira persoa

(SATP) e subsidios de mobilidade e compensación por gastos de transporte (SMGT).

Estas prestacións descenden de xeito continuado nos últimos anos, tendencia que se mantén no ano 2022 cunha caída interanual do 12,3%, cinco puntos porcentuais e medio por riba do rexistrado no conxunto do Estado. O número de prestacións económicas para persoas con discapacidade foi en Galicia de 193, o que supón o 2,2% do total estatal, e as correspondentes a asistencia sanitaria e prestacións farmacéuticas descenden ata as 34 (un 19% menos que no ano anterior; 8 menos) o que representa o 0,7% do conxunto de España.

Finalmente, as prestacións familiares están destinadas a cubrir a situación de necesidade económica ou de exceso de gastos que produce, para determinadas per-

## Beneficiarios de prestacións familiares por nacemento ou adopción de fillo 2021-22

| 2022                             |            |           |           |           |            |               |
|----------------------------------|------------|-----------|-----------|-----------|------------|---------------|
|                                  | Galicia    |           |           |           |            | España        |
|                                  | Total      | A Coruña  | Lugo      | Ourense   | Pontevedra |               |
| <b>Total</b>                     | <b>398</b> | <b>96</b> | <b>67</b> | <b>55</b> | <b>180</b> | <b>16.913</b> |
| Familias numerosas               | 256        | 57        | 49        | 37        | 113        | 13.669        |
| Familias monoparentais           | 133        | 36        | 18        | 16        | 63         | 3.089         |
| Familias con nais discapacitadas | 9          | 3         | -         | 2         | 4          | 155           |

| 2021                             |            |            |            |           |            |               |
|----------------------------------|------------|------------|------------|-----------|------------|---------------|
|                                  | Galicia    |            |            |           |            | España        |
|                                  | Total      | A Coruña   | Lugo       | Ourense   | Pontevedra |               |
| <b>Total</b>                     | <b>559</b> | <b>199</b> | <b>106</b> | <b>74</b> | <b>180</b> | <b>19.234</b> |
| Familias numerosas               | 382        | 116        | 88         | 55        | 123        | 15.345        |
| Familias monoparentais           | 171        | 82         | 16         | 17        | 56         | 3.702         |
| Familias con nais discapacitadas | 6          | 1          | 2          | 2         | 1          | 187           |

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## 4.3.12.

soas, a existencia de responsabilidades familiares e o nacemento ou adopción de fillos en determinados casos. Inclúen as asignacións de pago periódico por fillo ou menor acollido a cargo e as prestacións de pago único por nacemento ou adopción de fillo en caso de familias numerosas, monoparentais ou en casos de nais discapacitadas.

As prestacións de pago único por nacemento ou adopción de fillo, nos supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais con discapacidade igual ou superior ao 65%, esixen, na maioría dos casos, acreditar un límite de ingresos. Esta prestación abóase nun pago único cunha contía de mil euros, sempre que os ingresos do beneficiario non rebasen os límites establecidos para cada caso. O **cadro 4.3.12.** mostra que en Galicia hai 398 beneficiarios deste tipo de prestacións, o 2,3% do total estatal, dos que o 64% pertencen a familias numerosas (81% en España).

Outra modalidade, neste caso con carácter de pago periódico, son as prestacións non contributivas a familias con fillos con discapacidade. En decembro de 2022 en Galicia había un total de 15.277 causantes con discapacidade, maiores de 18 anos, dos que 4.904 tiñan unha discapacidade maior do 75%; e 22.047 causantes me-

nores de 18 anos, dos que 7.514 tiñan unha discapacidade maior do 75%.

## Prestacións por desemprego

Estas prestacións protexen a continxencia de desemprego na que se atopan quenes podendo e querendo traballar perden o seu emprego de forma temporal ou definitiva, ou vexan reducida, ao menos nunha terceira parte a súa xornada, coa correspondente perda ou redución de salarios por alguna das causas establecidas como situación legais de desemprego. A protección desta situación no nivel contributivo denomínase prestación por desemprego, e no nivel non contributivo subsidio.

Tras o elevado crecemento das prestacións por desemprego no ano 2020 influenciado polas medidas adoptadas para facer fronte ao impacto da covid-19, no ano 2021 retómase a tendencia descendente das prestacións, tendencia que se consolida no ano 2022. No último ano rexistrándose en Galicia un total de 84.188 persoas beneficiarias de prestacións por desemprego, o que representa o 4,8% do total estatal, unha décima menos que no ano anterior (**cadro 4.3.13.**).

## Prestacións por desemprego e paro rexistrado en Galicia e España 2021-22

|                                             | 2022    |           | 2021    |           |
|---------------------------------------------|---------|-----------|---------|-----------|
|                                             | Galicia | España    | Galicia | España    |
| <b>Beneficiarios</b>                        | 84.188  | 1.761.916 | 96.584  | 2.036.344 |
| prestación contributiva                     | 38.409  | 743.459   | 45.354  | 891.811   |
| subsídio                                    | 40.680  | 718.189   | 44.262  | 798.581   |
| renta agraria                               | -       | 76.830    | -       | 78.305    |
| subsido de traballadores eventuais agrarios | -       | 87.566    | -       | 92.526    |
| renta activa de inserción                   | 4.939   | 106.103   | 6.804   | 144.072   |
| traballadores eventuais agrarios            | 160     | 29.768    | 164     | 31.045    |
| programa de activación para o emprego       | -       | -         | -       | 4         |
| <b>Paro rexistrado</b>                      | 146.167 | 2.962.791 | 163.447 | 3.565.240 |
| Paro rexistrado sen emprego anterior        | 11.768  | 248.783   | 12.490  | 314.946   |
| <b>Taxas cobertura (1)</b>                  | 62,6    | 62,9      | 64,0    | 60,9      |

(1) indicador da taxa de cobertura se calcula a partir da seguinte fórmula:

beneficiarios prestacións / (paro rexistrado con experiencia laboral + beneficiarios subsidios agrarios)

(paro rexistrado con experiencia laboral = paro rexistrado - paro rexistrado sen emprego anterior)

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do Ministerio de Trabajo y Economía Social

### 4.3.13.

O sinalado descenso no número total de persoas beneficiarias prodúcese no número de persoas beneficiarias de prestacións contributivas, subsidios por desemprego e, especialmente importante en termos relativos é o descenso de beneficiarios da renda activa de inserción.

No último ano os beneficiarios e beneficiarias de prestacións contributivas por desemprego diminúen un 15,3% para situarse nas 38.409 persoas, o que representa o 5,2% do total estatal; en tanto que a caída observada polos beneficiarios de subsidios situouse no 8,1%, acadando as 40.680 persoas beneficiarias (o 5,7% do total de España).

O número de persoas beneficiarias da renda activa de inserción presenta no ano 2022 unha taxa de variación interanual do -27,4%, o que afonda na caída do 14,5% rexistrada no ano anterior (4.939 persoas en 2022, o que supón 1.865 persoas menos).


Tras esta evolución, o peso relativo dos beneficiarios e beneficiarias da prestación por desemprego que teñen dereito a prestación contributiva e dos subsidios sitúase no 40,9% e 48,3% respectivamente.

Tomando en consideración o total de persoas beneficiarias do conxunto das prestacións por desemprego, contributivas, asistenciais e a renda activa de inserción, as catro provincias galegas rexistran una diminución das persoas perceptoras destas prestacións, sendo a provincia da Coruña a que rexistra un maior descenso tanto en termos relativos (-15,9%) como absolutos (6.168 persoas beneficiarias menos). As provincias de Lugo e Ourense perden en torno ao 12% das prestacións, o que supón unha caída de cerca de 1.200 beneficiarios en ámbolos dous casos, e finalmente, na provincia de Pontevedra cae nun 10,2% o número de prestacións o que supón 3.766 beneficiarios menos.

Tras esta evolución, Pontevedra concentra o 39,2% do total, superando á Coruña, co 38,8% do total, e con porcentaxes por riba do dez por cento en Ourense e Lugo (11,4% e 10,6%, respectivamente).

A evolución provincial do número de beneficiarios segundo o tipo de prestación mostra un descenso do número de persoas beneficiarias de todas as prestacións nas catro provincias.

As prestacións contributivas redúcense en termos in-

Taxa de cobertura en Galicia e España 2017-22 <sup>(1)</sup>

(1) indicador da taxa de cobertura se calcula a partir da seguinte fórmula:

$$\frac{\text{beneficiarios prestaciones}}{(\text{paro rexistrado con experiencia laboral} + \text{beneficiarios subsidios agrarios})}$$

(paro rexistrado con experiencia laboral = paro rexistrado - paro rexistrado sen emprego anterior)

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do Ministerio de Trabajo y Economía Social

#### 4.3.14.

teranuais un 15,3% no conxunto de Galicia. As provincias da Coruña e Ourense rexistran unha caída no número de beneficiarios e beneficiarias de prestacións contributivas superior á media galega, cun -19,8% e -16,7% respectivamente, o que en termos absolutos implica 3.207 e 785 prestacións contributivas por desemprego menos. As provincias de Pontevedra e Lugo, con caídas do 11,1% e do 10,7%, reducen o seu

número de beneficiarios en 1.864 e 488, respectivamente en relación ao ano anterior.

Dentro das prestacións de nivel asistencial, o número de beneficiarios e beneficiarias do subsidio por desemprego tamén se reduce nas catro provincias galegas, sendo salientable a caída do 10% no número de persoas beneficiarias na provincia de Lugo, así como a



## Risga e Axudas de Inclusión Social 2021-22: beneficiarios e pagos

| RISGA <sup>(1)</sup> |               |              |              |              |              |              |                 |               |
|----------------------|---------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-----------------|---------------|
|                      | beneficiarios |              |              |              |              |              | importes medios |               |
|                      | 2022          |              |              | 2021         |              |              | 2022            | 2021          |
|                      | Total         | Homes        | Mulleres     | Total        | Homes        | Mulleres     |                 |               |
| <b>Total</b>         | <b>6.247</b>  | <b>2.421</b> | <b>3.826</b> | <b>7.211</b> | <b>2.803</b> | <b>4.408</b> | <b>456,37</b>   | <b>456,29</b> |
| A Coruña             | 1.116         | 423          | 693          | 1.521        | 601          | 920          | 474,67          | 458,23        |
| Lugo                 | 793           | 294          | 499          | 887          | 331          | 556          | 443,38          | 448,85        |
| Ourense              | 643           | 250          | 393          | 827          | 311          | 516          | 477,48          | 477,77        |
| Pontevedra           | 3.695         | 1.454        | 2.241        | 3.976        | 1.560        | 2.416        | 449,95          | 452,73        |

| AIS <sup>(2)</sup> |                   |              |              |              |              |              |                 |                 |
|--------------------|-------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-----------------|-----------------|
|                    | axudas concedidas |              |              |              |              |              | importes medios |                 |
|                    | 2022              |              |              | 2021         |              |              | 2022            | 2021            |
|                    | Total             | Homes        | Mulleres     | Total        | Homes        | Mulleres     |                 |                 |
| <b>Total</b>       | <b>3.283</b>      | <b>1.223</b> | <b>2.060</b> | <b>3.032</b> | <b>1.063</b> | <b>1.969</b> | <b>1.136,75</b> | <b>1.219,23</b> |
| A Coruña           | 787               | 303          | 484          | 487          | 177          | 310          | 1.174,91        | 1.166,26        |
| Lugo               | 395               | 134          | 261          | 410          | 128          | 282          | 1.179,39        | 1.104,44        |
| Ourense            | 824               | 305          | 519          | 757          | 267          | 490          | 1.178,96        | 1.359,73        |
| Pontevedra         | 1.277             | 481          | 796          | 1.378        | 491          | 887          | 1.076,81        | 1.194,93        |

(1) beneficiarios a 31 de decembro de cada ano e importe dos pagos totais líquidos no mes de decembro de cada ano

(2) axudas anuais concedidas e media anual das coantías das axudas

Fonte: Consellería de Política Social

## 4.3.15.

cáida en termos absolutos rexistrada na provincia da Coruña (1.539 persoas beneficiarias menos).

Finalmente resulta importante salientar o descenso rexistrado no número de beneficiarios da renda activa de inserción nas catro provincias galegas, sendo a provincia de A Coruña a que presenta un maior descenso tanto en termos absolutos como relativos, con 824 persoas beneficiarias menos (–31,2%), seguida de Pontevedra con 670 persoas menos (–25,5%), Lugo con 223 persoas menos (–30,6%) e Ourense con 149 persoas beneficiarias menos (–18,5%).

Un dos principais indicadores para medir o alcance do sistema de protección é a taxa de cobertura, definida como a porcentaxe de parados con experiencia laboral e beneficiarios de subsidios agrarios eventuais que son beneficiarios dalgún tipo de prestación por desemprego. Como se observa no **gráfico 4.3.14.**, a taxa de cobertura en Galicia diminúe acadando de media no ano 2022 o 62,6%, 1,4 puntos porcentuais menos que a taxa rexistrada de media no ano anterior (64%). A tendencia contraria prodúcese no conxunto do Estado, con incrementos de dous puntos porcentuais na taxa

de cobertura, acadando de media no ano 2022 o 62,9%.

O descenso desta taxa en Galicia ven motivado por unha redución do número total de persoas beneficiarias das prestacións por desemprego do 12,8% fronte á caída do 11% no do paro rexistrado con experiencia laboral. Por contra, no conxunto do Estado as persoas beneficiarias de prestacións por desemprego descenden un 13,5, unha porcentaxe inferior ao descenso do número de parados e paradas con experiencia laboral que foi do 16,5%.

### Renda de inclusión social de Galicia e Ingreso mínimo vital

A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, regula a renda de inclusión social de Galicia (Risga) como unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber de participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do

## Risga e Axudas de Inclusión Social 2021-22: solicitudes

|                                            | Total  |       |          | 2022<br>Risga |       |          | AIS   |       |          |
|--------------------------------------------|--------|-------|----------|---------------|-------|----------|-------|-------|----------|
|                                            | Total  | Homes | Mulleres | Total         | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| <b>Solicitudes a resolver</b>              | 13.220 | 4.780 | 8.440    | 6.093         | 2.249 | 3.844    | 7.127 | 2.531 | 4.596    |
| presentadas no ano                         | 10.236 | 3.657 | 6.579    | 4.519         | 1.668 | 2.851    | 5.717 | 1.989 | 3.728    |
| pendentes do ano anterior                  | 2.984  | 1.123 | 1.861    | 1.574         | 581   | 993      | 1.410 | 542   | 868      |
| <b>Solicitudes resoltas</b>                | 9.907  | 3.681 | 6.226    | 4.788         | 1.807 | 2.981    | 5.119 | 1.874 | 3.245    |
| estimadas                                  | 5.990  | 2.273 | 3.717    | 2.707         | 1.051 | 1.656    | 3.283 | 1.222 | 2.061    |
| desestimadas e/ou arquivadas               | 3.917  | 1.408 | 2.509    | 2.081         | 756   | 1.325    | 1.836 | 652   | 1.184    |
| <b>Solicitudes present. / resoltas (%)</b> | 74,9   | 77,0  | 73,8     | 78,6          | 80,3  | 77,5     | 71,8  | 74,0  | 70,6     |

|                                            | Total  |       |          | 2021<br>Risga |       |          | AIS   |       |          |
|--------------------------------------------|--------|-------|----------|---------------|-------|----------|-------|-------|----------|
|                                            | Total  | Homes | Mulleres | Total         | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| <b>Solicitudes a resolver</b>              | 13.283 | 4.925 | 8.358    | 6.930         | 2.660 | 4.270    | 6.353 | 2.265 | 4.088    |
| presentadas no ano                         | 10.313 | 3.860 | 6.453    | 5.482         | 2.110 | 3.372    | 4.831 | 1.750 | 3.081    |
| pendentes do ano anterior                  | 2.970  | 1.065 | 1.905    | 1.448         | 550   | 898      | 1.522 | 515   | 1.007    |
| <b>Solicitudes resoltas</b>                | 10.219 | 3.783 | 6.436    | 5.267         | 2.051 | 3.216    | 4.952 | 1.732 | 3.220    |
| estimadas                                  | 5.880  | 2.218 | 3.662    | 2.848         | 1.155 | 1.693    | 3.032 | 1.063 | 1.969    |
| desestimadas e/ou arquivadas               | 4.339  | 1.565 | 2.774    | 2.419         | 896   | 1.523    | 1.920 | 669   | 1.251    |
| <b>Solicitudes present. / resoltas (%)</b> | 76,9   | 76,8  | 77,0     | 76,0          | 77,1  | 75,3     | 77,9  | 76,5  | 78,8     |

Fonte: Consellería de Política Social

## 4.3.16.

Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.

O número total de persoas beneficiarias da Risga volve a descender no último ano, acadando a 31 de decembro de 2022 un total de 6.247 persoas beneficiarias, un 13,4% menos que na mesma data do ano anterior (964 persoas beneficiarias menos). A contía básica para un titular é do 75% del IPREM, cun límite máximo para 7 convivintes, do 120% do IPREM no caso de non existir menores e do 135% con menores. A duración da percepción desta renda é de 12 meses. No último ano o importe medio da axuda incrementouse en oito céntimos, acadando os 456,37 euros mensuais.

O descenso no número de persoas beneficiarias da Risga en Galicia prodúcese nas catro provincias galegas (**cadro 4.3.15.**). O descenso máis acusado tanto en termos absolutos coma relativos rexístrase na Coruña, cunha caída do 26,6% (405 persoas menos), seguida da provincia de Ourense cunha caída do 22,2% no número

de persoas beneficiarias (184 persoas menos). Nas provincias de Lugo e Pontevedra os descenso interanuais foron do 10,6% e 7,1%, respectivamente, o que supón 94 e 281 persoas beneficiarias menos. A provincia de Pontevedra concentra máis da metade das beneficiarias e beneficiarios desta prestación en Galicia (3.695 persoas; 59,1%), por diante da Coruña, cun 17,9% (1.116 persoas).

Tal como se observa no **cadro 4.3.16.**, o número de solicitudes a resolver cae no ano 2022, situándose en 6.093 solicitudes, 837 menos que no ano anterior; en concreto redúcese o número de solicitudes presentadas no propio ano 2022, que se sitúa en 4.519 solicitudes (963 menos que no ano anterior) en tanto que aumentan en 126 as solicitudes pendentes do ano anterior (1.574 solicitudes pendentes do ano 2021). Das devanditas 6.093 solicitudes presentadas, resolvéronse 4.788 solicitudes, das que 2.707 foron estimadas, o que supón o 56,5% do total, un punto porcentual máis que no ano precedente.

### Expedientes aprobados e persoas beneficiarias do Ingreso Mínimo Vital en Galicia e España: datos acumulados de xuño de 2020 a decembro de 2022

|            | Expedientes aprobados | Número de beneficiarios |                                |         | Adultos<br>(% sobre o total) | Menores<br>(% sobre o total) |
|------------|-----------------------|-------------------------|--------------------------------|---------|------------------------------|------------------------------|
|            |                       | Total                   | Adultos<br>(número de persoas) | Menores |                              |                              |
|            |                       |                         |                                |         |                              |                              |
| Galicia    | 27.261                | 69.933                  | 41.759                         | 28.174  | 59,7                         | 40,3                         |
| A Coruña   | 12.080                | 29.127                  | 17.990                         | 11.137  | 61,8                         | 38,2                         |
| Lugo       | 3.599                 | 9.923                   | 5.591                          | 4.332   | 56,3                         | 43,7                         |
| Ourense    | 3.638                 | 9.623                   | 5.704                          | 3.919   | 59,3                         | 40,7                         |
| Pontevedra | 7.944                 | 21.260                  | 12.474                         | 8.786   | 58,7                         | 41,3                         |
| España     | 549.670               | 1.542.675               | 883.251                        | 659.424 | 57,3                         | 42,7                         |

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

#### 4.3.17.

As axudas de inclusión social, tamén reguladas na citada Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, son prestacións económicas non periódicas que teñen como finalidade posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas ou familias afectadas, así como atender as situacións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social. Estas axudas de inclusión social están destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes e, se é o caso, financiar actuacións de acompañamento ou reforzo de carácter excepcional vinculadas ás medidas de apoio dos diferentes tramos da renda de inclusión social de Galicia.

O número de persoas beneficiarias no ano 2022 medrou un 8,3% respecto ao ano anterior e se sitúa en 3.283 axudas, 251 máis que en 2021. O importe destas axudas (pago único) redúcese un 6,8% respecto á mesma data do ano anterior, acadando os 1.136,75 euros (82,48 euros menos que no ano precedente).

#### • Ingreso mínimo vital

O ingreso mínimo vital (IMV) é unha prestación non contributiva da Seguridade Social dirixida a previr o risco de pobreza e exclusión social das persoas que vivan soas ou integradas nunha unidade de convivencia e carezan de recursos económicos suficientes para a

cobertura das súas necesidades básicas. O IMV aprobouse, no contexto da pandemia, polo Real Decreto-lei 20/2020, de 29 de maio, e en decembro de 2021 se consolidou na Lei 19/2021, de 20 de decembro, pola que se establece o Ingreso Mínimo Vital.

Os datos de beneficiarios do IMV proporcionados polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións refírense a datos acumulados dende xuño de 2020, polo que resulta imposible facer unha análise comparativa da evolución temporal dos expedientes e dos beneficiarios desta prestación.

No **cadro 4.3.17.** observamos como dende xuño de 2020 a decembro de 2022, o Instituto Nacional da Seguridade Social recoñeceu a prestación en Galicia a un total de 27.261 fogares nos que viven 69.933 beneficiarios, o que supón o 4,5% do conxunto do Estado. Do total de persoas ás que chega a prestación, o 40,3% son menores, 2,4 puntos porcentuais menos que en España (42,7%). Atendendo á súa distribución provincial, a provincia da Coruña é a que concentra o maior número de persoas beneficiadas, con 29.127 persoas, por diante de Pontevedra con 21.260 persoas, presentando ambas as dúas provincias unha porcentaxe de menores inferiores á media estatal (38,2% e 41,3%, respectivamente), tan só Lugo presenta un peso relativo de menores superior á media española, co 43,7%.

O 27,4% do total de expedientes aprobados se corresponden con fogares compostos por un adulto, e o 18,5% con fogares compostos por un adulto e un menor, representando respectivamente o 5,5% e o 6,1% dos totais estatais. 

## 4.4. Medio ambiente e desenvolvemento sostible

**A pandemia da covid-19 repercutiu de xeito directo** no logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030. Aínda que este impacto non é homoxéneo, afectando en moita maior medida aos países do Sur global, ningún país, incluídos os europeos, está no camiño de acadar todos os ODS para 2030. Por outra banda, as novas realidades xeopolíticas e humanitarias impostas pola invasión da Ucraína por parte de Rusia están tendo tamén unha forte repercusión na consecución dos ODS a escala mundial.

As evidencias científicas sobre a forte interdependencia entre as crises sanitarias, as crises medioambientais e as crises climáticas sonteñen que é previsible que estas crises sanitarias aumenten no futuro debido ao cambio climático e á perda de biodiversidade, afectando á seguridade hídrica e alimentaria.

A nivel nacional, no último informe presentado sobre cumprimento dos ODS, España ocupa o posto 22 dos 34 países europeos incluídos no Índice dos ODS, cunha puntuación de 70,1 sobre cen, cando a media da UE se sitúa en 72.

No presente apartado analizaremos a evolución dos indicadores da análise do medio ambiente e do desenvolvemento sostible, polo que o primeiro aspecto destacable a ter en conta é o estudo do grao de cumprimento en España dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) incluídos na Axenda 2030 da ONU. A continuación analízanse aspectos relacionados co cambio climático, en especial as emisións de gases efecto invernadoiro, e o investimento empresarial en protección medioambiental. En terceiro lugar, faise referencia a indicadores da natureza e biodiversidade, no que se presentan os espazos protexidos, para centrarse en cuarto lugar nos bosques e nos incendios forestais. Por último, analízanse tanto os residuos sólidos urbanos como os residuos industriais.

Partindo do índice global de calidade de vida elaborado de xeito experimental polo INE con datos para o ano 2021, Galicia é a cuarta Comunidade Autónoma que presenta unha menor satisfacción co entorno no que vive e coas zonas verdes e áreas recreativas, tan só por diante de Andalucía, Canarias e Murcia. Segundo os datos do INE recollidos no Indicador multidimensional de calidade de vida (dimensión 8: entorno e medio am-

## Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) 2022. Situación actual e tendencia

| Obxectivos                                | Situación actual (1)                   | Tendencia (2)                          |
|-------------------------------------------|----------------------------------------|----------------------------------------|
| 1 Sen pobreza                             | Quedan retos importantes               | Estancado                              |
| 2 Fame cero                               | Persisten os desafíos máis importantes | Estancado                              |
| 3 Boa saúde e benestar                    | Permanecen os obxectivos               | Mellora moderadamente                  |
| 4 Educación de calidade                   | Permanecen os obxectivos               | Mellora moderadamente                  |
| 5 Igualdade de xénero                     | Permanecen os obxectivos               | Mellora moderadamente                  |
| 6 Auga limpa e saneamento                 | Permanecen os obxectivos               | Estancado                              |
| 7 Enerxía asequible e limpa               | Quedan retos importantes               | Mellora moderadamente                  |
| 8 Traballo decente e crecemento económico | Quedan retos importantes               | Mellora moderadamente                  |
| 9 Industria, innovación e infraestrutura  | Quedan retos importantes               | Mellora moderadamente                  |
| 10 Redución da desigualdade               | Permanecen os obxectivos               | Encamiñado ou mantendo o logro dos ODS |
| 11 Cidades e comunidades sostibles        | Permanecen os obxectivos               | Mellora moderadamente                  |
| 12 Consumo e produción responsables       | Quedan retos importantes               | Estancado                              |
| 13 Acción climática                       | Persisten os desafíos máis importantes | Estancado                              |
| 14 Vida submarina                         | Persisten os desafíos máis importantes | Mellora moderadamente                  |
| 15 Vida na terra                          | Persisten os desafíos máis importantes | Estancado                              |
| 16 Paz, xustiza e institucións sólidas    | Permanecen os obxectivos               | Estancado                              |
| 17 Alianzas para lograr os obxectivos     | Quedan retos importantes               | Estancado                              |

(1) De mellor a peor grado de cumprimento dos obxectivos a situación actual clasifícase en: Obxectivos logrados; Permanecen os obxectivos; Quedan retos importantes ou significativos por acadar; e por último, o nivel máis baixo "Persisten os desafíos máis importantes".

(2) De mellor a peor, a tendencia ou evolución clasifícase: En camiño ou mantendo o logro; mellora moderadamente; estancado; empeora

Fonte: Red Española para el Desarrollo sostenible, *Informe para el Desarrollo Sostenible en Europa 2022*

## 4.4.1.

biente), tan só o 46% dos galegos presentan en 2021 (último dato dispoñible) un grao de satisfacción alta ou moi alta coas zonas verdes e áreas recreativas, porcentaxe tan só superior ao de Ceuta (60% no conxunto do Estado), en tanto que un 55,4% di ter un grao de satisfacción alta ou moi alta co entorno no que vive, superando tan só a Ceuta (70,8% en España).

Malia o seu baixo nivel, o índice global de entorno e medio ambiente, aumenta no último ano en máis dun punto en relación ao ano anterior en Galicia fronte a un incremento dunha décima en España. Así, o índice acadou un valor de 100,1 fronte aos 99,1 no ano anterior en Galicia (base España 2008 = 100).

## Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento sostible aprobada pola ONU en 2015, e os seus 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), establecen propósitos no ámbito do desenvolvemento económico, da inclusión social e da sostenibilidade ambiental que están presentes en todos os obxectivos a acadar ben de xeito

prioritario ben acompañando a outro obxectivo.

Aínda que non se coñece plenamente o impacto da pandemia da covid-19, é indubidable que deu lugar a importantes retrocesos dos ODS, particularmente nos países do Sur Global, con sistemas sanitarios débiles onde, según a ONU, deu lugar a unha década perdida para o desenvolvemento sostible.

O informe de desenvolvemento sostible en Europa 2022 observa que o proceso de aplicación de casi todos os ODS está retrasado, e que se rexistran dous anos consecutivos de regresión en moitos indicadores. O dito informe mantén, sen embargo, que a UE ten avanzado na meirande parte dos obxectivos nos últimos cinco anos.

Como se sinalou anteriormente, España ocupa o posto 22 entre os 34 países europeos analizados, cun índice de 70,13 sobre 100, dous puntos por baixo da media europea (72,03 sobre cen). No informe anterior as puntuacións acadadas por España e a Unión Europea ascendían a 69,8 e 71,8 sobre cen, respectivamente.

O **cadro 4.4.1.** reflicte o grao de cumprimento dos obxectivos no conxunto do Estado e a súa tendencia. Dunha banda, o informe do desenvolvemento sostible en Europa sinala que en España seguen sen cumprirse ningún dos 17 ODS, acadando valores comparativamente elevados (permanecen os desafíos) no caso dos ODS 3 (Saúde e benestar), ODS 4 (Educación de calidade), ODS 5 (Igualdade de xénero), ODS 6 (Auga limpa e saneamento), ODS 10 (Redución da desigualdade), ODS 11 (Cidades e comunidades sostibles) e ODS 16 (Paz, xustiza e institucións sólidas). Para os ODS 1 (Sen pobreza), ODS 7 (Energía asequible e limpa), ODS 8 (Traballo decente e crecemento económico), ODS 9 (Industria, innovación e infraestrutura), ODS 12 (Consumo e produción responsables) e ODS 17 (Alianzas para lograr os obxectivos) o informe reflicte que seguen manténdose retos moi importantes. Finalmente o nivel máis baixo de cumprimento, onde persisten os desafíos máis importantes correspóndense co ODS 2 (Fame cero), ODS 13 (Acción climática), ODS 14 (Vida submarina) e ODS 15 (Vida na terra).

Un ano máis, tan só o obxectivo correspondente á redución da desigualdade (ODS 10) está en camiño de acadar ou mantén o seu cumprimento, non rexistrándose ningún obxectivo con tendencia decrecente, pero si estancado, como o caso dos ODS 1, 2, 6, 12, 13, 15, 16 e 17.

No que respecta aos obxectivos que nos ocupan neste apartado, os obxectivos medioambientais, que se corresponden cos ODS 12 a 15, o informe destaca que para o caso español aínda quedan pendentes importantes desafíos nos catro ODS, en especial no 13, 14 e 15, existindo unha tendencia de mellora moderada no caso do ODS (14), vida submarina.

## Cambio climático

A Estratexia Europa 2020 sinala como obxectivos de sustentabilidade os de acadar unha redución das emisións de gases efecto invernadoiro do 20% en comparación cos niveis de 1990, incrementar a porcentaxe de enerxías renovables sobre o consumo final de enerxía e aumentar nun 20% a eficiencia enerxética.

De acordo cos datos facilitados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a diferenza dos tres anos anteriores, en 2021 aumenta o volume de emisións de gases considerados de efecto invernadoiro. Ao longo do ano 2021, último dato dispoñible, emitíronse en Galicia 9.344 miles de toneladas de CO<sub>2eq</sub>, o que representa o 3,8% do total estatal. En relación ao ano anterior, cómpre resaltar o aumento de 599 miles de toneladas de CO<sub>2eq</sub> en termos absolutos, o que significa un aumento do 6,8% (7,1% de aumento no conxunto do Estado).

Atendendo á distribución segundo tipo de gas, o **cadro 4.4.2.** reflicte que o CO<sub>2</sub> (dióxido de carbono) representa no ano 2021 o 48,1% dos GEI netos emitidos en Galicia (emisións-absorcións), situándose o peso relativo do metano (CH<sub>4</sub>) no 37,1% e no 11,3% no caso do óxido nítrico (N<sub>2</sub>O). En 2021 en Galicia incrementáanse as emisións netas nun 6,8% respecto ao ano precedente, aínda que seguen sendo un 20,9% inferiores ás emisións netas rexistradas no ano 2019.

En 2021 emitíronse un total de 4.493,5 miles de toneladas netas de CO<sub>2eq</sub> de dióxido de carbono, sendo as emisións netas de metano, de 3.465,4 miles de toneladas de CO<sub>2eq</sub>, e acadando as emisións de óxido nítrico as 1.057,6 miles de toneladas netas.

En relación ao obxectivo fixado para 2020, **cadro 4.4.3.**, tras a significativa redución rexistrada en 2019, as emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia situáronse en 2021 un 34% por baixo do rexistrado en 1990, cumprindo folgadoamente o obxectivo fixado. O nivel de emisións en España está un 3,7% por baixo do acadado en 1990. En comparación co resto das CC.AA., Galicia é a segunda Comunidade Autónoma que máis diminuíu as súas emisións respecto do nivel de 1990, existindo máis de 34 puntos porcentuais de diferenza co nivel de emisións do conxunto do Estado

No ano 2021 emitíronse en Galicia 19,10 Mt CO<sub>2eq</sub>, o cal representa un aumento dun 3,3% (0,6 Mt CO<sub>2eq</sub>) respecto do ano anterior.

O principal impulsor deste aumento foi o comporta-

Emisións de CO<sub>2</sub> equivalente 2021 netas: distribución segundo actividade e principais tipos de gases

|                                               | CO <sub>2</sub>                                  | CH <sub>4</sub> | N <sub>2</sub> O | HFCs          | PFCs         | SF <sub>6</sub> | Total             | %               |
|-----------------------------------------------|--------------------------------------------------|-----------------|------------------|---------------|--------------|-----------------|-------------------|-----------------|
|                                               | CO <sub>2</sub> equivalente (miles de toneladas) |                 |                  |               |              |                 | (%)               |                 |
| <b>Total Emisións</b>                         | <b>4.493,54</b>                                  | <b>3.465,38</b> | <b>1.057,56</b>  | <b>281,22</b> | <b>29,67</b> | <b>16,13</b>    | <b>9.343,50</b>   | <b>100,00</b>   |
| <b>Procesado da enerxía</b>                   | <b>13.277,80</b>                                 | <b>180,38</b>   | <b>125,65</b>    |               |              |                 | <b>13.583,83</b>  | <b>145,38</b>   |
| <b>Actividades de combustión</b>              | <b>13.118,17</b>                                 | <b>172,97</b>   | <b>125,64</b>    |               |              |                 | <b>13.416,78</b>  | <b>143,59</b>   |
| Industrias do sector enerxético               | 2.745,50                                         | 3,83            | 32,62            |               |              |                 | 2.781,96          | 29,77           |
| Industrias manufactureiras e da construción   | 2.398,93                                         | 57,83           | 14,02            |               |              |                 | 2.470,79          | 26,44           |
| Transporte                                    | 4.939,99                                         | 5,48            | 49,21            |               |              |                 | 4.994,69          | 53,46           |
| Outros sectores                               | 3.021,04                                         | 105,81          | 29,68            |               |              |                 | 3.156,53          | 33,78           |
| Outros                                        | 12,71                                            | 0,00            | 0,11             |               |              |                 | 12,82             | 0,14            |
| <b>Emisións fuxitivas dos combustíbles</b>    | <b>159,63</b>                                    | <b>7,42</b>     | <b>0,01</b>      |               |              |                 | <b>167,06</b>     | <b>1,79</b>     |
| Combustíbles sólidos                          |                                                  |                 |                  |               |              |                 | -                 | -               |
| Petróleo e gas natural                        | 159,63                                           | 7,42            | 0,01             |               |              |                 | 167,06            | 1,79            |
| <b>Procesos Industriais</b>                   | <b>1.052,55</b>                                  | <b>2,22</b>     | <b>31,11</b>     | <b>281,22</b> | <b>29,67</b> | <b>16,13</b>    | <b>1.412,90</b>   | <b>15,12</b>    |
| Produtos minerais                             | 187,06                                           |                 |                  |               |              |                 | 187,06            | 2,00            |
| Industria química                             | 168,31                                           |                 |                  |               |              |                 | 168,31            | 1,80            |
| Producción metalúrxica                        | 673,72                                           | 2,22            |                  |               | 28,36        |                 | 704,29            | 7,54            |
| Produtos non enerxéticos e uso de disolventes | 23,47                                            |                 |                  |               |              |                 | 23,47             | 0,25            |
| Industria electrónica                         |                                                  |                 |                  |               |              |                 | -                 | -               |
| Uso de substitutivos dos GEIs                 |                                                  |                 |                  | 281,22        | 1,31         |                 | 282,53            | 3,02            |
| Producción e uso doutros produtos             |                                                  |                 | 31,11            |               |              | 16,13           | 47,24             | 0,51            |
| Outros                                        |                                                  |                 |                  |               |              |                 | -                 | -               |
| <b>Agricultura</b>                            | <b>9,81</b>                                      | <b>2.801,79</b> | <b>793,82</b>    |               |              |                 | <b>3.605,42</b>   | <b>38,59</b>    |
| Fermentación entérica                         |                                                  | 2.101,01        |                  |               |              |                 | 2.101,01          | 22,49           |
| Xestión do esterco                            |                                                  | 700,58          | 240,97           |               |              |                 | 941,55            | 10,08           |
| Cultivo de arroz                              |                                                  |                 |                  |               |              |                 | -                 | -               |
| Chans agrícolas                               |                                                  |                 | 552,80           |               |              |                 | 552,80            | 5,92            |
| Queimas planificadas de sabanas               |                                                  |                 |                  |               |              |                 | -                 | -               |
| Queima no campo de residuos agrícolas         |                                                  | 0,21            | 0,05             |               |              |                 | 0,26              | 0,00            |
| Enmendas calizas                              |                                                  |                 |                  |               |              |                 | -                 | -               |
| Fertilización con urea                        | 8,53                                             |                 |                  |               |              |                 | 8,53              | 0,09            |
| Aplicación de fertilizantes con carbono       | 1,27                                             |                 |                  |               |              |                 | 1,27              | 0,01            |
| <b>Cambio de uso do chan e silvicultura</b>   | <b>- 9.846,62</b>                                | <b>38,25</b>    | <b>54,96</b>     |               |              |                 | <b>- 9.753,40</b> | <b>- 104,39</b> |
| Emisións indirectas de chans xestionados      |                                                  |                 | 3,98             |               |              |                 | 3,98              | 0,04            |
| Terras forestais                              | - 9.710,28                                       | 17,54           | 21,54            |               |              |                 | - 9.671,20        | - 103,51        |
| Terras de cultivo                             | 52,91                                            | 0,00            | 3,86             |               |              |                 | 56,77             | 0,61            |
| Pastizais                                     | - 270,17                                         | 20,71           | 18,85            |               |              |                 | - 230,61          | - 2,47          |
| Humedais                                      | - 2,80                                           | 0,00            | 0,01             |               |              |                 | - 2,79            | - 0,03          |
| Asentamentos                                  | 126,26                                           |                 | 6,68             |               |              |                 | 132,94            | 1,42            |
| Outras terras                                 | 0,79                                             |                 | 0,05             |               |              |                 | 0,84              | 0,01            |
| Produtos madeiros                             | - 43,33                                          |                 |                  |               |              |                 | - 43,33           | - 0,46          |
| Outros                                        |                                                  |                 |                  |               |              |                 | -                 | -               |
| <b>Tratamento e eliminación de residuos</b>   | <b>-</b>                                         | <b>442,73</b>   | <b>52,02</b>     |               |              |                 | <b>494,75</b>     | <b>5,30</b>     |
| Depósito en vertederos                        |                                                  | 367,51          |                  |               |              |                 | 367,51            | 3,93            |
| Tratamento biolóxico de residuos sólidos      |                                                  | 2,58            | 0,64             |               |              |                 | 3,22              | 0,03            |
| Incineración de residuos                      |                                                  | 1,05            | 2,73             |               |              |                 | 3,78              | 0,04            |
| Tratamento de augas residuais                 |                                                  | 71,57           | 48,65            |               |              |                 | 120,22            | 1,29            |
| Outros                                        |                                                  | 0,03            |                  |               |              |                 | 0,03              | 0,00            |
| <b>Outros</b>                                 |                                                  |                 |                  |               |              |                 | <b>-</b>          | <b>-</b>        |


Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

## 4.4.2.

mento das emisións GEI asociadas ao sector transporte que creceron nun 19,9% (0,8 Mt CO<sub>2eq</sub>) respecto do ano anterior. Tamén se incrementaron as emisións da industria non enerxética nun 7,3% (0,3 Mt CO<sub>2eq</sub>), as da categoría “outros sectores” (que engloba, entre outros, ao sector residencial e comercial) nun 5,5% (0,2 Mt CO<sub>2eq</sub>) e o tratamento de residuos

nun 9,7% (0,04 Mt CO<sub>2eq</sub>). Estes incrementos víronse en parte compensados polo descenso experimentado no sector das industrias enerxéticas, que en conxunto recortaron as súas emisións de GEI nun 18,3% (-0,7 Mt CO<sub>2eq</sub>) respecto do ano anterior, e do sector agrícola que decreceu nun 0,8% (-0,03 Mt CO<sub>2eq</sub>) (**gráfico 4.4.4.**).




Índice de emisiones de CO2 equivalentes en Galicia e España 1990-2021 <sup>(1)</sup>

(1) 1990 = 100

Fonte: Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, *Inventario Nacional de Emisiones de Contaminantes a la Atmósfera*

## 4.4.3.

## Variación das emisións GEI en 2021: distribución segundo sectores



Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

## 4.4.4.

Emisións de CO<sub>2</sub> asignadas e declaradas 2022

|                                         | Instalacións | Emisións               |                        |            |                        |
|-----------------------------------------|--------------|------------------------|------------------------|------------|------------------------|
|                                         |              | asignadas              | declaradas             |            |                        |
|                                         |              |                        | 2022                   | 22/21      |                        |
|                                         |              | (t CO <sub>2</sub> eq) | (t CO <sub>2</sub> eq) | (%)        | (t CO <sub>2</sub> eq) |
| Produción enerxía eléctrica             | 3            | -                      | 2.855.366              | 47,7       | 890.733                |
| Coxeración-combustión                   | 21           | 522.945                | 704.872                | 11,8       | -179.188               |
| Refino e produción de H <sub>2</sub>    | 2            | 598.675                | 1.190.815              | 19,9       | 263.016                |
| Produción de aceiro e ferroaleacións    | 5            | 327.771                | 277.670                | 4,6        | -116.020               |
| Produción de aluminio                   | 3            | 872.484                | 611.390                | 10,2       | -459.601               |
| Produción de cemento, cal ou magnesita  | 2            | 176.468                | 180.892                | 3,0        | -99.208                |
| Fabricación cerámica                    | 0            | -                      | -                      | -          | 0                      |
| Produción papel                         | 1            | 38.754                 | 47.580                 | 0,8        | -19.875                |
| Fabricación produtos químicos orgánicos | 2            | 42.243                 | 115.211                | 1,9        | 8.986                  |
| <b>Total</b>                            | <b>39</b>    | <b>2.579.340</b>       | <b>5.983.796</b>       | <b>100</b> | <b>288.843</b>         |

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

## 4.4.5.

En comparación co ano 1990, a evolución dos distintos sectores neste período de tempo en Galicia mostra un comportamento desigual. Así, mentres que as emisións das industrias do sector enerxético, do sector do tratamento e eliminación de residuos e as emisións asociadas á industria non incluída no sector enerxético diminuíron nun 80,6%, 33,0% e 6,2% respectivamente, sectores coma o transporte, a categoría “outros sectores” e a agricultura, aumentaron as súas emisións nun 54,3%, 26,7% e nun 15,1% respectivamente.

Os datos proporcionados polo informe de emisións de GEI en Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda reflicten que durante o 2021 emitíronse en Galicia 19,1 millóns de toneladas de CO<sub>2eq</sub>, dos que 5,7 Mt CO<sub>2eq</sub> (29,8%) proveñen das instalacións sometidas ao comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro en Galicia (o denominado sector directiva), correspondendo as restantes 13,4 Mt CO<sub>2eq</sub> (70,2%) aos definidos como sectores difusos. O comportamento do sector directiva e do sector difuso foi dispar no último ano: mentres que as emisións asociadas ao réxime de comercio de dereitos de emisión decreceron nun 4,2% respecto do 2020, as emisións dos sectores difusos, incrementáronse nun 6,9%.

No concernente ás inscricións das emisións e entrega de dereitos de emisións das instalacións suxeitas á aplicación da Lei 1/2005, o **cadro 4.4.5.** amosa que no pe-

ríodo de notificación de 2022, o volume total de emisións declaradas polas 39 instalacións afectadas pola devandita lei (unha menos que no ano anterior) aumentou ata as 5.983,8 miles de toneladas de CO<sub>2</sub>, o que supón un aumento de 288,8 miles de toneladas de CO<sub>2eq</sub> en relación ao ano anterior (5,1%). O sector da produción de enerxía eléctrica, cun incremento no último ano de 890,7 miles de toneladas, emite o 47,7% das emisións totais declaradas no último ano en Galicia, por diante das actividades da produción de refino e produción de hidróxeno e das actividades de coxeración-combustión, co 19,1% e o 11,8% das emisións, respectivamente.

Os datos do Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes sinalan que no ano 2021, último dispoñible, as actividades industriais contaminantes existentes en Galicia ascendían a 46, e os complexos industriais clasificados tamén como contaminantes, a 227. Galicia mantense como a quinta Comunidade, xunto con Castela e León, por número de actividades industriais contaminantes e baixa un posto, ata o noveno, xunto con Navarra, en canto ao número de complexos industriais (**cadro 4.4.6.**).

#### • Gasto das empresas en protección medioambiental

O gasto que as empresas realizan en protección ambiental pode tomarse como un indicador da efectividade das políticas medioambientais.

### Emisións contaminantes nas CC.AA. 2020-21: actividades e complexos contaminantes <sup>(1)</sup>

|                            | actividades industriais |            | complexos industriais |              |
|----------------------------|-------------------------|------------|-----------------------|--------------|
|                            | 2021                    | 2020       | 2021                  | 2020         |
| Andalucía                  | 50                      | 50         | 563                   | 556          |
| Aragón                     | 47                      | 49         | 1.197                 | 1.100        |
| Asturias                   | 34                      | 33         | 77                    | 75           |
| Baleares                   | 12                      | 12         | 25                    | 24           |
| Canarias                   | 17                      | 16         | 49                    | 48           |
| Cantabria                  | 4                       | 29         | 6                     | 55           |
| Castela e León             | 46                      | 46         | 843                   | 823          |
| Castela-A Mancha           | 39                      | 38         | 441                   | 415          |
| Cataluña                   | 67                      | 68         | 1.452                 | 1.428        |
| C. Valenciana              | 40                      | 42         | 297                   | 298          |
| Estremadura                | 26                      | 25         | 89                    | 88           |
| Galicia                    | 46                      | 44         | 227                   | 231          |
| Madrid                     | 38                      | 38         | 183                   | 184          |
| Murcia                     | 40                      | 38         | 230                   | 232          |
| Navarra                    | 40                      | 39         | 227                   | 227          |
| País Vasco                 | 46                      | 44         | 229                   | 219          |
| A Ríoxa                    | 19                      | 19         | 70                    | 69           |
| Cidade Autónoma de Ceuta   | -                       | 1          | -                     | 1            |
| Cidade Autónoma de Melilla | 2                       | 2          | 2                     | 2            |
| <b>Total</b>               | <b>613</b>              | <b>633</b> | <b>6.207</b>          | <b>6.075</b> |

(1) complexos que teñen datos de información pública

Fonte: Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes (PRTR España)

#### 4.4.6.

A enquisa do gasto da industria en protección ambiental, elaborada polo INE, presenta o gasto en protección ambiental, tanto os gastos correntes como os de investimentos, que realiza o sector industrial para evitar, reducir ou eliminar a contaminación resultante do desenvolvemento da súa actividade. A variable fundamental da enquisa é o investimento, que presenta datos desagregados segundo o ámbito medioambiental, para os dous tipos de equipamentos existentes, equipos independentes e equipos integrados. Finalmente destacar que a poboación obxecto de estudo pola enquisa é o conxunto de establecementos industriais con máis de 10 persoas ocupadas remuneradas cuxa actividade principal está incluída dentro das seccións B, C ou D da CNAE-2009.

Tomando como referencia os datos proporcionados pola dita enquisa, o gasto da industria galega en protección ambiental no ano 2020 vese afectado de xeito importante polos efectos da pandemia da covid-19, reflectindo unha caída do 41,9%. As empresas galegas

destinaron a protección ambiental no ano 2020 un total de 151,5 millóns de euros, 109 millóns de euros menos que no ano anterior. Atendendo ao seu peso no conxunto do Estado, no último ano cae a importancia relativa de Galicia no gasto total, ao representar o 6% do total estatal, a porcentaxe máis reducida dende 2008, primeiro ano da serie estatística.

A intensa caída do gastos das empresas en protección ambiental ven motivado pola diminución rexistrada no investimento total tanto en equipos e instalacións integrados como independentes, aumentando lixeiramente o gasto corrente. Tal como reflicte o **cadro 4.4.7.**, o investimento cae un 75,8%% respecto ao ano anterior (112,8 millóns de euros menos) e os gastos correntes aumentan un 3,1% (3,5 millóns de euros máis). Tras esta evolución, o investimento total ascende a 36 millóns de euros e os gastos correntes a 115,5 millóns.

Dos 36 millóns de euros investidos en protección ambiental pola industria galega no ano 2020, o 86,1% des-

Gastos das empresas en protección ambiental en Galicia e España 2008-20 <sup>(1)</sup>

|                                                                           | España         |                |                |                |                | Galicia      |              |              |              |              |
|---------------------------------------------------------------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
|                                                                           | 2008           | 2013           | 2018           | 2019           | 2020           | 2008         | 2013         | 2018         | 2019         | 2020         |
| (en millóns de euros)                                                     |                |                |                |                |                |              |              |              |              |              |
| <b>Total CNAE B, C e D</b>                                                | <b>3.129,4</b> | <b>2.311,9</b> | <b>2.626,2</b> | <b>2.792,0</b> | <b>2.625,5</b> | <b>339,2</b> | <b>165,9</b> | <b>193,3</b> | <b>260,8</b> | <b>151,5</b> |
| <b>Investimento total</b>                                                 | <b>1.533,8</b> | <b>556,1</b>   | <b>619,6</b>   | <b>736,7</b>   | <b>613,8</b>   | <b>245,6</b> | <b>47,8</b>  | <b>80,5</b>  | <b>148,8</b> | <b>36,0</b>  |
| <b>Equipos e instalacións independentes</b>                               | <b>686,7</b>   | <b>220,2</b>   | <b>181,4</b>   | <b>232,0</b>   | <b>207,1</b>   | <b>75,9</b>  | <b>7,6</b>   | <b>9,7</b>   | <b>21,4</b>  | <b>5,0</b>   |
| Protección do aire e o clima                                              | 344,7          | 37,0           | 54,9           | 66,3           | 46,4           | 6,9          | 1,2          | 4,0          | 7,1          | 2,4          |
| Xestión de augas residuais                                                | 156,3          | 74,3           | 39,1           | 48,6           | 37,0           | 23,5         | 3,8          | 3,0          | 10,3         | 0,8          |
| Xestión de residuos                                                       | 66,1           | 13,6           | 13,8           | 22,7           | 14,0           | 5,1          | 1,4          | 0,4          | 0,7          | 0,1          |
| Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais | 22,3           | 22,3           | 14,6           | 20,1           | 4,8            | 1,9          | 0,2          | 1,4          | 0,8          | 0,1          |
| Redución de ruidos e vibracións                                           | 15,3           | 2,2            | 4,8            | 8,9            | 3,6            | 0,3          | 0,1          | 0,3          | 0,1          | 0,0          |
| Protección da biodiversidade e a paisaxe                                  | 75,4           | 64,9           | 38,2           | 47,0           | 82,9           | 36,9         | 0,8          | 0,4          | 1,2          | 0,8          |
| Outras actividades de protección ambiental                                | 6,7            | 5,9            | 16,0           | 18,4           | 18,4           | 1,4          | 0,1          | 0,2          | 1,2          | 0,7          |
| <b>Equipos e instalacións integrados</b>                                  | <b>847,1</b>   | <b>336,0</b>   | <b>438,2</b>   | <b>504,7</b>   | <b>406,7</b>   | <b>169,8</b> | <b>40,2</b>  | <b>70,8</b>  | <b>127,4</b> | <b>31,0</b>  |
| Protección do aire e o clima                                              | 479,3          | 229,7          | 326,5          | 391,9          | 279,3          | 127,3        | 31,0         | 61,8         | 112,5        | 24,3         |
| Xestión de augas residuais                                                | 80,3           | 39,0           | 38,9           | 41,8           | 36,6           | 4,8          | 2,8          | 2,9          | 1,7          | 0,7          |
| Xestión de residuos                                                       | 77,8           | 34,5           | 48,0           | 44,8           | 58,9           | 3,8          | 3,5          | 4,5          | 10,2         | 4,0          |
| Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais | 18,9           | 12,3           | 14,7           | 13,6           | 10,4           | 2,7          | 2,4          | 1,1          | 0,7          | 1,0          |
| Redución de ruidos e vibracións                                           | 19,3           | 5,7            | 4,6            | 3,9            | 5,6            | 3,6          | 0,3          | 0,3          | 0,4          | 0,2          |
| Outras actividades de protección ambiental                                | 171,6          | 14,8           | 5,5            | 8,7            | 15,8           | 27,5         | 0,2          | 0,2          | 1,9          | 0,8          |
| <b>Gastos correntes</b>                                                   | <b>1.595,6</b> | <b>1.755,8</b> | <b>2.006,7</b> | <b>2.055,3</b> | <b>2.011,7</b> | <b>93,5</b>  | <b>118,1</b> | <b>112,9</b> | <b>112,0</b> | <b>115,5</b> |
| <b>C. Industria manufacturera</b>                                         | <b>2.421,0</b> | <b>2.094,4</b> | <b>2.348,1</b> | <b>2.437,9</b> | <b>2.342,9</b> | <b>132,6</b> | <b>131,6</b> | <b>136,5</b> | <b>159,4</b> | <b>135,4</b> |
| <b>Investimento total</b>                                                 | <b>917,9</b>   | <b>453,3</b>   | <b>498,8</b>   | <b>540,9</b>   | <b>482,3</b>   | <b>48,0</b>  | <b>34,8</b>  | <b>31,6</b>  | <b>56,5</b>  | <b>33,4</b>  |
| <b>Equipos e instalacións independentes</b>                               | <b>406,8</b>   | <b>146,4</b>   | <b>116,3</b>   | <b>148,3</b>   | <b>109,7</b>   | <b>14,4</b>  | <b>5,8</b>   | <b>7,3</b>   | <b>18,5</b>  | <b>3,7</b>   |
| Protección do aire e o clima                                              | 179,3          | 34,8           | 42,5           | 57,4           | 44,8           | 4,3          | 1,0          | 3,6          | 7,0          | 2,4          |
| Xestión de augas residuais                                                | 125,3          | 73,6           | 38,7           | 47,6           | 35,4           | 7,0          | 3,8          | 3,0          | 10,2         | 0,8          |
| Xestión de residuos                                                       | 60,0           | 9,9            | 11,2           | 18,3           | 14,0           | 1,9          | 0,6          | 0,2          | 0,4          | 0,1          |
| Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais | 16,7           | 18,8           | 10,1           | 6,3            | 4,1            | 0,5          | 0,2          | 0,1          | 0,5          | 0,1          |
| Redución de ruidos e vibracións                                           | 13,6           | 2,1            | 4,8            | 3,9            | 3,6            | 0,2          | 0,1          | 0,3          | 0,1          | 0,0          |
| Protección da biodiversidade e a paisaxe                                  | 7,4            | 1,3            | 1,1            | 0,7            | 1,8            | 0,1          | 0,0          | 0,0          | 0,0          | 0,0          |
| Outras actividades de protección ambiental                                | 4,5            | 5,9            | 8,0            | 13,9           | 6,0            | 0,5          | 0,1          | 0,1          | 0,3          | 0,3          |
| <b>Equipos e instalacións integrados</b>                                  | <b>511,1</b>   | <b>306,9</b>   | <b>382,4</b>   | <b>392,6</b>   | <b>372,6</b>   | <b>33,5</b>  | <b>29,1</b>  | <b>24,3</b>  | <b>37,9</b>  | <b>29,7</b>  |
| Protección do aire e o clima                                              | 249,2          | 214,2          | 278,8          | 289,9          | 250,0          | 20,6         | 22,7         | 17,6         | 24,7         | 23,6         |
| Xestión de augas residuais                                                | 72,1           | 36,3           | 36,3           | 38,6           | 36,4           | 4,7          | 0,8          | 0,8          | 1,6          | 0,7          |
| Xestión de residuos                                                       | 75,5           | 32,4           | 47,5           | 44,0           | 58,7           | 3,5          | 3,2          | 4,4          | 10,1         | 3,9          |
| Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais | 10,6           | 6,7            | 10,5           | 8,9            | 8,7            | 0,5          | 1,9          | 1,0          | 0,6          | 1,0          |
| Redución de ruidos e vibracións                                           | 14,2           | 5,2            | 4,3            | 3,8            | 5,6            | 0,1          | 0,3          | 0,2          | 0,4          | 0,2          |
| Outras actividades de protección ambiental                                | 89,5           | 12,1           | 5,0            | 7,3            | 13,2           | 4,1          | 0,2          | 0,2          | 0,5          | 0,4          |
| <b>Gastos correntes</b>                                                   | <b>1.503,1</b> | <b>1.641,1</b> | <b>1.849,3</b> | <b>1.897,0</b> | <b>1.860,6</b> | <b>84,6</b>  | <b>96,8</b>  | <b>104,9</b> | <b>102,9</b> | <b>102,0</b> |

(1) datos referidos ás empresas das seccións B, C e D da CNAE-2009

Fonte: INE, Estadísticas sobre las actividades de protección medioambiental

## 4.4.7.

tínase a equipos e instalacións integradas no propio proceso produtivo, fronte ao 13,9% restante dedicado a equipos e instalacións independentes. A nivel estatal estas porcentaxes sitúanse no 66,3% e 33,7%, respectivamente.

Dende un punto de vista cuantitativo, o investimento en equipos integrados de protección do aire e o clima volve a acadar o valor máis elevado, con 24,3 millóns de euros no ano 2020, fronte aos 112,5 millóns inves-

tidos no ano anterior, sendo este o gasto que máis se reduce en termos cuantitativos en relación a 2019. Séguelle en importancia o investimento en equipos e instalacións integrados de xestión de residuos, con 4 millóns de euros, fronte aos 10,2 millóns investidos no ano anterior.

O 89,4% do gasto das empresas galegas en protección ambiental corresponde ás industrias manufacturais (89,2% no conxunto do Estado), ao dedicar un total de

135,4 millóns de euros, o que supón un descenso do 15% do gasto realizado no ano anterior (24 millóns de euros menos). Por tanto, o descenso do gasto ambiental nas empresas manufactureiras é moito máis moderado que o rexistrado no sector industrial galego no seu conxunto.

As empresas manufactureiras en Galicia dedican ao investimento en protección ambiental 33,4 millóns de euros, o que representa o 92,8% do total investido no tecido produtivo (78,6% no conxunto de España). Neste senso destacar que no ano 2019 o investimento ambiental das empresas manufactureiras galegas representaban o 35,4% do total investido pola industria.

No conxunto da industria manufactureira no último ano considerado redúcese tanto o investimento en equipos independentes (-80%; 14,8 millóns de euros menos) como integrados (-21,7%; 8,2 millóns de euros menos). No mesmo senso, os gastos correntes descenden en Galicia a 102 millóns de euros, un 0,9% menos que no ano anterior, representando estes gastos correntes o 88,3% do gasto corrente ambiental total galego (92,5% en España).

## Natureza e biodiversidade

A clasificación dos espazos naturais protexidos realízase segundo o previsto na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, nas seguintes categorías: reserva natural; parque; monumento natural; zona húmida protexida; paisaxe protexida; espazo protexido Rede Natura 2000; espazo natural de interese local; e espazo privado de interese natural.

A Rede galega de espazos protexidos (RGEP) está constituída por todos eles agás os espazos naturais de interese local e os espazos privados de interese natural. En concreto, existen en Galicia seis parques naturais declarados; o parque nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas; oito zonas declaradas como monumentos naturais por ter un valor natural, paisaxístico, xeolóxico ou histórico singular; cinco zonas húmidas protexidas; dúas paisaxes protexidas; e máis de setenta zonas de especial protección dos valores naturais.

Por outra banda, en base á Directiva 92/43 CEE, de 21 de maio, relativa á Conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, no ano 2014 aprobouse o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación (ZEC) os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. Na actualidade Galicia conta como espazos protexidos da Rede Natura 2000 con 59 ZEC e 16 zonas de especial protección das aves (ZEPA).

Segundo os datos da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a superficie terrestre total protexida pola RGEP ascende a 358.984 hectáreas, o que representa o 12,14% da superficie galega. Atendendo á súa distribución provincial, Lugo e Ourense son as provincias con maior superficie de espazos protexidos, con 153.296 hectáreas e 133.347 hectáreas, o que supón o 15,56% e 18,34% da súa superficie. Como reflicte o **cadro 4.4.8.**, estas porcentaxes sitúanse en torno ao 5,8% no caso das provincias da Coruña e Pontevedra, ascendendo a superficie protexida pola RGEP a 46.340 e 26.000 hectáreas, respectivamente.

Fóra da Rede Galega de Espazos Protexidos, cómpre mencionar dous tipos de espazos naturais protexidos:

– Os espazos naturais de interese local, entendidos como espazos integrados nun termo municipal que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais. Dentro desta categoría estarían os espazos naturais de interese local de Xunqueira de Alba, Loio-Ruxidoira, Puzo do Lago, Voutureira, Illas de San Pedro, Río Gafos, Ecosistema dunar praia América-Panxón e as Ribeiras do Mero-Barcés.

– Os espazos privados de interese natural, entendidos como terreos pertencentes a institucións ou propietarios particulares, nos que existan formacións naturais, especies ou hábitats de flora e fauna silvestre dos que se considere de interese a súa protección. Dentro desta categoría actualmente están incluídas as Sobreiras do Faro, no concello de Oia.

Rede Galega de Espazos Protexidos: distribución segundo categoría e provincia <sup>(1)</sup>

|                                           | A Coruña                          | Lugo    | Ourense | Pontevedra | Galicia   |
|-------------------------------------------|-----------------------------------|---------|---------|------------|-----------|
|                                           | <i>(en hectáreas)</i>             |         |         |            |           |
| <b>Superficie</b>                         | 795.771                           | 985.245 | 727.004 | 448.977    | 2.956.998 |
| <b>Red Galega de Espazos Protexidos</b>   | 46.340                            | 153.296 | 133.347 | 26.000     | 358.984   |
| <b>Parques</b>                            | 10.271                            | -       | 38.185  | 1.709      | 50.165    |
| <b>Monumentos naturais</b>                | 259                               | 104     | 1.000   | 5          | 1.368     |
| <b>Humidais protexidos</b>                | 2.925                             | 500     | -       | 976        | 4.400     |
| <b>Paisaxes protexidos</b>                | 212                               | -       | 691     | -          | 903       |
| <b>Espazos protexidos Red Natura 2000</b> | 46.035                            | 153.293 | 129.258 | 25.943     | 354.529   |
|                                           | <i>(% sobre superficie total)</i> |         |         |            |           |
| <b>Red Galega de Espazos Protexidos</b>   | 5,82                              | 15,56   | 18,34   | 5,79       | 12,14     |
| <b>Parques</b>                            | 1,29                              | 0,00    | 5,25    | 0,38       | 1,70      |
| <b>Monumentos naturais</b>                | 0,03                              | 0,01    | 0,14    | 0,00       | 0,05      |
| <b>Humidais protexidos</b>                | 0,37                              | 0,05    | 0,00    | 0,22       | 0,15      |
| <b>Paisaxes protexidos</b>                | 0,03                              | 0,00    | 0,10    | 0,00       | 0,03      |
| <b>Espazos protexidos Red Natura 2000</b> | 5,78                              | 15,56   | 17,78   | 5,78       | 11,99     |

(1) datos actualizados a 31-12-2022

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

## 4.4.8.

Ademais dos espazos protexidos pola Rede Galega, hai determinadas áreas que están protexidas por instrumentos internacionais, que son todos aqueles espazos naturais formalmente designados de conformidade co disposto nos convenios e acordos internacionais correspondentes. Dentro desta terceira categoría Galicia conta con tres figuras:

- Cinco Humidais de Importancia Internacional (Convenio Ramsar): o Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira; as Rías de Ortigueira e Ladrado; o Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo; a Lagoa e areal de Valdoviño; e a Ría do Eo.

- Galicia conta con seis áreas declaradas como reservas da biosfera, elemento fundamental do Programa MaB da UNESCO, uha delas interautoómica (con Asturias) e outra internacional (con Portugal):

- I. Reserva da Biosfera dos Ancares lucenses e Montes Navia, Cervantes e Becerreá (Lugo).
- II. Reserva da Biosfera do Río Eo, Ocos e Terras de Bourón (Lugo).
- III. Reserva da Biosfera Terras do Miño (Lugo).

IV. Reserva da Biosfera da Área de Allariz (Ourense).

V. Reserva da Biosfera Transfronteriza-Gerês-Xurés (Ourense e Portugal).

VI. Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo (A Coruña).

- A rede OSPAR, relativa a áreas de protección do medio ambiente mariño do Atlántico nordeste. España conta con 13 áreas protexidas OSPAR, das que 6 están en Galicia: parque nacional das Illas Atlánticas, Banco de Galicia, Espazo marítimo da Costa da Morte, Espazo marítimo da costa de Ferrolterra-Valdoviño, Espazo marítimo das Rías Baixas de Galicia e Espazo marítimo de Punta Candelaria-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares.

#### • Fauna salvaxe

A cada vez maior expulsión da fauna salvaxe do seu entorno natural revirte no rexistro de maiores interaccións, que ocasionan danos á fauna e tamén incidentes en colleitas agrícolas, aproveitamentos forestais, produción gandeira e mesmo ocasionan accidentes de tráfico. Pola súa importancia, en Galicia cómpre salientar a in-

### Danos provocados no sector agrícola e gandeiro polo lobo e xabarín 2016-22

| Danos provocados polo lobo |                 |       |        |       |       |
|----------------------------|-----------------|-------|--------|-------|-------|
| Avisos                     | Reses afectadas |       |        |       | Total |
|                            | Equino          | Ovino | Caprín | Vacún |       |
| 2016                       | 820             | 170   | 801    | 185   | 417   |
| 2017                       | 1.203           | 256   | 1.288  | 242   | 593   |
| 2018                       | 1.328           | 335   | 924    | 174   | 786   |
| 2019                       | 1.396           | 441   | 957    | 216   | 707   |
| 2020                       | 1.303           | 290   | 1.044  | 298   | 667   |
| 2021                       | 1.204           | 311   | 944    | 191   | 604   |
| 2022                       | 1.204           | 331   | 1.042  | 214   | 664   |

| Danos provocados polo xabarín     |             |         |         |          |          |
|-----------------------------------|-------------|---------|---------|----------|----------|
| (superficie de cultivos afectada) |             |         |         |          |          |
|                                   | 2016        | 2019    | 2020    | 2021 (1) | 2022 (1) |
|                                   | (hectáreas) |         |         |          |          |
| A Coruña                          | 61,5        | 275,1   | 718,4   | 782,3    | 674,9    |
| Lugo                              | 168,0       | 676,0   | 733,8   | 569,8    | 572,0    |
| Ourense                           | 114,8       | 264,1   | 243,8   | 310,3    | 306,4    |
| Pontevedra                        | 26,8        | 78,1    | 50,6    | 77,4     | 52,7     |
| Galicia                           | 371,0       | 1.293,2 | 1.746,6 | 1.739,7  | 1.606,0  |

(1) Dende o ano 2021 inclúense o novo concepto dos frutais  
 Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

#### 4.4.9.

cidencia dos ataques dos lobos e dos xabarís.

No que atinxe á incidencia dos ataques do lobo na cabaña gandeira galega, os datos reflectidos no **cadro 4.4.9.** amosan que nos últimos seis anos o número de reses mortas por ataques nas explotacións gandeiras galegas supera as 2.000 anuais.

No ano 2022 rexistráronse un total de 2.251 reses mortas, 201 máis que no ano anterior, das que o 46,3% (1.042 reses mortas) corresponde ao gando ovino e un 29,5% ao vacún (664 reses). Máis dun 14% das reses mortas corresponden ao gando equino e case un 10% ao caprín (331 e 214 reses mortas, respectivamente).

Doutra banda, a partir dos datos das solicitudes de pago de indemnización presentadas por agricultores e gandeiros galegos afectados por danos de xabarís nos seus predios, a superficie de cultivos afectada no ano 2022 ascende a 1.606 hectáreas, o que supón un descenso respecto ao ano anterior, con 133,7 hectáreas menos (-7,7%). Esta caída ven motivada pola evolución

na provincia da Coruña, con 107 hectáreas danadas menos (-13,7%), diminuíndo tamén nas provincias de Pontevedra e Ourense con 25 e 4 hectáreas danadas menos respectivamente, e incrementándose levemente na provincia de Lugo (0,4%, 2 hectáreas danadas máis).

Tras esta evolución a provincia coa superficie de cultivo máis afectada foi A Coruña, con 674,9 hectáreas, o 42% da superficie total afectada, seguida de Lugo, con 572 hectáreas afectadas, o 35,6%. En relación aos anos 2016 e 2020, anos nos que estiveron vixentes ás liñas de axudas para paliar os danos causados por este animal, a superficie de cultivos afectada aumentou en 1.235 hectáreas en relación a 2016 e reduciuse en 140,6 hectáreas en relación a 2020.

### Bosques e incendios forestais

Segundo o sistema de indicadores para 2022 da Consellería de Medio Rural, o número de montes ou parcelas forestais con instrumentos de ordenación e

xestión forestal (IOXF) ascendeu a 84.407, elevándose a superficie total a 505.275,2 hectáreas. En relación ao ano anterior o número de instrumentos de ordenación e xestión forestal aumenta un 95% (43.296 instrumentos no ano anterior) motivado en gran medida, pola continuidade nas políticas de axudas existentes e na obrigatoriedade de realizar certas actuacións na propiedade forestal.

Atendendo á súa distribución segundo provincia, Ourense concentra o 38,4% da superficie con tan só o 6,7% dos montes ou parcelas, por diante de Lugo que concentra o 27,7% da superficie e o 31,1% dos montes con IOXF. A provincia co maior número de proxectos de ordenación e xestión forestal segue sendo A Coruña que concentra o 46,3% dos proxectos fronte ao 15,3% da superficie, finalmente, en Pontevedra, a superficie forestal ordenada representa o 18,5% da superficie galega con instrumentos de ordenación e xestión forestal e o 15,7% dos proxectos.

No rexistro de montes ordenados da Xunta de Galicia están aprobados e rexistrados 1.348 proxectos de ordenación (PO), o que supón unha medra do 36,6% respecto ao ano anterior, ascendendo a superficie total a 442.848 hectáreas (26,7% superior ao rexistrado no ano precedente).

No ano 2022 hai en Galicia 3.371 montes veciñais en man común (MVMC), cunha superficie de 662 mil hectáreas, polo tanto cunha superficie media de case 197 hectáreas.

A importancia dos montes veciñais de man común (MVMC) queda reflectida tamén no feito de que estes representan o 87,8% dos proxectos de ordenación (1.184 proxectos, 328 máis que no ano anterior) e o 91,1% da superficie total (403.666 hectáreas). No que aos montes públicos (patrimoniais) se refire, estes representan o 1,6% dos proxectos de ordenación (21) que abarcan o 2,7% da superficie total suxeita a proxectos de ordenación forestal (11.897 hectáreas).

Cómpre mencionar que a provincia con maior superficie de MVMC suxeita a proxectos de ordenación é Ourense,

con 182.023 hectáreas, o que supón o 45,1% do total galego, seguida de Lugo, con 105.227 ha (26,1% do total). A provincia de Pontevedra segue sendo a provincia onde a importancia relativa dos MVMC é máis elevada xa que o 96,8% da superficie de Pontevedra suxeita a proxectos de ordenación son MVMC, fronte ao 94,8% na provincia de Ourense, o 90,6% en Lugo e finalmente o 67,1% na provincia da Coruña.

#### • Incendios forestais

O ano 2022 caracterízase por un alarmante incremento no número de sinistros forestais así como da superficie afectada polos mesmos en relación aos rexistros do ano anterior.

Os datos da Consellería de Medio Rural amosan que ao longo do último ano declaráronse un total de 1.713 sinistros, 763 máis que no ano anterior (80,3% máis), que afectaron a 51.643 hectáreas, case 12 veces máis que no ano precedente, cando se queimaron 4.403 has., un incremento de máis do 1.000%.

Segundo os datos provisionais a 31 de decembro de 2022, proporcionados polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, en España o número total dos sinistros foi de 10.503, un 18,8% máis que no ano anterior, e a superficie queimada afectou a 267.940 has., un incremento do 205% en relación ao ano 2021. Tendo en conta esta evolución, o peso relativo dos incendios en Galicia no total estatal ascende ata o 16,3% (10,8% no ano anterior), e ao 19,3% no caso da superficie queimada (5% no ano 2021).

No que respecta ao tipo de sinistros rexistrados, das 51.643 has. queimadas no ano 2022 en Galicia, 1.143 hectáreas correspóndense con conatos ou queimas e as restantes 50.500 has. son superficie queimada en incendios.

No ano 2022 en Galicia prodúcese 1.301 conatos de incendio, un 77,2% máis que no ano anterior, sendo o seu peso no total estatal do 18,1%. Así mesmo, no ano 2022 en Galicia prodúcese 300 incendios, un 117,4% máis que no ano anterior, sendo o seu peso no total es-



## Estrutura e ordenación da propiedade forestal 2019-22

|                                                                                                            | 2019       | 2020       | 2021       | 2022       |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------------|------------|------------|
| <b>Montes públicos</b>                                                                                     |            |            |            |            |
| Nº de montes                                                                                               | 237        | 234        | 235        | 234        |
| Superficie                                                                                                 | 55.366,50  | 53.636,16  | 53.636,16  | 53.215,56  |
| <b>Montes veciñais en man común (MVMC)</b>                                                                 |            |            |            |            |
| Nº de montes                                                                                               | 3.345      | 3.349      | 3.353      | 3.371      |
| Superficie                                                                                                 | 663.106,83 | 667.997,98 | 662.512,45 | 661.832,34 |
| Superficie media                                                                                           | 198,24     | 199,46     | 197,59     | 196,33     |
| <b>Comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC)</b>                                                 |            |            |            |            |
| Nº de CMVMC                                                                                                | -          | 3.013      | 3.016      | 3.029      |
| % de CMVC que cumpren obrigas                                                                              | -          | 0,10       | 0,03       | 47,61      |
| Nº de comuneiros                                                                                           | -          | 119.529    | 119.309    | 117.801    |
| Nº medio de comuneiros                                                                                     | -          | 39,67      | 39,56      | 38,89      |
| Ingresos                                                                                                   | 39.721,26  | 35.779,16  | 43.539,40  | 42.224,02  |
| Investimentos                                                                                              | 23.821,67  | 19.610,26  | 23.832,52  | 18.737,49  |
| <b>Mancomunidades de montes veciñais en man común</b>                                                      |            |            |            |            |
| Nº de mancomunidades                                                                                       | 36         | 36         | 36         | 36         |
| <b>Montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo</b>                                         |            |            |            |            |
| Nº de montes                                                                                               | 40         | 42         | 43         | 49         |
| Superficie                                                                                                 | 9.404,95   | 9.568,12   | 9.568,12   | 10.321,02  |
| <b>Agrupacións forestais inscritas</b>                                                                     |            |            |            |            |
| Nº de agrupacións                                                                                          | 13         | 19         | 19         | 19         |
| Superficie                                                                                                 | 2.093,84   | 3.145,00   | 3.145,00   | 3.145,00   |
| Superficie xestiónada                                                                                      | 1.730,78   | 2.491,70   | 2.491,70   | 2.491,70   |
| Socios                                                                                                     | 602        | 925        | 925        | 925        |
| Parcelas                                                                                                   | 4.490      | 9.656      | 9.656      | 9.656      |
| <b>Registro de montes ordenados</b>                                                                        |            |            |            |            |
| Nº de instrumentos de ordenación e xestión forestal                                                        | 5.298      | 6.696      | 43.296     | 84.407     |
| Nº de proxectos de ordenación (PO)                                                                         | 723        | 863        | 987        | 1.348      |
| Nº de documentos simples de xestión                                                                        | 12         | 15         | 25         | 36         |
| Nº de documentos compartidos de xestión                                                                    | -          | 1          | 1          | 1          |
| Nº de adhesións boas prácticas e modelos silvícolas/xestión forestal                                       | 4.563      | 5.817      | 42.283     | 83.022     |
| Superficie instrumentos de ordenación e xestión forestal                                                   | 215.260,28 | 305.771,72 | 385.033,24 | 505.275,17 |
| Superficie proxectos de ordenación (PO)                                                                    | 206.829,99 | 295.156,01 | 349.632,18 | 442.847,57 |
| Superficie documentos simples de xestión                                                                   | 175,10     | 217,76     | 401,63     | 584,42     |
| Superficie documentos compartidos de xestión                                                               | -          | 14,13      | 14,13      | 14,13      |
| Superficie adhesión boas prácticas e modelos silvícolas/xestión forestal                                   | 8.255,19   | 10.383,82  | 34.985,30  | 61.829,05  |
| Nº referencias catastrais en montes con adhesión boas prácticas e modelos silvícolas e de xestión forestal | 12.599     | 15.775     | 69.263     | 133.944    |
| Nº medio de referencias catastrais por adhesión                                                            | 2,88       | 2,53       | 1,56       | 1,58       |
| Superficie media por adhesión                                                                              | 1,96       | 1,70       | 0,68       | 0,66       |

Fonte: Consellería do Medio Rural, *Estatísticas forestais*

### 4.4.10.

tatal do 9,1%. No que respecta ao tipo de superficie afectada polos sinistros forestais, a superficie arborada queimada en 2022 en Galicia ascende ata as 16.766 hectáreas, 14.496 hectáreas máis que no ano anterior (639%), case oito veces máis que a superficie arborada queimada no ano anterior. A superficie rasa afectada foi de 34.876 hectáreas, 16 veces superior á do ano anterior (32.743 has. máis ; 1.535%).

O alarmante incremento na extensión da superficie queimada é especialmente preocupante na provincia

de Ourense, cun incremento de case 33 veces a superficie queimada en relación ao ano anterior (31.000 has. máis), sendo este incremento de 12.000 has. máis en Lugo. As provincias da Coruña e Pontevedra aumentan a superficie queimada de xeito máis moderado, con 2.300 e 1.800 has., máis respectivamente.

Tras esta evolución Ourense é a provincia máis afectada polos sinistros forestais, cunha superficie arrasada de 32.079 hectáreas, o 62% da superficie total queimada en Galicia, por diante de Lugo, con 14.501 hectáreas

Incendios forestais 2021-22: número de sinistros <sup>(1)</sup>

|              | Conatos      |            | Incendios  |            | Queimas    |           | Total        |            |
|--------------|--------------|------------|------------|------------|------------|-----------|--------------|------------|
|              | 2022         | 2021       | 2022       | 2021       | 2022       | 2021      | 2022         | 2021       |
| A Coruña     | 279          | 169        | 57         | 46         | 13         | 2         | 349          | 217        |
| Lugo         | 192          | 109        | 60         | 28         | 25         | 16        | 277          | 153        |
| Ourense      | 454          | 287        | 112        | 36         | 70         | 53        | 636          | 376        |
| Pontevedra   | 376          | 169        | 71         | 28         | 4          | 7         | 451          | 204        |
| <b>Total</b> | <b>1.301</b> | <b>734</b> | <b>300</b> | <b>138</b> | <b>112</b> | <b>78</b> | <b>1.713</b> | <b>950</b> |

(1) datos son provisionais

Fonte: Consellería de Medio Rural

## 4.4.11.

Incendios forestais 2021-22: superficie afectada <sup>(1)</sup>

|              | 2022                |                 |          |                 | 2021            |                 |              |                 |
|--------------|---------------------|-----------------|----------|-----------------|-----------------|-----------------|--------------|-----------------|
|              | Superficie arborada |                 |          |                 | Superficie rasa |                 |              |                 |
|              | Conatos             | Incendios       | Queimas  | Total           | Conatos         | Incendios       | Queimas      | Total           |
|              |                     |                 |          |                 |                 |                 | (en Has.)    |                 |
| A Coruña     | 22,6                | 945,5           | -        | 968,0           | 17,2            | 1.636,0         | 73,0         | 1.726,1         |
| Lugo         | 8,7                 | 5.953,4         | -        | 5.962,1         | 24,7            | 8.228,2         | 286,3        | 8.539,2         |
| Ourense      | 14,0                | 8.096,7         | -        | 8.110,6         | 57,7            | 23.343,0        | 568,2        | 23.968,9        |
| Pontevedra   | 30,0                | 1.695,4         | -        | 1.725,4         | 18,0            | 601,9           | 22,3         | 642,3           |
| <b>Total</b> | <b>75,2</b>         | <b>16.690,9</b> | <b>-</b> | <b>16.766,1</b> | <b>117,6</b>    | <b>33.809,0</b> | <b>949,8</b> | <b>34.876,4</b> |

|              | 2022                |                |          |                | 2021            |                |              |                |
|--------------|---------------------|----------------|----------|----------------|-----------------|----------------|--------------|----------------|
|              | Superficie arborada |                |          |                | Superficie rasa |                |              |                |
|              | Conatos             | Incendios      | Queimas  | Total          | Conatos         | Incendios      | Queimas      | Total          |
|              |                     |                |          |                |                 |                | (en Has.)    |                |
| A Coruña     | 13,2                | 176,6          | -        | 189,8          | 14,1            | 191,9          | 5,7          | 211,7          |
| Lugo         | 5,9                 | 1.433,6        | -        | 1.439,5        | 11,7            | 883,2          | 93,2         | 988,1          |
| Ourense      | 8,2                 | 296,2          | -        | 304,3          | 40,6            | 219,6          | 410,7        | 670,9          |
| Pontevedra   | 11,9                | 324,6          | -        | 336,5          | 10,2            | 202,2          | 50,0         | 262,5          |
| <b>Total</b> | <b>39,2</b>         | <b>2.230,9</b> | <b>-</b> | <b>2.270,1</b> | <b>76,5</b>     | <b>1.497,0</b> | <b>559,7</b> | <b>2.133,2</b> |

(1) datos son provisionais

Fonte: Consellería de Medio Rural

## 4.4.12.

afectadas (28% do total de Galicia). A provincia da Coruña rexistra 2.293 has. queimadas, o 5,2% do total galego e Pontevedra con 2.368 has. queimadas, o 4,6% da superficie total queimada en Galicia no ano 2022.

Considerando tan só a superficie arborada queimada, a provincia de Ourense concentra o 48,4% da superficie arborada queimada en Galicia, seguida de Lugo co

35,5% do total, Pontevedra co 10,3% e A Coruña co 5,8% do total.

## Residuos sólidos urbanos e residuos industriais

As actuacións en materia de residuos afectan de xeito directo ao cumprimento dos ODS, e en particular aos

obxectivos 12 –produción e consumo sostibles–, 13 –acción polo clima– e 14 –vida submarina.

En abril de 2022 aprobouse a Lei 7/2022, de 8 de abril, de Residuos e solos contaminados para unha economía circular, que ten por obxecto sentar os principios da economía circular, así como contribuír á loita contra o cambio climático e protexer o medio mariño. Estas actuacións, súmanse aos obxectivos cuantitativos pretendidos pola lei autonómica 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, entre os que se poden mencionar a redución progresiva do peso dos residuos producidos, ata alcanzar en 2020 un 10% de redución respecto dos xerados en 2010, e no ano 2025 un 15%; o incremento da cantidade de residuos municipais destinados á preparación para a reutilización e a reciclaxe de papel, metais, vidro, plástico, bioresiduos e outras susceptibles de ser preparadas para a reutilización (no seu conxunto, como mínimo, o 50% en peso no ano 2020, correspondendo un 2% á preparación para a reutilización principalmente de residuos téxtiles, residuos de aparatos eléctricos e electrónicos e mobles, o 55 % en 2025 e o 60 % en 2030); a eliminación en vertedoiro no ano 2035 dun máximo do 10% dos residuos domésticos xerados; incremento progresivo da cantidade de residuos non perigosos de construción e demolición destinados á preparación para a reutilización, a reciclaxe e outros tipos de valorización material, ata alcanzar antes de 2020 o 70 % no peso dos residuos producidos e o 75% en 2025; acadar antes de 2025 o obxectivo do 30% da preparación para a reutilización do total de residuos domésticos xestionados, e un 5 % en 2030.

Centrándonos na análise dos residuos sólidos urbanos (RSU), os datos da Enquisa sobre recollida e tratamento de residuos do INE reflicten que no ano 2020 en relación ao ano anterior Galicia rexistra, ao igual que o conxunto do Estado, un descenso do volume total de RSU recollidos. Como se desprende do **cadro 4.4.13.**, en 2020 (último dato dispoñible) recolléronse en Galicia un total de 1.121,4 miles de toneladas, o 5% do total estatal, o que supón un descenso do 4,6% respecto ao ano anterior (-1,5% en España).

No ano 2020 a recollida selectiva de residuos urbanos reduciuse un 3,5% ata acadar as 180.612 Tm fronte ao incremento do 1,6% a nivel estatal. A recollida de residuos urbanos mezclados caeu un 4,8% en Galicia, o dobre da caída media no conxunto do Estado (-2,4%).

A peso da recollida de residuos mezclados sobre o total de residuos urbanos é en Galicia do 83,9%, a quinta máis elevada de todas as CCAA, fronte á media estatal que é do 77,3%. En termos per cápita, en España no ano 2022 recóléronse 473,3 kilogramos de residuos por persoa e ano, Galicia recolleu 415,6 kg per/ano, o terceiro rexistro máis reducido entre as CCAA, só por diante do País Vasco (367,9 kg) e Madrid (378,7 kg).

Por tipo de residuo de recollida separada, no **cadro 4.4.14.** móstrase a evolución da recollida dos distintos tipos de residuos urbanos recollidos selectivamente. Das 180 mil toneladas de residuos recollidas selectivamente en Galicia en 2020, 46.717 Tm son de vidro, o 25,9% do total da recollida selectiva, aproximadamente a mesma cantidade (45.739 Tm) son residuos de animais e vexetais (25,3% do total), 40.933 Tm corresponden a papel e cartón (22,7% do total) e 32.327 Tm a envases mixtos e embalaxes, o 17,9% do total de residuos recollidos selectivamente.

En relación aos residuos selectivos recollidos no ano anterior, os principais tipos de residuos reduciron as cantidades recollidas agás os envases e embalaxes que aumentaron nun 12,9%.

Segundo datos da Sociedade Galega de Medio Ambiente correspondentes á xestión que esta realiza, no ano 2022 reduciuse un 1,35% a cantidade de residuos recibida no Complexo Medioambiental de Sogama. A cantidade de residuos domésticos producidos polos 295 concellos adheridos ao modelo descendeu o ano pasado nunhas 10.800 toneladas ao baixar das 794.472,93 toneladas de 2021 ás 783.725,38 de 2022. Este é o segundo ano consecutivo no que se constata unha redución do lixo recibido na planta de Cerceda. Esta situación detectouse nas catro provincias, sendo Ourense a que experimentou unha maior caída, cun 2,72% menos de lixo xerado. En 2022 tamén descendeu

## Residuos urbanos recollidos nas CC.AA. 2019-20: distribución segundo tipo

|                       | 2020              |                                       | 2019              |                           | 20/19       |                                  |
|-----------------------|-------------------|---------------------------------------|-------------------|---------------------------|-------------|----------------------------------|
|                       | mezclados         | recollidos selectivamente<br>(en Tm.) | mezclados         | recollidos selectivamente | mezclados   | recollidos selectivamente<br>(%) |
| Andalucía             | 3.978.472         | 601.356                               | 3.757.373         | 553.276                   | 5,9         | 8,7                              |
| Aragón                | 473.739           | 142.453                               | 491.160           | 160.302                   | -3,5        | -11,1                            |
| Asturias              | 382.267           | 105.258                               | 386.727           | 120.853                   | -1,2        | -12,9                            |
| Baleares              | 519.276           | 176.746                               | 669.809           | 213.999                   | -22,5       | -17,4                            |
| Canarias              | 980.356           | 246.828                               | 1.071.767         | 210.719                   | -8,5        | 17,1                             |
| Cantabria             | 270.543           | 53.531                                | 276.960           | 60.297                    | -2,3        | -11,2                            |
| Castela e León        | 909.731           | 175.163                               | 925.670           | 162.818                   | -1,7        | 7,6                              |
| Castela - A Mancha    | 864.559           | 95.019                                | 825.208           | 116.867                   | 4,8         | -18,7                            |
| Cataluña              | 2.220.517         | 1.462.453                             | 2.336.927         | 1.460.273                 | -5,0        | 0,1                              |
| Comunidade Valenciana | 2.019.787         | 414.790                               | 2.106.938         | 390.339                   | -4,1        | 6,3                              |
| Estremadura           | 444.172           | 56.059                                | 431.426           | 57.952                    | 3,0         | -3,3                             |
| Galicia               | 940.815           | 180.612                               | 988.060           | 187.214                   | -4,8        | -3,5                             |
| Madrid                | 1.810.627         | 748.271                               | 1.953.582         | 710.645                   | -7,3        | 5,3                              |
| Murcia                | 701.818           | 121.168                               | 671.839           | 91.229                    | 4,5         | 32,8                             |
| Navarra               | 175.768           | 120.851                               | 177.186           | 117.253                   | -0,8        | 3,1                              |
| País Vasco            | 453.752           | 351.734                               | 505.072           | 360.935                   | -10,2       | -2,5                             |
| A Ríoxa               | 107.869           | 24.316                                | 109.344           | 24.420                    | -1,3        | -0,4                             |
| <b>Total</b>          | <b>17.327.572</b> | <b>5.084.072</b>                      | <b>17.756.652</b> | <b>5.005.147</b>          | <b>-2,4</b> | <b>1,6</b>                       |

Fonte: INE, *Estadística sobre recogida y tratamiento de residuos*

## 4.4.13.

## Residuos urbanos recollidos selectivamente 2019-20: distribución segundo tipo de residuo

|                                                   | Galicia        |                | España           |                  |
|---------------------------------------------------|----------------|----------------|------------------|------------------|
|                                                   | 2020           | 2019           | 2020             | 2019             |
|                                                   | (en Tm)        |                |                  |                  |
| 07.1 Vidro                                        | 46.717         | 48.384         | 828.865          | 904.986          |
| 09. Animais e vexetais                            | 45.739         | 46.095         | 1.253.212        | 1.168.659        |
| 07.2 Papel y cartón                               | 40.933         | 41.067         | 1.340.017        | 1.287.418        |
| 10.21 Envases mixtos embalaxes misturados         | 32.327         | 28.630         | 887.731          | 827.965          |
| 08.2 e 08.43 Equipamento eléctrico e electrónicos | 5.581          | 5.877          | 99.486           | 57.710           |
| 12 Minerais (inclúe construción e demolición)     | 3.806          | 6.833          | 420.979          | 519.868          |
| 07.5 Madeira                                      | 3.081          | 8.282          | 149.713          | 136.435          |
| 07.4 Plásticos                                    | 942            | 724            | 14.254           | 29.421           |
| 06 Metálicos                                      | 933            | 1.102          | 46.296           | 21.887           |
| 07.6 Têxtils                                      | 430            | 141            | 39.972           | 47.220           |
| 08.41 Pilas e acumuladores                        | 107            | 35             | 2.197            | 2.087            |
| 18 Outros                                         | 16             | 44             | 1.350            | 1.491            |
| <b>TOTAL RESIDUOS DE RECOLLIDA SEPARADA</b>       | <b>180.612</b> | <b>187.214</b> | <b>5.084.072</b> | <b>5.005.147</b> |

Fonte: INE, *Estadística sobre recogida y tratamiento de residuos*

## 4.4.14.

## Xeración de residuos en Galicia: 2013-20

|                                 | 2013             | 2018             | 2019             | 2020             |
|---------------------------------|------------------|------------------|------------------|------------------|
|                                 | (en Tm.)         |                  |                  |                  |
| Minería e extracción            | 257.231          | 320.889          | 324.063          | 151.934          |
| Sector primario e alimentario   | 94.870           | 155.248          | 177.058          | 186.476          |
| Sector madeira e papel          | 27.417           | 41.463           | 62.878           | 42.846           |
| Coiro e téxtil                  | 1.904            | 2.072            | 3.049            | 1.989            |
| Petróleo, gas natural e carbón  | 1.298            | 272              | 1.258            | 245              |
| Procesos químicos inorgánicos   | 5.190            | 4.724            | 5.380            | 4.880            |
| Procesos químicos orgánicos     | 1.361            | 2.796            | 1.931            | 2.024            |
| Pinturas, adhesivos e tintas    | 9.017            | 13.617           | 14.701           | 13.415           |
| Industria fotográfica           | 352              | 218              | 300              | 496              |
| Procesos térmicos               | 394.427          | 474.383          | 331.220          | 211.995          |
| Tratamento químico superficies  | 7.919            | 12.247           | 12.378           | 8.320            |
| Tratamento físico superficies   | 127.408          | 109.526          | 172.021          | 147.606          |
| Resíduos aceitosos              | 45.442           | 53.174           | 57.250           | 41.748           |
| Disolventes                     | 734              | 897              | 1.109            | 1.078            |
| Envases e absorbentes           | 113.590          | 134.146          | 136.774          | 115.424          |
| Outros                          | 149.281          | 130.801          | 128.147          | 116.624          |
| Construción e demolición        | 520.994          | 878.502          | 1.333.312        | 1.093.364        |
| Servizos médicos                | 10.485           | 14.041           | 13.870           | 12.461           |
| Tratamento de residuos e auga   | 286.815          | 445.193          | 413.887          | 385.282          |
| Resíduos domésticos asimilables | 2.571            | 8.292            | 7.134            | 8.840            |
| <b>Total</b>                    | <b>2.058.306</b> | <b>2.802.501</b> | <b>3.197.720</b> | <b>2.547.049</b> |

Fonte: Cº de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

## 4.4.15.

nun 1,13% a entrada de refugalllos de envases de plástico, latas e briks depositados nos contedores amarelos para a súa posterior reciclaxe.

- **Resíduos industriais**

O volume de residuos industriais xerados en Galicia no ano 2020 (último dato dispoñible) vese condicionado polas restriccións e paros provocados polas medidas derivadas da crisis da covid-19, e ascende a 2,5 millóns de toneladas, o que supón unha caída interanual do 20,3%, o que contrasta co aumento do 14,1% experimentado no ano anterior.

Como reflicte o **cadro 4.4.15.**, entre as distintas ramas de actividade os residuos de construción e demolición son os de maior xeneración con 1,1 millóns de toneladas, e tamén os que máis se reducen en termos absolutos en relación ao ano anterior con 240 mil toneladas xeradas menos (-18% en relación ao ano 2019). O se-

gundo tipo de residuos en importancia en tanto ao seu volume de xeración, son os procedentes do tratamento de residuos e auga que xeran 385 mil toneladas, un 6,9% menos que o ano anterior; en terceiro lugar están os residuos procedentes de procesos térmicos con 212 mil toneladas, un 36% menos que no ano anterior.

No que atinxe ao número de instalacións autorizadas para o tratamento de residuos, tanto perigosos coma non perigosos, o ano 2021 (último dato dispoñible) caracterízase por un significativo incremento. O **cadro 4.4.16.** reflicte que Galicia conta con 1.034 instalacións autorizadas, 58 máis que no ano anterior, rexistrándose este comportamento tanto no caso das instalacións de almacenamento como de clasificación de residuos, valorización e eliminación.

No que respecta á evolución das distintas instalacións, en Galicia hai 271 instalacións de almacenamento que presentan unha capacidade máxima de 278,4 miles de

## Instalacións autorizadas para o tratamento de residuos industriais en Galicia 2018-21

|                   | Instalacións |            |            |              | Capacidade máxima |                   |                   |                   |
|-------------------|--------------|------------|------------|--------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|
|                   | 2018         | 2019       | 2020       | 2021         | 2018              | 2019              | 2020              | 2021              |
|                   |              | (nº)       |            |              |                   | (en Tm.)          |                   |                   |
| Almacenamento (1) | 214          | 252        | 268        | 271          | 184.567           | 308.520           | 212.855           | 278.362           |
| Clasificación     | 251          | 280        | 293        | 301          | 1.393.813         | 1.773.485         | 1.629.137         | 1.695.188         |
| Valorización      | 244          | 347        | 385        | 431          | 10.775.376        | 12.005.679        | 14.989.090        | 17.021.792        |
| Eliminación (2)   | 35           | 30         | 30         | 31           | 334.889           | 323.989           | 243.889           | 263.514           |
| <b>Total</b>      | <b>744</b>   | <b>909</b> | <b>976</b> | <b>1.034</b> | <b>12.688.645</b> | <b>14.411.673</b> | <b>17.074.972</b> | <b>19.258.855</b> |

(1) Capacidade en toneladas máximas de residuos que se poden almacenar nas instalacións

(2) Non computada a capacidade de eliminación en vertedoiros

Fonte: Cª de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

## 4.4.16.

toneladas, o que supón 3 instalacións máis que no ano precedente, e un incremento interanual da súa capacidade de almacenamento do 30,8%. Doutra banda, o número de instalacións de clasificación ascende a 301, o que supón 8 instalacións máis respecto ao ano anterior, aumentando a súa capacidade máxima a 1.695,2 miles de toneladas/ano (1.629,1 miles de toneladas no ano precedente). No que atinxe ás instalacións de valorización, Galicia conta con 431 instalacións autorizadas, 46 máis que no ano anterior, cunha capacidade máxima de 17 millóns de toneladas fronte aos 15 millóns no ano anterior, un 13,6% máis. Finalmente, o número de instalacións autorizadas de eliminación de residuos tamén se incrementa ata as 31, unha máis que no ano anterior, e a súa capacidade máxima ascende ata as 263,5 miles de toneladas, un 8% máis que no ano 2020. □

## 4.5. Ocio e cultura

O obxectivo deste capítulo é analizar a situación da cultura e ocio en Galicia a través do estudo das denominadas magnitudes transversais e dos dominios culturais. Dunha banda, as magnitudes transversais son todas aquelas operacións estatísticas que afectan a diferentes sectores culturais; doutra banda, os dominios culturais ou magnitudes sectoriais son aquelas que representan un conxunto común de actividades económicas e sociais que tradicionalmente son consideradas de natureza cultural, tales coma os bens culturais, libros e publicacións periódicas ou artes musicais, entre outras.

### Indicadores transversais

Como o seu nome indica, estes indicadores dan información sobre as características básicas transversais aos diferentes sectores ou actividades culturais: emprego, sector empresarial, financiamento e gasto público en cultura, gasto e consumo cultural nos fogares, propiedade intelectual e turismo cultural.

#### • Emprego e empresas culturais

Os indicadores armonizados europeos de emprego vinculado á cultura por país, sitúan a España cunha por-

centaxe de emprego cultura sobre o total de emprego do 3,7%, porcentaxe igual que a rexistrada de media na UE-27. Segundo os datos do Ministerio de Cultura y Deporte o número de persoas ocupadas en actividades cunha dimensión cultural en Galicia ascendeu no último ano a 36.500 persoas, o que representa o 3,3% do emprego total e o 5,2% do emprego cultural do conxunto do Estado (**cadro 4.5.1.**).

En termos interanuais, no ano 2022 aumenta o emprego cultural en Galicia, retomando a tendencia alcista despois do leve descenso rexistrado no ano anterior. En termos relativos, o aumento do emprego neste sector en Galicia foi do 5,2% (1.800 persoas máis), un crecemento moito máis intenso que o rexistrado de media do Estado, que acadou tan só o 0,6%.

No que respecta á análise da evolución das empresas culturais no último ano, partimos de que o tecido empresarial engloba a todas as empresas cuxa principal actividade económica atópase relacionada co ámbito da cultura, en concreto: actividades vinculadas a bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais, actividades cinematográficas, de vídeo, de radio e televisión así como as artísticas e de espectáculos, entre

**Emprego cultural 2013-22 <sup>(1)</sup>**

|             | Galicia |                         | España  |                         | Galicia / España |
|-------------|---------|-------------------------|---------|-------------------------|------------------|
|             | (miles) | (% sobre total emprego) | (miles) | (% sobre total emprego) | (%)              |
| <b>2013</b> | 30,3    | 3,0                     | 572,6   | 3,3                     | 5,3              |
| <b>2019</b> | 34,1    | 3,1                     | 710,2   | 3,6                     | 4,8              |
| <b>2020</b> | 34,8    | 3,2                     | 668,1   | 3,5                     | 5,2              |
| <b>2021</b> | 34,7    | 3,2                     | 690,8   | 3,5                     | 5,0              |
| <b>2022</b> | 36,5    | 3,3                     | 695,3   | 3,4                     | 5,2              |

(1) ocupados de máis de 16 anos que desenvolven ocupacións culturais, considerando estas como aquelas actividades profesionais cunha dimensión cultural como por exemplo escritores, artistas, arquivistas, bibliotecarios, actividades de edición, cinematográficas, de vídeo, radio, tv, actividades artísticas e de espectáculos e outras, con independencia da actividade principal do empregador

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte e INE, EPA

**4.5.1.**

outras. O Anuario de Estadísticas Culturales 2022 do Ministerio de Educación reflicte que o número de empresas culturais rexistradas a principios de 2021, último dato dispoñible, diminúe en relación á mesma data do ano anterior, acadando as 7.075 empresas, 83 menos que no ano anterior. A caída no número de empresas culturais en Galicia foi do 1,2%, fronte ao descenso medio estatal do 2,6%, o que determina o incremento nunha décima porcentual do peso das empresas galegas sobre o total acadando o 5,5% en 2021.

Atendendo á súa distribución segundo actividade económica principal, o **cadro 4.5.2.** amosa como o descenso no número de empresa prodúcese tanto nas actividades de comercio e aluguer (49 empresas menos) como nas actividades da industria e dos servizos (34 empresas menos). Dentro destas últimas salienta a perda de 26 empresas dedicadas a actividades de deseño, creación artísticas e de espectáculos, 18 empresas menos de artes gráficas ou de 11 empresas menos de edición de libros e xornais. Pola contra salienta o incremento de 24 empresas de fotografía ou 17 empresas máis de cinematografía, vídeo, radio e TV.

En termos de variación interanual, o número de empresas culturais das actividades da industria e dos servizos culturais cae en Galicia un 0,6% (-2,3% no conxunto do Estado) e as empresas centradas nas actividades de comercio e aluguer de bens culturais redúcense en Galicia un 4% respecto ao ano anterior fronte á caída do 4,6% en España.

As actividades da industria e dos servizos culturais abranguen o 83,4% das empresas culturais en Galicia (86,2% en España), destacando por número de empresas as dedicadas ás actividades de “deseño, creación, artísticas e de espectáculos”, con 2.800 empresas (o 39,6% das empresas culturais galegas), así como as actividades de “fotografía”, con 814 empresas (11,5%), e “artes gráficas e reprodución de soportes gravados”, con 701 empresas (o 9,9% das empresas culturais).

- **Financiamento e gasto público en cultura**

Esta análise do gasto público en cultura realízase dende o punto de vista do financiador e non do receptor, para o que distinguimos entre gasto público e gasto privado; así, considérase gasto público en cultura o gasto consolidado liquidado destinado á cultura, na súa fase de obrigas recoñecidas.

Os nomeados datos do Anuario de Estadísticas Culturales 2022 do Ministerio de Cultura y Deporte, recollen o gasto liquidado en cultura realizado pola Administración autonómica galega en 2020 (último dato dispoñible) que aumentou ata os 91,8 millóns de euros, o que supón o 6,8% do gasto no conxunto do Estado, porcentaxe superior ao peso que representa tanto a poboación como a actividade económica galega. En relación ao ano anterior, este gasto público en cultura aumentou en Galicia un 9,2% (7,7 millóns de euros) porcentaxe que representa un incremento máis moderado que o rexistrado de media en España (12,8%).



#### Empresas culturais nas CC.AA. 2008, 2013 e 2019-21: distribución segundo actividade económica principal <sup>(1) (2)</sup>

|                                                                    | 2008         |                | 2013         |                | 2019         |                | 2020         |                | 2021         |                |
|--------------------------------------------------------------------|--------------|----------------|--------------|----------------|--------------|----------------|--------------|----------------|--------------|----------------|
|                                                                    | Galicia      | España         | Galicia      | España         | Galicia      | España         | Galicia      | España         | Galicia      | España         |
| <b>Total empresas</b>                                              | <b>5.801</b> | <b>111.631</b> | <b>5.825</b> | <b>108.556</b> | <b>7.033</b> | <b>127.581</b> | <b>7.158</b> | <b>132.203</b> | <b>7.075</b> | <b>128.741</b> |
| <b>En determinadas actividades da industria e dos servizos</b>     | <b>3.805</b> | <b>83.180</b>  | <b>4.102</b> | <b>82.833</b>  | <b>5.770</b> | <b>108.440</b> | <b>5.934</b> | <b>113.617</b> | <b>5.900</b> | <b>111.018</b> |
| Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras              | 76           | 1.391          | 198          | 4.546          | 223          | 4.772          | 237          | 4.950          | 238          | 4.927          |
| Edición de libros, xornais e outras activ. edit.                   | 332          | 8.487          | 369          | 8.326          | 329          | 7.459          | 314          | 7.260          | 303          | 6.990          |
| Cinematografía, video, radio, tv, e outras activ. de edic. musical | 417          | 10.297         | 378          | 9.123          | 375          | 9.606          | 377          | 9.695          | 394          | 9.928          |
| Axencias de novas                                                  | 1            | 83             | 1            | 118            | 3            | 75             | 3            | 75             | 3            | 65             |
| Actividades de deseño, creación, artísticas e de espectáculos      | 1.207        | 25.267         | 1.473        | 27.482         | 2.631        | 44.862         | 2.826        | 49.122         | 2.800        | 47.760         |
| Fotografía                                                         | 573          | 10.489         | 550          | 9.041          | 808          | 13.320         | 790          | 13.961         | 814          | 13.595         |
| Actividades de tradución e interpretación                          | 327          | 7.669          | 334          | 7.778          | 448          | 10.158         | 453          | 10.466         | 448          | 10.007         |
| Artes gráficas e reprod. de soportes grabados                      | 786          | 17.700         | 719          | 14.805         | 752          | 14.285         | 719          | 14.071         | 701          | 13.806         |
| Edición de videoxogos                                              | -            | -              | -            | -              | -            | 111            | 3            | 151            | 4            | 172            |
| Fabricac. de soportes, aparatos de imaxe e son e instr. musicais   | 26           | 347            | 20           | 306            | 31           | 405            | 33           | 412            | 33           | 413            |
| Fabricación de artigos de xoiería e artigos similares              | -            | -              | -            | -              | 96           | 1.786          | 94           | 1.744          | 85           | 1.688          |
| Educación cultural                                                 | 60           | 1.450          | 60           | 1.308          | 74           | 1.601          | 85           | 1.710          | 77           | 1.667          |
| <b>En determinadas actividades do comercio e aluguer</b>           | <b>1.996</b> | <b>28.451</b>  | <b>1.723</b> | <b>25.723</b>  | <b>1.263</b> | <b>19.141</b>  | <b>1.224</b> | <b>18.586</b>  | <b>1.175</b> | <b>17.723</b>  |

(1) A partir de 2016 inclúense a Fabricación de artigos de xoiería e artigos similares e a Edición de videoxogos (códigos 3212 e 5821 da CNAE 2009).

(2) O concepto de empresa utilizado no DIRCE foi reformulado polo INE, polo que a comparación de resultados de 2019 en diante con períodos anteriores se restrinxen parcialmente.

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

#### 4.5.2.

#### Gasto público liquidado en cultura en Galicia e España 2019-20

|                                           |                            | 2020          |                  | 2019          |                  |
|-------------------------------------------|----------------------------|---------------|------------------|---------------|------------------|
|                                           |                            | Galicia       | España           | Galicia       | España           |
| <b>Total</b>                              | <i>(en miles de euros)</i> | <b>91.858</b> | <b>1.355.075</b> | <b>84.144</b> | <b>1.201.422</b> |
| <b>Gasto / gasto liquidado total</b>      | <i>(%)</i>                 | 0,66          | 0,55             | 0,67          | 0,57             |
| <b>Gasto / PIB</b>                        |                            | 0,16          | 0,12             | 0,13          | 0,10             |
| <b>Gasto / habitante</b>                  | <i>(en euros)</i>          | 34,00         | 28,60            | 31,20         | 25,60            |
| <b>Actividades</b>                        |                            |               |                  |               |                  |
| <b>Bens e servizos culturais</b>          |                            | 35.693        | 500.216          | 33.185        | 471.553          |
| <b>Artes plásticas e escénicas</b>        |                            | 5.985         | 231.118          | 5.126         | 211.905          |
| <b>Libro e audiovisual</b>                | <i>(en miles de euros)</i> | 592           | 43.840           | 1.808         | 40.427           |
| <b>Interdisciplinar e non distribuído</b> |                            | 49.587        | 579.902          | 44.025        | 477.537          |

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*.

#### 4.5.3.

A pesar do menor crecemento do gasto público en cultura en Galicia que na media estatal, a porcentaxe do PIB do gasto liquidado en cultura e a porcentaxe sobre o gasto liquidado total do gasto liquidado en cultura, seguen a ser superiores en Galicia que no conxunto do Estado. Como reflicte o **cadro 4.5.3.**, o gasto liquidado en cultura representa o 0,16% do PIB galego (0,12% no Estado) e o 0,66% do gasto liquidado total (0,55% en España). Asemade, cómpre mencionar que o gasto per

cápita en Galicia aumenta ata os 34 euros (2,8 euros máis que no ano anterior), importe novamente superior ao do conxunto do Estado, que acada os 28,6 euros (3 euros máis que no ano anterior).

Atendendo á desagregación do gasto segundo a actividade principal á que vai dirixido, o sinalado incremento do gasto total ven explicado tanto pola evolución das actividades de “bens e servizos culturais”, cun aumento

## Consumo cultural nos fogares en Galicia e España 2020-21

|                                                                  | 2021          |                 | 2020          |                 |
|------------------------------------------------------------------|---------------|-----------------|---------------|-----------------|
|                                                                  | Galicia       | España          | Galicia       | España          |
| <b>Total</b>                                                     | <b>616,3</b>  | <b>10.773,5</b> | <b>641,6</b>  | <b>10.484,9</b> |
| libros e publicacións periódicas                                 | 166,9         | 2.124,1         | 180,3         | 2.160,9         |
| servizos culturais                                               | 49,9          | 1.362,4         | 56,5          | 960,5           |
| equipos e accesorios audiovisuais e de tratamento de información | 203,9         | 3.707,1         | 181,8         | 3.541,4         |
| telefonía móbil e servizos relacionados coa Internet             | 195,6         | 3.579,9         | 223,0         | 3.822,1         |
| <b>gasto / habitante</b>                                         | <b>230,80</b> | <b>230,00</b>   | <b>239,70</b> | <b>223,60</b>   |
| <b>gasto / fogar</b>                                             | <b>555,90</b> | <b>571,00</b>   | <b>581,70</b> | <b>556,40</b>   |

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

## 4.5.4.

do 7,6% (2.508 miles de euros máis) e o gasto nas actividades de “artes plásticas e escénicas”, cun aumento do 16,8% (859 mil euros), como polas actividades incluídas dentro do apartado “interdisciplinar e non distribuído”, que presenta unha taxa de variación interanual do 12,6% (5.562 miles de euros máis). Isto contrasta co descenso do gasto nas actividades de “libro e audiovisual”, cunha redución interanual do 67,3% (-1.216 miles de euros), fronte ao incremento do 8,4% do gasto público liquidado nesta actividade de media no Estado. Tras esta evolución, o orzamento liquidado nas actividades de bens e servizos culturais ascende a 35.693 miles de euros, o 38,9% do total, sendo de 49.587 miles o gasto liquidado nas actividades interdisciplinares e non distribuídos (54%).

#### • Gasto e consumo cultural nos fogares

No ano 2021, a diferenza do que acontecía no ano anterior, redúcese en Galicia o gasto destinado a consumo de bens e servizos culturais por parte das familias, o que contrasta co aumento rexistrado no conxunto de España. Como se observa no **cadro 4.5.4.**, fronte ao descenso do gasto en consumo dos fogares galegos en cultura dun 3,9% en relación ao ano 2020, no conxunto do Estado este gasto aumenta un 2,8%. Tras esta evolución, o gasto en Galicia ascende a 616,3 millóns de euros, o que representa o 5,7% do consumo total en cultura nos fogares españois (6,1% no ano 2020).

Asemade, hai que sinalar que a variación interanual de

prezos ao consumo correspondente ao ocio e a cultura a decembro de 2021 en Galicia foi do 1,5% respecto ao ano anterior, dúas décimas menos que no conxunto do Estado. Cómpre mencionar que as fortes tensións inflacionistas experimentadas no ano 2022 inciden tamén nun alza de prezos en ocio e cultura, cunha medra en Galicia do 3,1% fronte ao 3,8% en España.

Tendo en conta a devandita evolución do gasto en cultura, Galicia presenta no último ano analizado un peso relativo do gasto cultural no gasto total en bens e servizos do 2% igual á media estatal e o quinto máis elevado do territorio igualado con Canarias, Aragón e Extremadura.

No que respecta ao o gasto medio por fogar en cultura, este descende en 2021 ata os 550,9 euros en Galicia, 15,1 euros menos que a media estatal (en 2020 o gasto era de 25,3 euros superior á media de España), o que a sitúa como a oitava Comunidade Autónoma con maior gasto tras Murcia, Madrid, Castela e León, Navarra, C. Valenciana, Cataluña, e Illas Baleares. En termos de gasto por habitante, o gasto medio ascende ata os 239,8 euros (230 euros en España), o que a coloca como a décima C.A. con maior gasto per cápita, retrocedendo tres postos en relación ao ano anterior. No que respecta ao gasto por fogar e per cápita, compre salientar o descenso rexistrado en Galicia no ano 2021 en ambos casos, -3,9% e -4,6% respectivamente, fronte ao incremento do gasto rexistrado de media no Estado que foi do 2,8% e do 2,6% en cada caso.

Dereitos de propiedade intelectual 2020-21 <sup>(1)</sup>

|                                                        | 2021   | 2020   |
|--------------------------------------------------------|--------|--------|
| <b>Obras literarias e científicas</b>                  |        |        |
| Galicia                                                | 1.072  | 954    |
| España                                                 | 23.070 | 18.686 |
| <b>Obras musicais, cinematográficas e audiovisuais</b> |        |        |
| Galicia                                                | 271    | 257    |
| España                                                 | 5.705  | 4.202  |
| <b>Obras artísticas e técnicas</b>                     |        |        |
| Galicia                                                | 120    | 146    |
| España                                                 | 1.811  | 1.505  |
| <b>Outras</b>                                          |        |        |
| Galicia                                                | 89     | 84     |
| España                                                 | 814    | 535    |
| <b>Total</b>                                           |        |        |
| Galicia                                                | 1.552  | 1.441  |
| España                                                 | 31.400 | 24.928 |

(1) primeiras inscricións realizadas no Rexistro da Propiedade Intelectual; o dato total de España recolle a suma das inscricións no rexistro central e nos rexistros territoriais

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

## 4.5.5.

En canto ao destino do gasto en consumo culturais dos fogares galegos, a partida máis importante é a destinada a "equipos e accesorios audiovisuais e de tratamento da información" que tras un incremento do 12,2% no ano 2021 acada en Galicia case os 204 millóns de euros, o 33% do consumo cultural total nos fogares en Galicia; o incremento medio deste gasto no conxunto do Estado foi máis moderado acadando o 4,7%, sendo obxecto do 34,4% do gasto cultural total dos fogares no Estado.

O segundo destino en importancia do gasto en consumo é a "telefonía móbil e servizos relacionados con internet" que, a pesar da forte redución interanual do gasto, -12,3%, seis puntos máis acusado que en España, concentra o 31,7% do gasto galego en bens e servizos culturais, porcentaxe que se sitúa este ano 1,5 puntos porcentuais por baixo da media estatal (33,2%). A continuación sitúase o gasto en libros e publicacións periódicas, cun peso relativo do 27%, superior ao peso medio no Estado que é do 19,7%; tan só o gasto en libros e publicación periódicas presenta un peso relativo en Galicia superior á do conxunto de España.

Analizando a evolución dos diferentes gastos respecto ao ano anterior, cómpre mencionar o nomeado incremento do 12,2% no caso do gasto en equipos e accesorios audiovisuais e de tratamento de información, e os descenso no gasto en telefonía móbil do 12,3% (-6,3% en España), nos gastos en libros, -7,4% (-1,7% en España), e no gasto en servizos culturais -11,7%, fronte ao incremento do 41,8% en España.

## • Propiedade intelectual

A información reflectida neste apartado sobre os dereitos de propiedade intelectual deriva das Entidades de Xestión así como da explotación estatística do Rexistro xeral da propiedade intelectual. Por tanto, a efectos deste análise a propiedade intelectual defínese como o conxunto de dereitos que corresponden aos autores e outros titulares respecto ás obras e prestacións froito da súa creación.

O número de primeiras inscricións de dereitos de propiedade industrial aumenta no ano 2021, último ano dispoñible, tanto en Galicia coma no conxunto do Es-

tado, o que contrasta co acontecido no ano anterior cando se producía unha caída das inscricións realizadas no Rexistro da Propiedade Intelectual. Como amosa o **cadro 4.5.5.**, na Comunidade Autónoma rexistráronse un total de 1.552 inscricións, 111 máis que no ano anterior, un aumento do 7,7% moito máis moderado que o experimentado de media no Estado que foi do 26%, o que determina que a importancia relativa do número de inscricións realizadas no rexistro da propiedade intelectual en Galicia pasen do 5,8% do total estatal no ano 2020 ao 4,9% no ano 2021.

Desagregando por tipo de rexistro, o citado aumento interanual rexistrado no conxunto dos dereitos de propiedade en Galicia corresponde ás obras literarias e científicas e ás obras musicais e cinematográficas, mentres que as obras artísticas e técnicas reducen o número de rexistros. En concreto, no caso das obras literarias e científicas, aumentan 118 inscricións (12,4%), as obras musicais, cinematográficas e audiovisuais aumentan en 14 inscricións (5,4%), mentres que entre as obras artísticas e técnicas o descenso foi do 17,8% (26 menos). Tras esta evolución, o 69,1% do total das inscricións rexistradas en Galicia corresponderon a obras literarias e científicas, seguidas das obras musicais, cinematográficas e audiovisuais, co 17,5%, e as obras artísticas e técnicas, cun 7,7%.

#### • Turismo cultural

A estatística utilizada para levar a cabo a análise do turismo cultural en Galicia é a "Encuesta de turismo de residentes" elaborada polo INE e que, como o seu título indica, está exclusivamante limitada a residentes nacionais. Tendo en conta esta circunstancia, tras o forte descenso interanual do número de viaxes consecuencia das restricións de mobilidade para facer fronte á expansión do coronavirus, a reactivación da actividade económica e o levantamento das devanditas restricións favorecen que no ano 2021 e no ano 2022 medren con forza o número de viaxes e de pernoctacións, se ben aínda se atopan por baixo dos niveis previos á pandemia.

No concernente ao número de viaxes realizados por re-

sidentes en Galicia rexistrados como turismo por motivo cultural, en 2022 superáronse os datos rexistrados no ano 2019, previo á pandemia, realizándose un total de 755.964 viaxes culturais cando no ano anterior á pandemia foron 620.698 viaxes. Os viaxes culturais de residentes en Galicia aumentaron un 111% en relación a 2021 e un 22% en relación a 2019.

O 8,7% do total de viaxes realizadas polos galegos nese ano son por motivos culturais fronte ao 4,8% do ano anterior e o 6,3% do ano 2019. No conxunto do Estado este peso relativo sitúase en 2022 no 9,5%, do 6% en 2021 e do 8,8% en 2019.

A pesar da dita medra do número de viaxes por motivos culturais por parte de residentes en España, prodúcese, un ano máis, unha diminución da súa duración media que en Galicia se sitúa en 3,28 días fronte ao aumento ata os 4,09 días no conxunto de España (**cadro 4.5.6.**).

O gasto medio dos residentes en Galicia cando realizan viaxes por motivos culturais aumenta en 2022 situándose nos 427,7 euros por persoa, o que supón 18,7 euros máis que no ano anterior. Na mesma liña, tamén se incrementa o gasto diario dos residentes galegos en 19,4 euros, acadando os 130,2 euros.

No ano 2022, o gasto medio por persoa en turismo cultural dos residentes no conxunto do Estado foi superior ao realizado polos galegos. Dunha banda, o gasto medio en viaxes culturais foi de 537,6 euros por persoa, o que supón 123,4 euros máis que no ano anterior, aumentando así mesmo o seu gasto diario ata os 131,3 euros (107,8 euros no ano 2021). En ambos os casos supera aos gastos rexistrados en 2019. Se se considera tan só o seu gasto na Comunidade Autónoma galega, o gasto medio diario sitúase en 91,5 euros, 1,8 euros máis que no ano anterior, superior aos 82,40 euros de gasto medio por persoa en viaxe cultural en Galicia en 2019.

#### Dominios culturais

Entendemos como magnitudes sectoriais concretas dos dominios culturais os bens de interese cultural, a acti-

## Viaxes por motivos culturais de residentes 2019-22

|                                         | 2019       |             | 2020       |             | 2021       |             | 2022       |             |
|-----------------------------------------|------------|-------------|------------|-------------|------------|-------------|------------|-------------|
|                                         | Galicia    | España      | Galicia    | España      | Galicia    | España      | Galicia    | España      |
| <b>Viaxes totais</b>                    | 9.854.554  | 193.874.716 | 4.824.312  | 101.523.862 | 7.447.102  | 142.893.461 | 8.728.595  | 171.388.138 |
| Ocio, recreo e vacacións                | 4.482.494  | 100.167.215 | 1.709.501  | 47.748.862  | 2.795.183  | 69.090.482  | 3.445.179  | 88.420.215  |
| Turismo cultural                        | 620.698    | 16.983.935  | 139.047    | 4.751.908   | 358.577    | 8.575.274   | 755.964    | 16.429.491  |
| <b>Pernotacións totais</b>              | 32.926.372 | 793.908.137 | 20.883.629 | 493.409.224 | 25.405.699 | 626.172.389 | 31.687.158 | 745.821.861 |
| Ocio, recreo e vacacións                | 15.404.830 | 439.239.797 | 8.940.399  | 255.916.934 | 10.263.496 | 331.156.019 | 12.191.449 | 401.088.806 |
| Turismo cultural                        | 2.639.958  | 74.400.130  | 549.477    | 18.284.446  | 1.323.082  | 32.958.720  | 2.482.546  | 67.241.210  |
| <b>Duración media das viaxes (días)</b> | 3,34       | 4,09        | 4,33       | 4,86        | 3,41       | 4,38        | 3,63       | 4,35        |
| Ocio, recreo e vacacións                | 3,44       | 4,39        | 5,23       | 5,36        | 3,67       | 4,79        | 3,54       | 4,54        |
| Turismo cultural                        | 4,25       | 4,38        | 3,95       | 3,85        | 3,69       | 3,84        | 3,28       | 4,09        |

Fonte: INE, Encuesta de turismo de residentes

## 4.5.6.

## Gasto nas viaxes por motivos culturais 2019-22

| Residentes en Galicia         |                     |                    |             |           |                  |             |          |
|-------------------------------|---------------------|--------------------|-------------|-----------|------------------|-------------|----------|
|                               |                     | Viaxes por destino |             |           | Turismo cultural |             |          |
|                               |                     | Total              | Estranxeiro | Galicia   | Total            | Estranxeiro | Galicia  |
| Gasto total                   |                     |                    |             |           |                  |             |          |
| 2019                          | (en miles de euros) | 1.996.883,5        | 618.085,2   | 618.293,1 | 305.781,1        | 195.786,1   | 16.025,8 |
| 2020                          |                     | 813.237,1          | 154.665,3   | 375.730,6 | 64.267,6         |             |          |
| 2021                          |                     | 1.391.688,9        | 281.323,2   | 595.914,6 | 146.661,2        | 64.736,1    | 17.973,1 |
| 2022                          |                     | 2.272.438,4        | 578.498,8   | 638.465,7 | 323.356,5        | 149.111,6   | 32.746,1 |
| Gasto medio por persoa        |                     |                    |             |           |                  |             |          |
| 2019                          | (en euros)          | 202,64             | 668,66      | 91,47     | 492,64           | 748,17      | 148,65   |
| 2020                          |                     | 168,57             | 564,77      | 98,58     | 462,20           |             |          |
| 2021                          |                     | 186,88             | 678,83      | 103,19    | 409,01           | 599,88      | 192,90   |
| 2022                          |                     | 260,34             | 753,34      | 110,81    | 427,74           | 556,51      | 174,00   |
| Gasto medio diario por persoa |                     |                    |             |           |                  |             |          |
| 2019                          | (en euros)          | 60,65              | 110,72      | 34,48     | 115,83           | 136,04      | 81,27    |
| 2020                          |                     | 38,94              | 105,82      | 24,55     | 116,96           |             |          |
| 2021                          |                     | 54,78              | 89,10       | 37,36     | 110,85           | 119,49      | 85,42    |
| 2022                          |                     | 71,71              | 127,39      | 39,74     | 130,25           | 144,32      | 81,87    |

| Residentes nacionais          |                     |                    |              |             |                  |             |           |
|-------------------------------|---------------------|--------------------|--------------|-------------|------------------|-------------|-----------|
|                               |                     | Viaxes por destino |              |             | Turismo cultural |             |           |
|                               |                     | Total              | Estranxeiro  | Galicia     | Total            | Estranxeiro | Galicia   |
| Gasto total                   |                     |                    |              |             |                  |             |           |
| 2019                          | (en miles de euros) | 48.065.843,7       | 16.051.837,5 | 1.854.957,0 | 9.085.353,2      | 6.070.630,3 | 220.210,0 |
| 2020                          |                     | 21.135.056,8       | 3.576.611,4  | 1.091.586,3 | 1.921.801,0      | 790.193,3   | 110.081,3 |
| 2021                          |                     | 32.520.685,2       | 5.411.731,3  | 1.714.724,6 | 3.551.499,0      | 1.195.432,6 | 228.733,1 |
| 2022                          |                     | 50.292.009,7       | 14.860.148,6 | 2.337.966,9 | 8.832.443,9      | 4.962.392,2 | 334.910,8 |
| Gasto medio por persoa        |                     |                    |              |             |                  |             |           |
| 2019                          | (en euros)          | 247,92             | 797,82       | 185,48      | 534,94           | 870,80      | 383,79    |
| 2020                          |                     | 208,18             | 704,82       | 203,74      | 404,43           | 707,15      | 446,95    |
| 2021                          |                     | 227,59             | 751,03       | 206,02      | 414,16           | 736,46      | 484,28    |
| 2022                          |                     | 293,44             | 920,98       | 247,40      | 537,60           | 923,25      | 446,97    |
| Gasto medio diario por persoa |                     |                    |              |             |                  |             |           |
| 2019                          | (en euros)          | 60,54              | 111,17       | 45,84       | 122,11           | 147,69      | 82,40     |
| 2020                          |                     | 42,83              | 83,72        | 34,47       | 105,11           | 145,85      | 71,08     |
| 2021                          |                     | 51,94              | 78,55        | 48,81       | 107,76           | 137,05      | 89,70     |
| 2022                          |                     | 67,43              | 108,01       | 56,29       | 131,35           | 157,37      | 91,49     |

Fonte: INE, Encuesta de turismo de residentes

## 4.5.7.

**Bens mobles e inmoables inscritos como Bens de Interese Cultural (BIC) en Galicia e España 2020-21**

|                                     | 2021    |        | 2020    |        |
|-------------------------------------|---------|--------|---------|--------|
|                                     | Galicia | España | Galicia | España |
| <b>Bens Interese Cultural (BIC)</b> | 4.900   | 39.177 | 7.390   | 41.323 |
| <b>Bens inmoables</b>               | 791     | 17.693 | 801     | 17.981 |
| <b>Monumento</b>                    | 643     | 13.842 | 644     | 13.921 |
| <b>Xardín Histórico</b>             | 7       | 85     | 7       | 88     |
| <b>Conxunto histórico</b>           | 50      | 985    | 50      | 977    |
| <b>Sitio histórico</b>              | 71      | 484    | 80      | 722    |
| <b>Zona arqueolóxica</b>            | 20      | 2.297  | 20      | 2.273  |
| <b>Bens mobles</b>                  | 4.109   | 21.484 | 6.589   | 23.342 |

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *CULTURABase*

#### 4.5.8.

vidade da edición de libros e publicacións periódicas, as artes escénicas e musicais e, finalmente, os medios audiovisuais e interactivos.

#### • Bens de interese cultural

A Lei de patrimonio cultural de Galicia integra como parte do patrimonio cultural de Galicia a todos os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deban ser considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. Os máis sobranceiros son recoñecidos como Bens de Interese Cultural (BIC), que se clasifican en bens mobles ou bens inmoables. Os bens inmoables poderán selo de forma individual ou ben como colección, e a súa declaración atenderá ás seguintes clases: monumento, conxunto e sitio histórico, xardín histórico e zona arqueolóxica.

Segundo a base de datos de patrimonio do Ministerio de Cultura y Deporte, que presenta información sobre os bens mobles e inmoables inscritos como Bens de Interese Cultural (BIC), no ano 2021, último dato dispoñible, o conxunto de bens inmoables inscritos ascendeu en Galicia a 791, dez menos que no ano anterior, dos que 709 son BIC declarados e 82 corresponden a procedementos de declaración incoados. Como se amosa no **cadro 4.5.8.**, a súa meirande parte corresponden

coa categoría de monumentos, con 643, o 81,3% do total, seguidos dos sitios históricos, que representan o 9% (71); os conxuntos históricos, con 50 (6,3%); as zonas arqueolóxicas, con 20 (2,5%); e os xardíns históricos, cos 7 restantes (0,9%).

O número de bens mobles inscritos en Galicia no ano 2021 redúcese considerablemente ata os 4.109 bens, (38% menos que no ano anterior), o que representa o 19,1% do total estatal. No ano 2021 todos os bens mobles galegos incoados se corresponden con BIC declarados, xa que non se rexistra ningún BIC incoado.

#### • Artes escénicas e musicais

Os **cadros 4.5.9. e 4.5.10.** mostran os principais indicadores das artes escénicas e musicais en Galicia e España. No ano 2021 redúcense a 3 o número de editores en Galicia, dous menos que no ano anterior, fronte ao incremento de 20 editores no conxunto de España. Polo contrario aumenta o número de obras musicais inscritas no *International Standard Music Number* (ISMN), que se sitúa en 22 obras fronte ás 20 do ano anterior, pero descende á metade o número de obras musicais inscritas en galego, que pasa das oito obras de 2020 a catro no último ano.

Maila o leve aumento rexistrado no número de obras

## Artes escénicas e musicais en Galicia e España 2020-21

|                            | 2021    |        | 2020    |        |
|----------------------------|---------|--------|---------|--------|
|                            | Galicia | España | Galicia | España |
| <b>Obras musicais</b>      |         |        |         |        |
| Editores                   | 3       | 78     | 5       | 58     |
| Obras inscritas (1)        | 22      | 2.554  | 20      | 1.016  |
| en galego                  | 4       |        | 8       |        |
| <b>Espazos escénicos</b>   |         |        |         |        |
| Número                     | 96      | 1.748  | 94      | 1.719  |
| Espazos/100.000 habitantes | 3,6     | 3,7    | 3,5     | 3,6    |
| <b>Salas concertos</b>     |         |        |         |        |
| Salas                      | 62      | 1.290  | 35      | 923    |
| Salas/100.000 habitantes   | 2,3     | 2,7    | 1,3     | 2,0    |
| <b>Compañías</b>           |         |        |         |        |
| Teatro                     | 252     | 4.500  | 243     | 4.329  |
| Danza                      | 82      | 932    | 82      | 930    |
| <b>Festivais</b>           |         |        |         |        |
| Teatro                     | 55      | 810    | 53      | 793    |
| Danza                      | 21      | 390    | 21      | 393    |

(1) Inscritas no ISMN

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

## 4.5.9.

## Espectadores e recadación nas artes escénicas en Galicia e España 2020-21

|                          |                     | 2021    |         | 2020    |         |
|--------------------------|---------------------|---------|---------|---------|---------|
|                          |                     | Galicia | España  | Galicia | España  |
| Representacións          |                     |         |         | 3.353   | 79.431  |
| obras teatrais           |                     | 1.198   | 34.548  | 782     | 24.280  |
| xénero lírico            |                     | 9       | 527     | 7       | 379     |
| danza                    |                     | 42      | 1.534   | 32      | 1.094   |
| concertos música clásica |                     | 804     | 10.370  | 590     | 7.472   |
| concertos música popular |                     | 3.199   | 64.682  | 1.942   | 46.206  |
| Espectadores             |                     |         |         | 518     | 11.660  |
| obras teatrais           |                     | 126     | 5.143   | 106     | 3.132   |
| xénero lírico            | (en miles)          | 3       | 177     | 2       | 95      |
| danza                    |                     | 13      | 410     | 7       | 229     |
| concertos música clásica |                     | 89      | 1.587   | 60      | 1.093   |
| concertos música popular |                     | 580     | 10.595  | 343     | 7.111   |
| Recadación               |                     |         |         | 6.334   | 177.742 |
| obras teatrais           |                     | 1.520   | 95.202  | 1.252   | 59.642  |
| xénero lírico            | (en miles de euros) | 42      | 6.816   | 28      | 3.706   |
| danza                    |                     | 92      | 4.977   | 52      | 2.764   |
| concertos música clásica |                     | 538     | 16.807  | 399     | 12.112  |
| concertos música popular |                     | 7.071   | 116.641 | 4.603   | 99.518  |
| Gasto medio espectador   |                     |         |         |         |         |
| obras teatrais           |                     | 12,1    | 18,5    | 11,8    | 19,0    |
| xénero lírico            | (euros)             | 12,3    | 38,6    | 12,3    | 39,1    |
| danza                    |                     | 7,0     | 12,1    | 7,0     | 12,1    |
| concertos música clásica |                     | 6,1     | 10,6    | 6,6     | 11,1    |
| concertos música popular |                     | 12,2    | 11,0    | 13,4    | 14,0    |

(1) inclúe concertos de música clásica e concertos de música popular

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

## 4.5.10.

musicais en Galicia, aumenta no ano 2021 o número de espazos escénicos e o número de salas de concerto, pasando de 94 a 96 espazos escénicos e de 35 a 62 salas de concertos. Asemade, aumenta en dous o número de festivais de teatro e mantense o número de festivais de danza, contando Galicia con 252 compañías de teatro (nove máis que no ano anterior) e con 82 compañías de danza, o mesmo número que en 2020.

No que ao número de representacións se refire, **cadro 4.5.10.**, despois da forte caída tanto das representacións como do número de espectadores e por tanto da recadación no ano 2020, no ano 2021 prodúcese unha intensa recuperación de todas as variables. En termos globais, as representacións aumentaron un 56,6%, mesma porcentaxe de aumento que o número de espectadores, incrementándose por riba do 46% a recadación.

En termos absolutos, en 2021 representáronse 5.252 obras (1.899 máis que no ano anterior) ás que asistiron 811.000 persoas (293.000 máis que en 2020), o que supón o 4,7% e 4,5% do total estatal, respectivamente. A recadación aumenta ata os 9,3 millóns de euros, 2,9 millóns de euros máis que no ano precedente, o que supón o 3,8% do total en España. 





